As saídas por Ribadeo e Ponferrada teñen tanto tráfico como as autovías

(Páx. 11)

A NOSA TERRA
FUNDADO EN 1907
Nº 1.172
Do 21 ao 27 de abril de 2005
Ano XXVIII - IV Xeira
1,75 euros



Hai sesenta anos, miles de republicanos que fuxiran de Franco conseguiron liberarse tamén de Hitler, pero nunca puideron regresar

A Nosa Terra visita o campo de Ravensbrück

Enric Marco

'Hoxe segue habendo campos de concentración'

(Páx. 14 e 15)

CARME VIDAL

Pablo Iglesias Núñez visitou Ravensbrück, o campo de concentración nazi onde estivo a súa nai, Mercedes Núñez, con motivo do 60 aniversario da súa liberación.

DENTRO DA ILLA
Dolores Ruíz

EDITORIAL GALAXIA

PREMIO BLANCO AMOR 2004. Intensa e subxugante, unha novela escrita na procura das claves da estraña relación entre amor e egoísmo. Un universo no que prevalecen as leis dos sentimentos e das emocións.

SE O ADIANTO ELECTORAL SE CONFIRMA, é unha boa nova para Galiza. Seis meses máis dunha dinámica na que a Xunta estaba máis preocupada pola sobrevivencia política de Fraga, polas loitas intestinas no partido e pola independencia fronte ao PP estatal, que por gobernar, serían unha lousa para Galiza. Non só estaban aparcados os grandes temas, como a reforma estatutaria, senón que o Goberno galego vén de entrar nunha dinámica reivindicativa, de carácter electoralista, fronte ao Estado, que imposibilita a resolución dos verdadeiros problemas. Moitos concellos estaban tamén a ser as vítimas desta competencia electoralista entre o PP e o PSOE. Os resultados en Euskadi e a dinámica de negociación que se pode abrir alí serían unha das razóns que desde Madrid lle deron a Fraga para que adiantase as eleccións. Mais, Galiza debe decidir o seu futuro por si propia e os cidadáns galegos deben recibir unha mensaxe clara do que cada organización lles ofrece.♦

O Vaticano enrócase no conservadorismo

(Páx. 20 e 21)

Perde o Plano Ibarretxe, gaña o Plano Otegui

(Páx. 2 e 3)

Os resultados converten esta lexislatura na da negociación para a fin da ETA

Euskadi pendente de amplos acordos

DANI ÁLVAREZ / BILBAO

Os resultados do 17 de abril deixan moi aberta a configuración do novo goberno vasco. Nada parece claro agás que esta lexislatura parece óptima para encarar, entre todas as forzas, con moita xenerosidade, a pacificación.

Juan José Ibarretxe non obtivo o respaldo que solicitara á sociedade vasca para avanzar e negociar con Madrid sobre o autogoberno. Ese pode ser, pasados uns días, o titular máis axeitado que se debe extraer das eleccións vascas do pasado domingo, 17 de abril. A coalición PNV-EA retrocedeu en catro parlamentarios e perdeu 140.000 votos. O PSE, grazas ao efecto Moncloa/Zapatero, chega aos 18 e sobe en votos. A candidatura da esquerda abertzale, PCTV, colleitou 9 escanos grazas aos 150.000 votos dun sector social que aproveitou esta oportunidade electoral para responstar a un proceso de ilegalización que hoxe, máis que nunca, se amosa absolutamente inútil. En todo o caso, este é o segundo peor resultado da esquerda abertzale na súa historia. O PP, tal e como marcaban todos os inquéritos (aquí foi no único que atinaron), retrocede, pero mantense como unha forza de implantación social ben robusta, con quince escanos. Aínda así, o pau foi duro. Tamén levaron un bon baño de realidade en Ezker Batua, que nas súas mellores previsións contaban con duplicar representación e manteñen os tres que tiñan. E, por último, Aralar entra no Parlamento cunha representante.

O lehendakari Ibarretxe, durante a noite electoral, flanqueado por Josu Jon Imaz e Begoña Errazti. BERRIA · GARA

O Plano Ibarretxe fracasou?

Sesudos analistas de xornais como *La Voz de Galicia* ou *El País* gábanse desde o domingo repetindo que o Plano Ibarretxe (que xa é do parlamento vasco) fracasou nas urnas. Son os mesmos que antes das eleccións aseguraban que estas non ían ser un plecibisto para Ibarretxe. Botemos contas: PNV máis EA suman 29 asentos; o PCTV 9; Aralar 1. 39 votos pola soberanía, aos que se poden engadir os 3 de Ezker Batua, en tanto que forza política favorábel á autodeterminación. Son 42, maioría absoluta de lonxe. PP e PSE son 33. Non ao Plano Ibarretxe? Deámoslle a volta á pregunta: o Plano Ibarretxe é pouco?

Éxito de ZP?

A suba en escanos e votos lograda polos socialistas demostra que, a pouco que se movan, terán o premio do electorado. Nicolás Redondo Terreros, aínda pontificado nos medios de comunicación da dereita española, sacara 13 hai catro anos. José Luis Rodríguez Zapatero vaticinou un "cambio" tres días antes das votacións. Isto é un cambio? Depende por onde se mire: un cambio de goberno non é factíbel, pero está claro que a capacidade de manobra do PNV está hoxe ben reducida, en todos os sentidos. Polo tanto, Zapatero logrou debilitar a Ibarretxe a través das urnas. Hai outro obxectivo solapado que tirou Zapatero: estes resultados non lle obrigan a pactar co PP. Moitos daban por feito que se PP e PSE sumaban os suficientes representantes para gobernar, ese pacto estaría feito. Pero iso é o formulamento simplista de hai catro anos: agora non entra nos planos do presidente español, porque cortaría a vía catalá e suporía un goberno "anti", ao que se veñen opoñendo tanto el como Patxi López. E véxase que é a primeira vez que citamos o candidato vasco, arrastrado nesta suba de votos por un Zapatero que, se non aparecese tanto por aquí en tempo preelectoral, seguramente non tería nin superado o PP. López hoxe ten 18, Jaime Mayor Oreja hai catro anos tirara 19. Todo é relativo.

"É un mal parlamento para gobernar e un bo parlamento para normalizar o país.

Éxito da esquerda abertzale?

Disque anda Otegi tirando fogos estes días polos resultados do PCTV que, en realidade non é o seu, pero é o partido para quen pediu o voto, e co que celebrou os resultados o domingo á noite, aínda que el é de Batasuna. A verdade é que isto que semella tan enleado explicarao algún día o Fiscal xeral do Estado, Cándido Conde-Pumpido, a quen tiñamos por unha persoa progresista. En Euskadi aínda ninguén entende por que se ilegalizou a Aukera Guztiak e o PCTV pasou a peneira (do cal a maioría da poboación se aleda, por outra parte). Son 9 asentos en Vitoria, o que supón dous máis que na anterior lexislatura. En total, 150.000 votos; en comparación con hai catro anos, 7.000 máis. Este dato é importante, na medida en que Batasuna repetía cada pouco que o PNV tiña moitos votos "prestados" da esquerda abertzale. A realidade semella ben diferente, porque se PNV e EA perden 140.000, e o PCTV sobe 7.000 as contas non saen, nin aínda que se engadan os 28.000 de Aralar. Pódese concluír que este repunte independentista se debe a unha resposta anti-ilegalización (en anteriores citas electorais, con candidaturas ilegalizadas, os votos nulos non baixaron nunca de 100.000), que nesta situación é moi importante xa que podemos estar ante o partido chave. Isto non debe ocultar que nestes comicios a esquerda abertzale "oficial" obtivo o segundo peor resultado electoral ha historia. A resposta a

Continúa na páxina seguinte

ANOSA TERRA

Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Xosé Fernández Puga.
Vogais:
Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Añel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.
Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
Deportes: Manuel Pampín.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.
Fin de Semana: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.
Lecer: Xesús Vaamonde Cid.
Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subscripcions@anosaterra.com

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

como xestionarán estes descoñecidos comunistas abertzales os seus escanos é aínda unha incógnita. O PP segue pensando que a Lei de Partidos foi útil.

Que pasou co PNV?

Esta é a gran cuestión, por que perde 140.000 votos nun contexto xeral que apuntaba noutra dirección, e debemos lembrar que ningún inquérito apuntou esta posibilidade. Hai varias hipóteses, pero seguramente a máis probábel é que esta sexa a foto fixa deste país, cando durante catro anos estivemos pensando que era outra. Nas eleccións de Mayor votou un 80% da poboación, algo absolutamente excepcional, agora a participación voltou a parámetros máis normais, dez puntos menos. E iso resta. Hai que reflexionar en que se non houbo fuga de votos na esquerda nacionalista, os se quedaron na casa foron os votantes de centro. É dicir, votaron os mesmos a Ibarretxe hai catro anos, que a Zapatero cando lle gañou a Raxoi. Son todos os que en condicións normais e nunha campaña de perfil baixo coma esta non van votar. Polo tanto, nin o Plano Ibarretxe era un activo electoral tan forte, nin a foto de Ibarretxe ante o Congreso defendéndoo era tan atractiva para o votante medio como algúns pensan.

Falta saber como interpreta o lehendakari estes resultados, e despois se esa interpretación lle gusta a Zapatero. O tripartito saíu tocado do 17 de abril, porque a súa aposta dos pasados catro anos non resultou atractiva para o electorado de centro. Ou, dito doutro xeito, a aposta inmediata do tripartito non era tan inmediata para os cidadáns.

María San Gil, do PP, perdeu catro escaños. BERRIA

Patxi López celebra o ascenso do PSE. ALFREDO ALDAI

E agora que?

Sexa como sexa, as contas non dan entre as alianzas actuais, para formar gobernos estábeis. PNV-EA máis Ezker Batua son 32, poderíase engadir o único escano de Aralar, o que deixaría en 33 esta alianza. 33 son os que xuntan PSE máis PP. O factíbel pode ser comezar a andar cun goberno en minoría que poida ir colleitando pactos puntuais. Pero a ninguén se lle escapa que este vai ser un Parlamento de transición, con un obxectivo fundamental que é o da pacificación e o da normalización política. Aí entran sen dúbida os papeis da ETA e de Zapatero.

E cousa pública que existen contactos desde hai tempo entre o PSOE e a esquerda abertzale. Fálase incluso de que o *laissez faire laissez paser* do goberno español no caso do PCTV ten algo que ver con isto. A ETA afirmou nunha entrevista no xornal *Berria*, en plena campaña, que estaba tratando de negociar coa Moncloa. Só o tempo nos dirá se dan froitos estes movementos. Se os dan, unha vez que o proceso arranque, haberá que convocar novas eleccións, porque Batasuna non pode ficar fóra.

O encontro Zapatero-Ibarretxe dará moitas pistas, e un pronunciamento da ETA sobre os resultados debe andar de camiño. Polo tanto, temos tres procesos paralelos: pacificación, novo modelo de país e gobernabilidade. Non están ligados, pero tampouco se poderán entender uns sen os outros. O PSE ten que demostrar que o seu carreiro vasquista non é unha pose, a esquerda abertzale debe dar pasos polas vías políticas exclusivamente, e Ibarretxe terá que asumir que a súa aposta foi arriscada e erguer o pé do acelerador. Son tres patas para o banco vasco. Se unha quebra, non haberá proceso. É un mal parlamento para gobernar, é un bon parlamento para normalizar o país. É o que pediron os cidadáns, é o que nos deben dar os líderes políticos. ♦

Patxi Zabaleta, secretario xeral de Aralar.

JUAN HERRERO

Candidatos do PCTV, o partido revelación. BERRIA · GARA

Gaña o Plano Anoeta, perde o Plano Ibarretxe

A. EIRÉ

Logo do triunfalismo de María San Gil na noite electoral, os que analizan máis ao xeito os resultados son dos do "núcleo duro" do PP, comezando por José María Aznar. É así porque poden falar máis claro. A súa estratexia é botarlle a culpa de todo a José Luís Rodríguez Zapatero, incluído o reforzamento do nacionalismo en Euskadi. Os demais partidos están acochando as cartas e agardando que os demais movan ficha mentres as negociacións tanto internas como extra-partidarias se van acelerando co paso do tempo.

Semella certo que os comicios vascos supuxeron a defunción definitiva do denominado Plano Ibarretxe. A proposta do candidato do PNV-EA saíu derrotada sen necesidade dun plebiscito popular. A perda de catro deputados, cando se apostaba pola maioría absoluta é indicativo. Os catro deputados son das fileiras peneuvistas.

Ben é certo que se non se chegase a presentar o Partido Comunista de las Tierras Vascas (PCTV), o anterior tripartito encabezado por Ibarretxe, co apoio de Aralar, contaría con maioría absoluta.

Pero que o plano da reforma do Estatuto aprobado polo parlamento vasco (Plano Ibarretxe) fose derrotado, non significa, nin moito menos, como moi ben pon de manifesto Aznar, un retroceso do nacionalismo. Moi ao contrario, a aposta nacionalista sae reforzada.

Fracasou aínda máis que o denominado Plano Ibarretxe a Lei de Partidos. Non só se freou o proceso de desgaste electoral que viña mantendo o denominado Movemento de Liberación Nacional Vasco (MLNV) (conseguiu dous deputados máis e entrou no parlamento por vez primeira Aralar), senón que mudou a correlación de forzas dentro do nacionalismo.

Gaña deste xeito posicións a lóxica expresada por Arnaldo Otegi no chamado Plano Anoeta, velódromo donostiarra onde Batasuna expuxo a súa proposta para lograr a pacificación de Euskadi hai uns meses.

Otegi propuxo un pacto entre nacionalistas e non nacionalistas e unha mesa goberno central-ETA para a entrega das armas e a reinserción dos presos. A idea de HB aproxímase deste xeito á idea de Zapatero, ratificada logo dos comicios vascos. Otegi non quere ser refén dos planos do PNV (por iso non vai apoiar o Plano Ibarretxe) e o PSOE pretende pór en marcha a súa terceira vía: unha reforma pactada do Estatuto.

PNV, PSOE, PCTV, IU e Aralar superan os dous terzos de votos dos que fala Zapatero para aceptar unha nova proposta. Unha proposta que para os socialistas deberá de comezar de cero, pero que terá dúas características: o encaixe de Euskadi no Estado español e o ámbito de decisión vasco. Conxugaranse así ambas as tendencias para lograr unha vía de normalización política.

Vía que xa se comezou a negociar extraoficialmente entre persoas do PSOE e de Batasuna antes das eleccións.

Un PSOE que, desde o goberno central, ten unha evidente capacidade de presión sobre o MLNV. Primeiramente a Audiencia Nacional pode encausar e encadear a Arnaldo Otegi, un dos dous únicos dirixente de Batasuna en liberdade, por ser deputado. Seguidamente pode pechar o xornal *Gara*. O anuncio de que terá que pagar as débedas á Seguridade Social que deixou *Egin* é so un aviso. E aínda pode pór outras medidas en marcha, como ilegalizar o PCTV. Pero, de momento, semella que, déixandoos presentarse, ensaiará a vía da negociación. Os primeiros pasos serán a procura dunha tregua por parte da ETA.

Pero a estratexia da pacificación non é mimética á da gobernabilidade, aínda que van parellas. Conseguir un goberno estábel, semella aínda máis complicado. As razóns son varias, desde a división no PNV á aposta socialista por gobernar en Euskadi, pasando polas pretensións de Batasuna.

Vexamos. Primeiramente, o PNV vai ter que definir internamente se a súa principal aposta é lograr un pacto entre nacionalistas, como defende o sector liderado por Joseba Egibar co apoio de Xabier Arzalluz, ou optar por un acordo cos socialistas, como promove Josu Jon Imaz co apoio de Íñigo Urkullu. As forzas están parellas e os resultados semellan darlle a razón ao sector máis nacionalista.

Entre os biscaíños, que apostan pola transversalidade que ensaiou o ex lehendakari José Antonio Ardanza e os soberanistas, que pretenden unha nova dinámica nacional, atópase Juan José Ibarretxe. Antes máis próximo a Imaz e agora achegándose a Arzalluz.

Se Ibarretxe teima en seguir adiante co seu plano de reforma estatutaria, poderíase ser un lehendakari de transición que aos dous anos lle dese paso a unha nova figura dentro do PNV.

Pero a gobernabilidade non só está en mans do PNV, aínda que o PSOE pretende que poña a primeira ficha na mesa, que para iso sacou a máis alta. A aposta do PSOE é non entrar no goberno, senón propiciar a gobernabilidade do PNV desde fóra e impulsar o proceso de pacificación. Na estratexia coinciden Zapatero e Patxi López. A dirección socialista pensa que, de lograr un novo estatuto e a pacificación, nos próximos comicios poden dar o salto ao goberno, cun lehendakari socialista.

Patxi López considera que se ocupa o posto de vice-lehendakari nunca poderá ocupar a presidencia en Lekua.

Otegi aposta por entrar no goberno. O primeiro problema é que parte do PNV non quere. O segundo é que antes, tanto Batasuna como a ETA, teñen que dar algúns pasos como a declaración dunha tregua indefinida. Osa tempos van ser, se cadra, demasiado curtos tanto para que o PNV defina a súa liña internamente como para que cimente esta alianza nacionalista.

Non esquezamos tampouco que EA, aínda compartindo listas co PNV, vai ter grupo parlamentario propio e aposta por entenderse con Batasuna, por un acordo entre nacionalistas.

Con esta análises o máis probábel é que o PNV procure situar a Ibarretxe na lehendakaritza cun pacto de investidura que permita logo, gobernando con acordos puntuais, darlle paso a un goberno máis estábel froito dun pacto global. Cal sexa o seu signo (mesmo se fala dun posíbel acordo de todos agás o PP) vai marcar o proceso que se comezou cando rachou a fronte constitucionalista. Porque todos, agás o PP, teñen unha palabra na boca: pacificación. ♦

Nº 1.172 ● Do 21 ao 27 de abril de 2005 ● Ano XXVIII

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

E crerán en Deus as que lle pasan todos os días a fregona os mármores do **Vaticano?**

Estaba de moda o termo mestizo, sobre todo nos ámbitos culturais madrileños. Desde que hai tantos inmigrantes xa non se **leva.**

Unha muller de aldea, de 85 anos, ve na televisión a agresión falanxista no acto de presentación dun libro de Carrillo. A vella mira e logo pregunta: E volverá haber **guerra?**

Sobre o caso Leganés e os enfermos terminais: "Parecíame dunha crueldade infinita non deixar morrer en paz a quen estaba definitivamente condenado" (Italo Svevo. *A conciencia de* ***Zeno*****).**

Segue habendo dúas Españas. A que se

Ler en brasileiro

XOSÉ MANUEL SARILLE

Achegarse á lectura en portugués ou brasileiro é unha das mellores maneiras de aproveitar a utilidade do galego para nos abrir ao mundo. Nada mellor que nos poder saltar os atrancos da tradución só pulando unha vella fronteira.

Unha das experiencias máis satisfactorias para calquera lector galego que o sexa de verdade, é o descubrimento do portugués. Aquela primeira vez que tivo necesidade de pensar como é o asunto. Iso acontece cando se fai de adulto a primeira viaxe ao outro lado da vella fronteira e áchase un ante un xornal ou dentro dunha libraría e comproba, sen necesidade de ningunha abstracción, que o que está a ver pode lelo. Talvez necesite dunha lixeira adaptación a varias diferenzas gráficas, pero máis nada. Desde ese día o lector, calquera lector que pasase por esta experiencia, xerarquiza e considera que ten a man, sen esforzo intelectual previo, todo un mundo, e deduce, tamén sen esforzo, que podendo ler en portugués, ou en brasileiro, bobo sería se botase man de calquera tradución, sexa esta para o estándar galego ou para o idioma español.

Igual que calquera consideraría pouco edificante ir ver unha exposición con reproducións de Goya a Pinto ou a Valdemoro, tendo os orixinais no Prado. Cos orixinais e coas traducións sucede o mesmo.

Bobo sería se botase man de calquera tradución, porque outra cousa que aprende axiña un lector, ou unha lectora (non debería de haber que aclarar o da lectora) é que o tradutor é traidor (*traduttóre traditóre* que din os italianos*)*. Quere dicirse que o tradutor mete sempre a man, inevitabelmente, na alma do escrito orixinal, e traizoa a obra de arte, ou o simple comunicado. Mesmo hai quen di que a obra é outra. E xa non digamos na poesía.

Por esta razón, cando ten fillos o lector, se o é de verdade, sexa este escritor, editor, poeta, tradutor, ou traballador dunha factoría, considerando a súa vella experiencia da viaxe a Portugal, deduce e considera que se ao seu fillo lle merca uns libros en portugués, ou en brasileiro, o rapaz vai gañar moito, porque espabila a mente, coñece unha forma de escribir que descoñecía, acércase a uns pobos que deberían ser cercanos e non o son, e ademais acada o meniño un novo útil que recoñece e non sabe que coñece: as variantes portuguesa ou brasileira. E se aínda por riba facemos equivalencias, pois resulta que para ler noutros idiomas precisa anos de esforzo e para esta práctica non. É imposíbel acadar mellores resultados.

Coñezo e recoñezo a intelixencia do intelectual medio galego e podo asegurarlles que a ningún dos que se dedican a estas cousas de linguas, poemas e cousas destas, se lles ocorre ler a Saramago en castellano. Nin traducido ao galego. Por varias causas. Por sentido común, porque aprecian a literatura e en moitos casos teñen sensibilidade, porque os entrados en anos gardan nostalxia da Revolución dos Caraveis e doutros soños, e porque se o artista lector é coñecido, personaxe máis ou menos público, sería semellante que pedise na libraría un Saramago en castellano a que pedise as obras completas do alcalde de Negreira en calquera lingua. Un desastre para o prestixio. Unha rexouba. É así, fáganme caso. Endexamais escoitarán unha discusión na que o editor ou o intelectual galego afirmen que len obras portuguesas en galego, nin que defendan ese proceder.

> **'Q**ue pinta o presidente de Galiza dicindo por aí que, de momento, a xente ten moita preguiza para ler en portugués? Non será que prefire un galego illado, introvertido e con complexo de inferioridade? Non desexará que se convirta nunha peza etnográfica?"

Outra cousa, ai! é que a preguiza do intelectual, do escritor ou do editor, o leve a mercar libros en castellano, de outras orixes, que talvez atopase en portugués se os buscase, os solicitase por correo ou os fose mercar a Braga. Claro que este é outro asunto. E grave. Porque os escritores galegos len, ou lemos, polo que me pode a min tocar, maioritariamente en castellano, provocando, quéirase ou non, un deterioro serio do propio galego, que ademais de contaminarse (algo que ninguén discute tampouco) deixa de enriquecerse como o faría se o autor sometese a súa mente á variante rica e compacta que é o portugués ou á colorida e frondosa que é o brasileiro.

Que é unha exposición de Goya? Un lugar para ir de excursión mentres se comen millos nun cazo ou unha experiencia cultural das máis serias? Que é a lectura, de igual xeito? Un substituto da tele ou unha práctica que se debe promocionar facéndoa óptima? Se son as segundas afirmacións as verdadeiras, que pinta daquela o presidente de Galiza dicindo por aí que de momento a xente ten moita preguiza para ler en portugués? Non será que prefire un galego illado, introvertido e con complexo de inferioridade? Non desexará que sexa unha peza etnográfica curiosa? É imposíbel saber de onde tirou semellante información, do da preguiza, porque o problema é outro.

O problema é que o portugués e o brasileiro viven completamente afastados da nosa sociedade, tanto que resulta inquietante, porque di pouco da apertura ao mundo, da ruptura da vella fronteira e e do ideal de modernidade que por aí se profesa. Noutras palabras, é unha situación de atraso puro e duro.

Enténdase ben este artigo. Non pretende atacar a ninguén e menos a lóxica da ganancia editorial, que é normal e necesaria. Preténdese simplemente debater, e que se considere que a promoción da lectura en brasileiro e en portugués, nas aulas e nas bibliotecas, só pode enriquecer, abrir as mentes e axudar tamén ao prestixio do idioma galego.

E pretende tamén este artigo convidar as editoras a que varíen a súa liña de traballo e non caian nesa práctica absurda de traducir para o galego obras portuguesas e brasileiras. Que ademais obriga aos editores a vivir unha dupla vida dialéctica. E cando fan iso semellan ser simples comerciantes, aínda que a un lle conste que iso case nunca é así.♦

XOSÉ MANUEL SARILLE é un dos responsábeis de Candeia Editora, que vén de publicar en Galiza, no orixinal brasileiro, *Vozes do Deserto,* de Nélida Piñón. Traballa na constitución da *Fundación Vía Galego.*

Cartas

Beiras e Francisco Rodríguez

Admito que, como lles estará a acontecer a moitísimos votantes do Bloque, estou desconcertado. Non comprendo por que Beiras se dedica a facer unhas declaracións aos medios de comunicación que lle están a causar un dano tremendo ao BNG. Porque, se Beiras cre que a UPG está a levar o Bloque por un camiño equivocado, penso que hai outras maneiras de intentar que non sexa así. Eu son dos que pensan que a UPG lle dá moito ao Bloque, e tamén son consciente de que hai xente que está a descualificar a UPG coa única intención de lle facer dano ao Bloque. Pero tamén coincido con Beiras en que Francisco Rodríguez, o dirixente da UPG, lle está a facer un enorme dano ao Bloque. Acabo de ler unhas declaracións súas nas que aposta abertamente por un goberno do PNV co PCTV. E eu pregúntome: que necesidade ten o BNG de darlles argumentos aos demais partidos para que o "machaquen"? Por que apostar abertamente por un goberno do PNV cos herdeiros de Batasuna? Penso que con esas declaracións, Rodríguez estalle facendo moito dano ao Bloque.

Desde a humildade e o gran respecto que sinto por Beiras e Rodríguez, penso que ambos os dous deberían deixar traballar a Quintana. Penso que Beiras debería criticar, dentro do Bloque, o que vexa que vai mal. E penso que Rodríguez debería intentar agochar o seu profundo radicalismo renunciando a facer declaracións que en nada axudan ao Bloque.♦

DANIEL ÁLVAREZ IGLESIAS

90.000 euros para a gaita?

Con respecto á recente aprobacion do convenio suscrito entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación "Banda de Gaitas Provincia de Pontevedra" a Asociación de Gaiteiros Galegos quere manifestar:

Nós sempre seremos os primeiros en gabar calquera iniciativa que se tome desde as institucións públicas encamiñadas a facilitar e apoiar o ensino da música tradicional, sempre e cando, sexan levadas a cabo de xeito transparente e cun proceso de selección público, con garantías e publicidade. O convenio suscrito entre a Deputación e esa asociación foi aprobado no pleno do 14 de febreiro de 2005, fóra da orde do día, e previa declaración de urxencia. Non cremos que este sexa o camiño axeitado para destinar unha partida de 90.000 euros no ensino da música tradicional, ademais de amosar un amplio descoñecemento da realidade cultural da provincia.

Que con este acordo se contempla a creación de catro escolas de gaitas nas bisbarras de Pontevedra, Vigo, O Salnés e O Deza, aínda que, o que en principio ían ser catro, xa nos anuncian que serán cinco, co que supomos que a cantidade de cartos incrementarase sen control (á última hora haberá unha máis en Cangas). Estas escolas pretenden seguir o modelo das da Deputación de Ourense, en canto á utilización de instrumentos que, máis que galegos, son do tipo dos utilizados en Escocia: gaitas con tres roncos colocados verticalmente e percusións de alta tensión.

A formación e os métodos de ensino que se desprenden da documentación presentada á Deputa-

Do menos malo ou do auto-odio en Vigo

XABIER PÉREZ IGREXAS

As tensións políticas non deberían atrancar o avance de Vigo como metrópole moderna e capaz de medrar dun xeito sustentábel.

Relembrar permanentemente a relevancia que a cidade de Vigo ten para o conxunto do país e mesmo do Estado, cun papel destacado en diferentes sectores tamén no plano internacional, xa soa a cantinela reiterativa que coido parte máis da necesidade de autoconvencerse que dun exercicio de pedagoxía. Vigo é, per se, a principal urbe galega, case que unha das capitais do noroeste peninsular, e xunto con norde de Portugal un eixo de referencia europeo que moito hai que desenvolver. Alberga o principal núcleo poboacional de Galiza, dá máis das tres cuartas partes do PIB galego e é o motor industrial e de servizos do noso país. Pero unha cidade é mais ca un espazo xeográfico no que conflúen actividades económico-produtivas, é un espazo de desenvolvemento vital, de desenvolvemento persoal, humano.

Vigo debe medrar, debe avanzar e ampliar a súa proxección como metrópole atlántica na que deben converxer co maior grao de harmonía a potencia económica dunha cidade industrial e unha cidade habitábel, humanizada, mellor dotada de servizos, e que garanta os maiores niveis de benestar para a veciñanza. Ese será o Vigo de futuro polo que a meirande parte da cidadanía aposta, e polo que por unha vez parecen converxer os principais axentes sociais, mais non todas as forzas políticas; algunhas esquecen a vocación e o servizo de cidade relegándoos a un plano secundario fronte ao tacticismo.

A cidade ten notorios déficits, sobre todo no relativo a infraestruturas, loxística e instalacións, ademais de dotacións de servizos. A conexión co Porto Seco de Salvaterra, un verdeiro AVE, a re-ordenación do litoral (non para asoballar a ría, principal activo da cidade, senón para harmonizar as necesidades dunha urbe portuaria co respecto escrupuloso ao medio ambente), a ampliación de Peinador, o cuarto centro hospitalario para Vigo e área metropolitana, a supresión da peaxe, a propria área metropolitana, a Axencia de Pesca, ou o tan soado auditorio, son algúns poucos exemplos de proxectos imprescindíbeis para a cidade pero que se adían permanentemente por falta de vontade política.

O Estado ten unha débeda histórica con Galiza, xa que logo tamén con Vigo como principal cidade galega. Vigo ten medrado en boa parte grazas ao traballo da súa cidadania e ao afán investidor foráneo; coma un adolescente emancipado, a cidade olívica superou o inadmisíbel esquecemento institucional e a marxinación orzamentaria á que permanentemente o Estado e a Xunta a someteron. Pero hai carencias que non se poden suplir só con boa vontade, é imprescindíbel que Estado e Xunta se comprometan coa cidade, e que concreten eses compromisos con partidas concretas que financien proxectos concretos con prazos concretos. É iso o que se debe esixir.

É o que debe esixir tamén o propio Concello de Vigo, destacadamente desde a súa alcaldía, pero non para empregar a defensa dos intereses da cidade como arma electoral, segundo quen ocupe a Xunta ou o goberno do Estado, deformando reclamacións lóxicas e razoábeis en choromiqueos inconcretos que nos restan peso negociador. A cidade anda, é certo, porque a estas alturas a cidade andaría case que practicamente soa, pero anda lento e mal, e a inercia non é movemento, cando menos non o movemento que Vigo precisa.

Volven soar agora con forza as voces que reclaman un cambio político, pero non por un inconsistente "quítate ti para poñerme eu", non para un mero intercambio de cadeiras, senón para cambiar a inercia por movemento. O actual goberno municipal demostra a súa incapacidade para liderar a cidade, para actuar con decisión en temas de "cidade", á marxe de diferenzas partidarias, porque fica atado ao tacticismo do PP galego cara ás autonómicas e carece dun mínimo programa politico que sustente a súa inexistente visión de cidade. Un terceiro ocupante da alcaldía ou un cuarto goberno municipal é certo que poderían semellar desnortados, pero o que hoxe se sinala como "o menos malo", nin o é nin só terá custos a curto prazo, e Vigo xa perdeu demasiados anos (mesmo con gobernos de maioría absoluta, absolutamente inoperantes), como para conformarnos coa paz e a tranquilidade da ineficacia, que son as maneiras sutís do auto-odio vigués. ♦

www.contradiscurso.tk/

> **'É** imprescindíbel que Estado e Xunta se comprometan coa cidade, e financien proxectos concretos con prazos concretos"

XABIER PÉREZ IGREXAS foi secretario xeral dos Comités Abertos de Estudantes (CAE) e membro da dirección nacional de Galiza Nova.

Xosé Lois

Correo electrónico: info@anosaterra.com

ción para a aprobación deste convenio, son parciais, distan moito de ser os idóneos para a asimilación correcta da técnica tradicional e perseguen a aliñación e uniformidade do alumnado nunha banda marcial e militar de estilo escocés.

A actividade musical tradicional na provincia de Pontevedra é un referente desde hai moitos anos en canto ao ensino regrado da música. Podemos afirmar que calquera persoa da provincia, sen ningún tipo de limitacións, pode acceder ao ensino da nosa música tradicional. A riqueza de matices e visións que dan as numerosas agrupacións desaconsellan gastar estes cartos nunha única agrupación, e cremos que sería de máis proveito apoiar as iniciativas existentes, que veñen traballando dende hai moitos. ♦

SANTIAGO CANEIRO
PRESIDENTE DA AGG

Mariano Vidal: 'in memoriam'

Son moitos anos de camaradaxe e de convivio político e humano con Mariano Vidal. Foron moitas, tantas!, as ocasións en que nos encontramos por toda a nación. Tantos os actos políticos, os mitins, en Ribeira, en calquer outro lugar do Barbanza, en Santiago de Compostela, en terras de Lugo, como hai ben poucas datas, na homenaxe ao noso Manuel María... Non é o meu costume gabar a xente cando xa non a temos entre nós. Máis ben me obsesiona o contrario: homenaxear a xente en vida, cando ela, a homenaxe, poda ser sentida e agradecida pola persoa correspondente, única maneira de non cairmos na tan repetida falta de falarmos de nós mesmos... Mais a gadaña invisíbel pode moito máis do que todos nós e, agora, o único que cabe é chorar a morte dun compañeiro exemplar, que tanto e tan ben fixo por todos os seus paisanos e paisanas de Ribeira, portanto de toda a Galiza, que tan dignamente representou o nacionalismo no ensino, no Concello, en todos cantos lugares actuou... E permítanme unha confisión persoal: era Mariano Vidal a antítese positiva dun defeito ben galego, que aínda temos que erradicar: o desafecto por nós mesmos, síntoma dun escepticismo que a nada bon conduce. Mariano foi sempre o compañeiro xeneroso, entusiasta, recoñecedor do valor do que estabamos a difundir: a autoestima colectiva, a seguranza na auto-organización, a necesidade do nacionalismo como expresión política indispensábel de povo tan necesitado de representación... Pídovos, Domi, Manel, que transmitades a todas as compañeiras e compañeiros de Ribeira e do Barbanza, por serdes quen máis perto del estivestes, o meu pesar por perdermos camarada e persoa tan valiosa e tan humana. Cando as augas baixan non limpas (e non por volvelas o cervo do monte, senón por intereses ben máis artificiais...), doi máis a perda dun compañeiro como Mariano Vidal e, ao mesmo tempo, obríganos aos que aquí ficamos a seguirmos o seu exemplo e a non atraizoarmos tanto traballo por el realizado en máis de trinta anos de prática escolar, cultural, política. Mariano, até sempre. ♦

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

educou con Cervantes e a que se educou con Ibáñez. Xa saben, o creador de Mortadelo e Filemón, un dúo como o Quixote e Sancho Panza, pero máis moderno. Os disfraces de Mortadelo xa teñen merecido varias teses e a súa axencia de detectives podería ser considerada un trasunto contemporáneo das novelas de **cabaleirías.**

Cae un edificio en Vigo. Non se sabe como o arquitecto Martín Curty ten tempo para tantas obras como asina (medio PERI de Hispanidade, media rúa Rosalía de Castro...). Agora cáelle unha casa. Por sorte non houbo **mortes.**

Beiras critica a UPG (*El País,* 17 de abril), mais desta volta sen citar a Camus, senón a outro clásico: Darth Vader, o poder escuro (A Guerra das **Galaxias).**

Bush xa ten compañeiro: Ratzinger Z. O novo Papa é unha persoa instruída: foi das Xuventudes **Hitlerianas.** ♦

Nº 1.172 ● Do 21 ao 27 de abril de 2005 ● Ano XXVIII

Preludio

BIEITO IGLESIAS

Parece lóxico e ben traído que a imprensa adicta –esta casa– poña surdina ao estouro desa porta batida por Beiras en retirada, visto que de amplificar o ruído xa se encargan os outros medios. Porén, a verdade non ten máis que un camiño ("A verdade é sempre revolucionaria", piabamos en tempos leninistas), un vieiro que posiblemente conduza á barronca. Porque a renovación dos cargos e cadros do BNG era urxente, sob pena de fosilización; pero nin Beiras nin Nogueira supuñan un estorbo, sobraban en troques case tódolos demais. As crezas ou renovos que usurpan o lugar dos preteridos teñen o mérito indubitable de naceren máis serodios; ora ben, a idade non debería ser o único criterio da muda (Camilo e Xosé Manuel aínda están pra romper moitas chancas), antes habería que considerar a excelencia e acometer un limpeiro de cacholás, cimprós e lapaxardas. Cumpría recolocar a suxeitos que ocupan escano de deputado cando darían un pasable conserxe do Parlamento, por safar da conxura dos necios e do orgullo do medíocre, que ollece no esterco do rancor. Certo asistente aos penúltimos rounds do Bloque confidencia abalado: "Hai xente aí que resuda odio". No *ex líder histórico* odian o duende do singular. Talvez subestiman os icones mediáticos. ¡Coidadiño!, a sociedade espectacular cría epidemias –anorexia– e beatifica papas sectarios. Non sexa o demo que a ausencia do *pianista* xibarice o nacionalismo e pexe a alternancia na Xunta. Claro que indignou a varios comparando o partido coa granxa orwelliana e aos seus dirixentes cos marraos mandarinetes. Un meu amigo incomodouse de raio pois pensa que, con tal símile, Beiras difamou aos porcos.♦

EN POLEIRO ALLEO

Nogueira e o plano ***Ibarretxe***

Camilo Nogueira, foi entrevistado o pasado domingo, 17 de abril, por *Faro de Vigo*. "Non quedei nada satisfeito –afirma o líder nacionalista– co debate do Plano Ibarretxe no Congreso. Foi dunha altura extraordinaria, Carrillo dixo que o mellor da democracia, porque alí falouse dun problema do que depende dalgunha forma o futuro de España, ao que se lle pode dar unha solución positiva e enriquecedora, mesmo exemplar para outros países que teñen tamén un problema plurinacional, e naquel debate a intervención do nacionalismo galego non estivo á altura dos demais".♦

Beiras *defende a* ***dignidade***

"O Bloque vai cara terra de ninguén", afirma nunha entrevista ao diario *El País* (17 de abril) Xosé Manuel Beiras. "Os que respiran hoxe tranquilos son os dirixentes do PP", comenta a xornalista. O portavoz parlamentario do BNG responde: "Dese perigo eu fun consciente até o final (...). Na última fase retíñame a reflexión de que aínda que eu estou abocado a irme, se quero manter a miña dignidade persoal, se o fago, podo contribuír a que esa posibilidade dun goberno de progreso se poida frustrar (...). Pero eu non podo ser cómplice do erro".♦

Manuel Soto, concelleiro do PG en Vigo.

Mariño *e o Plano Xeral*

O ex alcalde de Vigo e hoxe concelleiro do PG, **Manuel Soto**, xulga que "Pérez Mariño tenta manipular a xente contra do Plano Xeral". Soto comenta tamén que Mariño "xa saira do Parlamento [español] como saíu, descualificando a todos os socialistas. Simplemente, segue a exercer de Ventura. Está nunha deriva, porque el pensaba gobernar co Bloque porque pensaba impoñerlle os seus criterios. O mao é que exclúe os dos demais. É un soberbio da política e pensa que ten a única verdade. Por iso está aillado" (*Faro de Vigo*, 19 de abril).♦

COUSAS DE ESPAÑA

ROI CAGIAO

Santiago

Carballos e castiñeiros para o Pedroso

XAVIER LÓPEZ

A Xunta vén de presentar un ambicioso proxecto ambiental que tentará converter o Pedroso nun bosque autóctono. Un bo xeito de saír da cidade sen perdela de vista.

Nun futuro próximo, os compostelláns poderemos buscar sombras autóctonas no monte Pedroso, poderemos ampararnos do sol sen caer debaixo de piñeiros ou eucaliptos. Así será se segue adiante e chega a bo remate o plan de actuación integral impulsado pola Consellaría de Medio Ambiente, e se os lumes respectan os cambios.

Benvida sexa a iniciativa de potenciación de mellores usos recreativos do Pedroso, o monte de Compostela. Logo da interesante actuación do Concello na Granxa do Xesto, os amigos de algo máis ca un parque urbano terán outro espazo amplo, máis amplo, disporán en Santiago dun lombeiro de verdade para facerse a ilusión de andar polo rural sen perder de vista a catedral e os tellados da cidade.

Ordenar de maneira máis racional e sostible a masa arbórea do Pedroso é un dos obxectivos buscados pola Xunta, así como amañar este emblemático contorno natural para convertelo nun espazo natural aínda máis axeitado para o desenvolvemento de actividades de lecer por novos e menos novos.

As previsións apuntan alto, a facer sitio para carballos e castiñeiros non só erradicando piñeiros e eucaliptos senón tamén buscando a progresiva eliminación da acacia negra, que estaba amosando unha excesiva capacidade de propagación polo Pedroso, con consecuencias directas na eliminación de espazo apto para o gozo normal polos paseantes.

A Consellaría de Medio Ambiente quere, ademais, poñerlle música á paisaxe, porque tamén aposta por promover o asentamento de paxaros e por favorecer a produción de cogomelos mediante técnicas innovadoras baseadas na inoculación de fungos nos pés das árbores.

Para humanizar as cidades non abonda con enterrar os automóbiles nos aparcadoiros subterráneos. Unha boa medida tamén pode ser a de sacar os cidadáns a ver o monte, a escoitar os paxaros e, se cadra, voltar cun saquete de cogomelos para a comida. Tamén quedará máis sitio para os que teimen en pasear pola cidade. Todos contentos.♦

★

Mariano Vidal Rial

Secretario Político da UPG na Barbanza,
membro do Comité Central.
Faleceu en Ribeira o 17 de abril de 2005.
Os teus camaradas non te esquecen.
A loita continúa!

UPG
UNIÓN DO POVO GALEGO

O herdeiro de Wojtyla

X.L. FRANCO GRANDE

¿Ea min que me vai nin me vén se o sucesor de Karol Wojtyla me cae aínda peor que este? Pero o certo é que ten moita importancia quen sexa ese sucesor. Pode ser unha persoa de influencia no mundo enteiro, e o alemán vaino ser. Xusto por iso non é o mesmo que o sucesor sexa un ou outro. E que o sexa Ratzinger penso que non será bo para ninguén. Por máis que George Bush, e outros, se sintan felices de ter no Vaticano un afín co que non será difícil o entendemento.

En primeiro termo, paréceme que vai ser tan pouco cristián coma Wojtyla, pois, como é sabido, este bebeu na fontela dogmática do seu garda da fe. Non parece que vaia facer cambios ideolóxicos. Por iso, é de agardar que os problemas fundamentais da sociedade de hoxe non lle merezan un tratamento distinto do que xa nos é coñecido. É máis, dáme a impresión de que os entende aínda menos ca o seu antecesor polaco.

¿Que vai ser para el unha prioridade asegurar, na sociedade europea, a relixión católica? Pois si que cómpre ousadía para tal cousa cando se pensa que a Ilustración ou o laicismo son os grandes inimigos do ser humano e non o principio da súa liberación, da conquista da súa dignidade individual e da súa autonomía, ou sexa, da súa liberdade de decidir. Isto, claro é, é o máis perigoso para os que, coma el, refugan a Ilustración. Porque prefiren que o ser humano siga sometido á súa tutela.

A súa posible influencia mundial pode chegar a ser negativa: en Europa vaino ter moi difícil; e no terceiro mundo, se a súas ideas sobre a sexualidade e a prevención da sida van ser tan anticuadas coma as de Wojtyla, sucederá o que xa está sucedendo: que outras confesións relixiosas seguirán gañando terreo. ¿Onde, entón, pode triunfar? Case seguro que entre as moi diferentes seitas que hoxe buligan aquí e acolá. O que non semella moi risoño porvir, pois ben podería recuar a unha verdadeira marxinalidade.

Pola contra, non poderemos agardar del que poña o peso da súa autoridade moral ao servizo de valores cristiáns que teñen importancia na sociedade de hoxe: non vai condenar a tortura, nin os países que exerciten ataques preventivos contra terceiros, nada fará pola dignidade da muller e, coma Salazar, dirá que "*a pobreza é um bem de Deus*". Esa é a cuestión: que non vai ser bo para ninguén.♦

O Consello Nacional céntrase nas eleccións

A máquina do BNG non agarda por Beiras

A. EIRÉ

"O BNG ten as portas abertas a todo o mundo pero non agarda por ninguén". Con estas palabras explicaba Anxo Quintana a decisión do Consello Nacional que tratou a dimisión de Beiras como seu presidente. Os nacionalistas dan a crise por pechada e deciden centrarse na campaña elctoral.

Membros da executiva na última reunión do Consello Nacional. OTTO / AGN

Xosé Manuel Beiras non participou o 17 de abril no Consello Nacional que o BNG celebrou para tratar da súa renuncia a presidilo. Pero si estivo moi presente. A entrevista que esa mañá publicaba o xornal *El País* foi recibida pola maioría dos participantes como todo un "ataque á organización". Os máis próximos recoñecían que "se pasou".

A frase escollida polo xornal para titular aparecía como reveladora: "O Bloque vai cara terra de ninguén". Tamén criticaba directamente ao candidato nacionalista á Xunta, Anxo Quintana, e arremetía unha vez máis contra a UPG, cualificándoa de "poder escuro que só representa o 12% da organización".

Explica publicamente Beiras, por vez primeira nesa entrevista, a súa análise de por que no BNG deciden que non debe de ser candidato de novo: "A UPG sabía que eu non era controlábel se chegaba a presidente da Xunta".

Esta explicación de Beiras foi percibida no Consello Nacional como a declaración de intencións de que se el saíse electo presidente, non só confeccionaría un goberno ao seu xeito, senón que "prescindiría dos criterios da organización á hora de gobernar".

Logo dos reiterados ataques á UPG, o ex presidente do Consello Nacional tamén afirma que non é "capaz de predicir o que pretende" este partido, "pero non creo que pretendan levar o BNG á marxinalidade".

Beiras tamén recoñece que este conflito, aos poucos meses das eleccións, "pode ser decisivo para frustrar un goberno de progreso", pero considera que, aínda así, non debe ser "cómplice do erro". Tamén deixaba claro que non pretendía provocar ningunha escisión no nacionalismo e que vai seguir defendendo a súa postura como membro do Consello Nacional.

Pechar filas

Con este clima e coa idea na mente de todos de "pasar páxina canto antes", comezaba o Consello Nacional máis breve da historia do BNG. En menos de 40 minutos tomaban "razón da renuncia de Xosé Manuel Beiras como presidente". "Lamentaban a decisión" e "respectábana". Reunión de trámite. Decisión previsíbel.

Malia o evidente enfado que reinaba polas declaracións de Beiras, voltaban realizarlle un chamamento para que "contribúa ao cambio galego que o país necesita".

Primeiramente, Anxo Quintana, que até a nova Asemblea Nacional presidirá tamén as reunións do Consello Nacional (é previsíbel que o cargo de presidente se suprima pois foi creado expresamente para Beiras), realizou unha petición a todos os presentes a "pasar páxina e centrarse nos obxectivos políticos que temos por diante".

Neste senso, foi significativa a súa frase: "o BNG ten as portas abertas a todo o mundo, pero non vai agardar por ninguén". Unha mensaxe clara dirixida a Xosé Manuel Beiras.

Un Beiras que tomou unha decisión persoal, segundo poñen de manifesto tanto os representantes dos grupos políticos integrantes do BNG como moitos dos seus máis directos colaboradores, é que terá que aclarar cal vai ser o seu papel de aquí en diante.

A súa inclusión nas listas semella practicamente descartada. Así, dúas son as principais incógnitas: a de se vai participar na campaña electoral e a de se vai continuar as críticas públicas a organización.

O problema é que, nesta ocasión, ao contrario das anteriores ocasións nas que abandonara temporalmente na práctica a dirección, agora, ao ser públicas as críticas a Quitana, a dificultade para tender pontes resultará tamén maior.♦

A campaña en marcha

No BNG afirman que aínda co contratempo da renuncia de Xosé Manuel Beiras teñen a "maquinaria de campaña en marcha". "O proxecto de programa está practicamente rematado", afirman desde a Executiva, organismo que, desde a renuncia de Beiras, semella tomar pulo fronte ao Comité de Dirección que viña marcando a política do BNG no día a día.

Este "borrador" de programa será sometido logo "ao diálogo coa sociedade" para recibir non só unha "orientación de cales son as demandas dos galegos, senón para que estes participen tamén coas súas propostas no cambio e deseñen o futuro que queren e se impliquen na resolución dos problemas". "Queremos unha sociedade involucrada e participativa, non só agora, senón tamén cando cheguemos ao goberno", afirma Francisco Jorquera, coordinador da Executiva.

Con estas contribucións, o BNG redactará o seu programa de goberno definitivo. Os nacionalistas poñen como exemplo de apertura e de diálogo coa sociedade a redacción do anteproxecto de Estatuto, no que participaron os especialistas máis diversos, "exemplo de que as acusación de dirixismo quedan sen ningún fundamento", indican desde a dirección nacionalista.

Os nacionalistas tamén din estar preparados para un adianto electoral. De producirse, o anuncio tería que realizarse esta semana, a fin de que os comicios poidesen adiantarse ás vacacións de verán. Nese caso, o BNG darialle prioridade ao peche das candidaturas. A Executiva quedou facultada para marcar o ritmo e presentalas antes do mes de xullo.

De momento o BNG ten programada unha ofensiva para "denunciar a demagoxia, tanto do PP coma do PSOE, que mudan os seus papeis segundo quen estea no Goberno central, pero que seguen marxinando a Galiza". Os nacionalistas van convocar para o 30 de abril un grande acto público en Compostela no que denunciarán "a marxinación do noso país".♦

O rexedor de Crecente e o fillo xulgados por axudar a pedir o voto por correo

O alcalde altruísta

H. VIXANDE

Que desasistidos estarían os discapacitados psíquicos de Crecente se o alcalde e o seu fillo non se preocupasen por eles e non lles axudasen a votar por correo! Con todo, por un exercicio de altruísmo como este, os dous Xulio César García-Luengo –pai e fillo– foron xulgados por manipulación do voto por correo.

Xulio César García-Luengo. P.V.

Non queda xustiza no mundo. Xa, nin se pode axudar os veciños. Eis a liña argumental da defensa do alcalde de Crecente (PP) e o seu fillo, acusados de carretar votos por correo. As vítimas do seu auxilio eran anciáns con demencia senil, alzhéimer e oligofrenia, entre outras, e discapacitados psíquicos. Uns e outros estaban internados nun fogar da terceira idade que hai no concello e nunha residencia de discapacitados psíquicos do municipio, de carácter relixiosa pero con persoal civil.

Maio de 1999, o alcalde de Crecente e o seu fillo decidiron facer un alto no marasmo da campaña electoral das municipais para demostrar o seu amor á humanidade. Pouco lles importou restarlle tempo á procura de votos entre os veciños, porque o que desexaban por enriba de todo era garantirlle aos anciáns e diminuídos psíquicos do concello o sagrado dereito ao voto: secreto, libre e directo, por suposto.

Eles admiten a súa boa acción, aínda que durante o xuízo celebrado o trece de abril en Pontevedra, a maioría das testemuñas dixeron ignorar cales eran as dúas persoas que acompañaban os anciáns. A perda da memoria está moi arraigada en Crecente cando hai algunha relación co alcalde.

Tanto o rexedor como o seu fillo afirmaron que descoñecían a incapacidade de discernimento das persoas ás que levaron a votar e indicaron que participaron na acción porque así llo pediran elas. Só unha voz deste mundo e outra de ultratumba contradín esta versión. A primeira delas, unha empregada da residencia da terceira idade, admitiu que cando foron levar a correos os anciáns non pasaran antes polo concello a pedirlles axuda ao alcalde e o fillo, daquelas tenente de alcalde. A outra voz, a de ultratumba, indicou desde este mundo que o alcalde lle obrigara a poñer o dedo como sinatura para pedir o voto por correo. García-Luengo pai dixo durante o xuízo que era para unha solicitude dunha pensión; a testemuña nada puido dicir durante a vista, hai anos que faleceu.

Acusacións

A fiscalía non acusa de nada ao alcalde de Crecente, pero si o fai a acusación particular da Unión do Condado Paradanta, que reclama oito anos de cárcere contra el e inhabilitación para cargo público por delito electoral. Para o fillo do alcalde, o fiscal pide seis meses e a acusación particular oito anos.

Mentres contra o alcalde as probas non son decisivas e as testemuñas desapareceron, contra o fillo hai moitos indicios. A súa letra aparece repetida por todos lados e admitiu a súa participación nos feitos.

Ademais, o caso podería abrir novos litixios. Unha testemuña podería ser acusada de falso testemuño porque as súas manifestacións foron incoherentes en todo momento.

Este caso saltou á luz pública cando o BNG pediu que se comprobase o voto por correo que apareceu nos comicios municipais. A sorpresa era que a maioría das solicitudes eran coa mesma letra. A Unión do Condado Paradanta sumouse á acusación. Esta organización representa un sector escindido do PP que en Crecente non retornou a este partido, despois do entendemento en Ponteareas entre o ex alcalde Xosé Castro e os *populares*.

En calquera caso, aínda que os arredor de cen votos por correo irregulares fosen inválidos, o PP non tería problemas para revalidar a súa maioría. Cun censo electoral de 2.700 persoas, o PP conseguiu oito dos once concelleiros, a Unión do Condado Paradanta dous e o BNG un. ♦

Vigo

O dilema de Teis

XOSÉ MANUEL AÑEL

O barrio de Teis caracterízase por acometer calquera relación coas administracións mediante a mobilización. A alcaldesa deberá decidir se impón o Plano Xeral de Urbanismo ou deixa a un lado o que lle toca a Guixar.

Calquera sistema democrático que funcione cun mínimo rigor cumpre a máxima de levar ao goberno as persoas ou colectivos que desexa a maioría dos cidadáns. A lóxica do pensamento democrático cundúcenos a admitir como válido tamén o razoamento de que os representantes electos están obrigados a plasmar nas súas actuacións a vontade da maioría que delegou neles para o seu goberno. Porén, hai situacións nas que cabe discutir a categoría de axioma deste presuposto ou ao menos aceptalo con matizacións. Abandonemos o terreo etereo da filosofía e fixémonos na realidade política de Vigo. Falemos de Teis.

A maioría da corporación municipal, a maioría dos representantes electos dos vigueses, aproba inicialmente o Plano Xeral de Ordenación Municipal. O documento inclúe entroutras múltiplas propostas a de abordar unha renovación radical da trama urbana do barrio de Teis. Porén, os colectivos desa área da cidade, secundados por milleiros de veciños afectados, rexeitan o proxecto. Que saída suxire para un conflicto coma este o manual da democracia?

Ten lexitimidade a maioría da corporación para impoñer un planeamento urbanístico como o ideado para Teis? Sen dúbida ten capacidade legal, pero máis cuestionábel é que posúa autoridade moral para impoñerse aos desexos dos directamente afectados. Cambiemos de enfoque. Pode un colectivo dun espazo xeográfico moi concreto vetar un modelo urbanístico que goza do apoio da maioría dos vigueses? Podemos formular a pregunta de tan diversas maneiras como confusión queiramos introducir no debate. É o proxecto artellado para Guixar o que defende a meirande parte dos vigueses? Ten dereito un colectivo a impoñer os seus intereses particulares ao conxunto dos cidadáns? Sigamos por este camiño. As asociacións de Teis representan realmente o sentir da maioría dos habitantes do barrio? Están os veciños de Guixar cabalmente informados do proxecto recollido no Plano Xeral? Quizais vostede lector teña resposta para estas preguntas, pero estou seguro de que a todas as contestacións poderiamos inserirlle matizacións que lles abrirían paso ás dúbidas. Ao cabo concluiriamos que é case imposíbel determinar se a maioría apoia a proposta e se o fai cun coñecemento real do seu contido e das consecuencias da súa aplicación. Logo haberá que atender ás regras formais da nosa democracia: a metade máis un dos corporativos ten absoluta lexitimidade para levar adiante os seus propósitos.

Ante un problema destas características calquera político avezado optaría pola opción da prudencia e o camiño do diálogo. Normalmente esa é a senda máis segura para avanzar sen risco de tropezar, pero cando falamos de Teis a palabra normal é de imposíbel aplicación. Teis é un barrio peculiar, cunha idiosincrasia particular e un historial de rebeldía ante os poderes públicos inzado de admirábeis demostracións de solidariedade e louvábeis exemplos de loita ante a inxustiza, pero que tamén proporcionou episodios de violencia inxustificábel e oposición irracional que condenaron a esta área da cidade a un manifesto atraso respecto a outras zonas de Vigo. Máis ca en ningún outro lugar da cidade, en Teis os veciños perciben a administración como un inimigo ao que só se lle poden arrincar concesións pola via da mobilización. Se a ese sentir de discriminación e agravio permanente lle engadimos os discursos demagóxicos que adornan o debate sobre o Plano Xeral de Vigo encontrarémonos cun clima absolutamente hostil a calquera proceso negociador.

Se o conflito de Teis xurdise noutro punto da cidade eu sería optimista sobre a posibilidade de que goberno municipal e veciños acabasen pactando fórmulas para desenvolver o planeamento urbanístico respectando os dereitos dos afectados, satisfacendo os seus intereses particulares e os da maioría dos cidadáns. Neste caso o acordo antóllaseme unha utopía. Que debe facer o goberno, renunciar a transformar o barrio e a cumprir o anceio de moitas persoas que desexan dispor perto das súas casas de zonas verdes, rúas peonais, servizos públicos, elementos de ocio e mellores comunicacións; ou respectar a vontade dun conxunto de afectados que defenden o seu modo de vida e desconfían de calquera proxecto que poda alteralo? É admisíbel que o goberno municipal abdique da súa obriga de mellorar a calidade de vida de Teis polo medo ás protestas? É razoábel deixar en mans exclusivas da iniciativa privada o desenvolvemento dunha zona da cidade que durante décadas viu abortada a súa evolución debido ao seu complexo tecido social? Cómpre imitar neste caso as maneiras do despotismo ilustrado?

Afortunadamente para min, é Corina Porro e non eu quen ten que tomar a decisión. Se opta por renunciar á transformación de Guixar, Teis seguirá ancorado moitos anos nun pasado que o condena a converterse nun barrio marxinal no marco dun Vigo que vai evolucionar con rapidez nos próximos anos. Se decide seguir adiante co proxecto recollido no PXOM estaremos probabelmente abocados a un tempo de conflitividade que deixaría pegada no currículo da alcaldesa. Corro o risco de trabucarme, pero déixenme apostar. A Porro dos sorrisos e as flores acabará gardando o o plano de Guixar no caixón na espera de tempos máis propicios. Pecado de covardía ou lección de sensatez? Sexa como for, durante moitos anos seguiremos vendo camións en Sanjurjo Badía mentres amplas zonas do barrio esmorecen pouco a pouco. ♦

Beiras

XOSÉ M. SARILLE

O alcalde dunha cidade galega decidiu hai uns anos non volver presentarse á reelección, que era moi previsíbel. Entón os seus compañeiros de partido recomendáronlle visitar un psicólogo para *descomprimirse*. Os militantes coñecían a súa maneira apaixonada de vivir a política e as satisfaccións que recibía polas cousas que facía.

Non sei como catalogarán os psicólogos este tipo de procesos, pero estou seguro de que para calquera profesional é un labor de manual tratar e conducir cara á normalidade o político que deixa de ser dirixente. O alcalde ao que me refiro seguiu o consello e que eu saiba somente opinou unha vez sobre o mal que funcionaba o concello desde que el o deixara. Nunca máis comentou nada, e non lles caiba dúbida de que foi máis polas boas artes do retellador que pola pericia política dos seus correlixionarios que agora gobernan.

Ten que resultar moi duro manter o leme durante tantos anos e que de súpeto paren as chamadas, que as opinións propias se devalúen ante os demais, que se convertan en relativas para a prensa, que un mesmo as vexa como fraccionadas e discontinuas, como paus de cego que non cumpren ningunha función e que cando a cumpren sexa para meter a organización en cirios, incomodar os novos dirixentes e desnortar os seguidores. Para que aínda por riba lle resulte frustrante e amargo até ao propio protagonista. Un desastre.

Este cadro repítese na maioría das retiradas. E coa mesma frecuencia aparecen os menos espertos a chamar polo vello dirixente. Que volte, que sen el o mundo remata. Podería facerse unha antoloxía de cartas e columnas escritas ao longo do tempo e do espazo e veriamos como todas din o mesmo, sexan da China ou do Uruguay, de hoxe ou da antigüidade.

E na políca cercana observen a José María Aznar, ou a Felipe González, incapaz de calar durante anos. Só hai dúas excepcións que nos sexan familiares, a de Jordi Pujol e a de Xabier Arzalluz, silenciosos e grandes.

Foi aquí, nesta columna onde se dixo por primeira vez, libremente, sen débeda nengunha, que Xosé Manuel Beiras é o gran representante do galeguismo da segunda metade do século XX. E á marxe do barullo que montou durante os últimos meses, que é pura vacuidade, o importante é que Beiras segue a representar todo iso, e non debería deixar de facelo agora, cando o tempo pide silencio, que como se sabe é o son máis forte. ♦



Ponte dos Santos en Ribadeo. PACO VILABARROS

As entradas de Ponferrada e Ribadeo teñen tanto tránsito como Pedrafita e o Padornelo

O acceso central e o norte son máis útiles que as autovías

H. VIXANDE

Os camións que proceden ou que van á Meseta prefiren utilizar o acceso central a Galiza a través de Monforte e a rente do Sil. Para ir e vir de Europa, a vía mellor é por Asturias. Tanto a autovía do Noroeste como a das Rías Baixas cumpren peor esta función.

Moitos dos camións que van entrar a Galiza desde a Meseta prefiren empregar o acceso central porque desta forma evitan as costas pronunciadas que hai tanto na autovía do Noroeste como na das Rías Baixas. As pendentes elevadas incrementan os problemas de seguridade e poden dar lugar a perder os freos. No inverno, as dificultades son maiores pola posibilidade de nevadas e xeadas.

Aínda que moitos camións prefiran como alternativa o acceso central á Galiza, esta non é unha vía óptima polas condicións do seu estado. Cun firme deteriorado polo paso continuo de camións de gran tonelaxe e coa ausencia de carrís dobres, conducir por esta estrada pode resultar complexo, pero infinitamente máis seguro que polas dúas autovías que comunican coa Meseta, de forma especial con mal tempo. "Desde que se fixeron as autovías, o tráfico pola N-120 non diminuíu, senón que aumentou", indicou o empresario monfortino Ovidio Pérez Reñones, que tamén sinalou que "de todos xeitos, as autoridades sempre empregaron unhas ratios discutíbeis para negar que haxa tanto tráfico. Fano para xustificar non facer unha autovía central, pero si desdobrasen a N-120 que pasa por Monforte, desde logo aumentaría aínda máis o tráfico por esta zona". De feito, unha eventual autovía por onde discorre hoxe a N-120 faría desta infraestrutura a principal vía de acceso e saída de Galiza.

Para o tráfico que ten como destino ou orixe outros países de Europa, a vía de entrada máis transitada e necesaria é a que discorre paralela á costa a través de Asturias, Cantabria e o País Vasco. Nestas últimas dúas Comunidades trátase dunha autoestrada, mais en Asturias as obras non están concluídas, especialmente canto máis perto están de Galiza. Xa dentro do país, a chamada Transcantábrica só é un proxecto con algunhas obras en marcha pero ningún treito aberto. Tanto é así que as partes desta vía situadas en Galiza coñecen un deterioro do firme que dificulta o paso de camións de gran tonelaxe e provoca incomodidades ao resto das persoas que conducen automóbiles pola N-634.

O deseño das estradas do Estado, neste momento, permite unha entrada ou saída de Galiza cara Europa a través dos accesos centrais, continuando por León, Burgos e País Vasco. Non é a mellor opción nin a máis empregada, pero en todo caso tamén implica renunciar a usar as dúas autovías de unión coa Meseta. Cómpre ter en conta que desde Francia até León si hai autovía ou autoestrada e que é nesa cidade onde deixa de habela. Pasando por León, desde Francia pódese ir por autovía a calquera cidade galega, pero obriga a dar unha volta enorme.

Os plans anteriores

Nos anos setenta, os plans do Estado para os accesos á Galiza previan empregar o acceso central como vía de entrada e saída, bifurcada posteriormente para conectar Santiago, A Coruña e Vigo; uns ramais a Ourense e Lugo completaban esta infraestrutura. Era unha obra que, a priori, resultaba máis económica porque non implicaba grandes investimentos en salvar portos de montaña, xa que o acceso central, a rente do río Sil, orograficamente é moito máis simple que os portos da Canda e o Pardonelo e, sobre todo, o de Pedrafita. Ademais, ao ser unicamente unha autovía e non dúas, os custes tamén se rebaixaban.

Os plans iniciais para conectar Galiza coa Meseta desbotáronse ao longo dos oitenta e noventa, no extenso período de realización das autovías, adiada a súa conclusión unha e outra vez debido á dificultade técnica que implicaban estas obras, segundo afirmaron, primeiro as autoridades do PSOE e logo as do PP.

En realidade, a planificación das estradas do país e a súa conexión co resto do Estado era nos setenta máis racional. A Autoestrada do Atlántico non entraba nos plans e si unha vía de dobre carril que fose de Ribadeo a Vigo, próxima á Coruña e Santiago e con conexións a Lugo e Ourense, desta forma, o país enteiro quedaba máis estruturado e o interior non ficaba descolgado. O plan non só se truncou coa construción da AP-9, tamén tivo que ver a intervención de Francisco Vázquez e Carlos Príncipe para reclamar as dúas autovías á Meseta.

De todos xeitos, a situación de illamento do interior podería mudar nos anos vindeiros, se prospera o modelo que se inclúe no Plan de Infraestruturas do Estado. A conversión da chamada N-120 nunha autovía é un dos obxectivos que figura nese Plan, de modo que quedaría configurado o terceiro acceso, o central.

PACO VILABARROS

Na demanda dunha autovía para o acceso central de Galiza insisten moito os empresarios de Monforte. "Parece que é unha iniciativa que marcha para adiante, pero necesitamos que bote a andar nos vindeiros cinco anos", sinalou o empresario monfortino Ovidio Pérez Reñones.

O problema que atopan os empresarios de Monforte é a necesidade de infraestruturas para deter a despoboamento e o avellentamento da poboación. "Se non queren desdobrar a N-120, é unha opción, pero que o digan, porque entón non ten sentido facer o porto seco da plataforma loxística nin a dinamización turística da zona; nese caso a alternativa que nos queda é investir en xeriátricos", indicou Ovidio Pérez Reñones.

Partida orzamentaria

Nos presupostos de 2005 xa se contempla unha partida para realizar un estudo do medio ambiente afectado pola conversión da N-120 en autovía e aínda que o inicio das obras da segunda fase do porto seco atrasouse até xullo, demoralas dous meses non implica ningún problema. Todo isto, e a conexión do ferrocarril convencional, permite albiscar un futuro para o interior galego no que Monforte pasaría a ser unha base loxística para todo o norte do país.

Aínda así, o futuro non parece totalmente despexado. Na N-120 a Xunta, en colaboración co Estado, fixo un terceiro carril para permitir o adiantamento nas costas. A obra non está concluída pero pronto vai entrar en funcionamento. A maioría dos empresarios de Monforte expresáronse a prol deste terceiro carril, mais non todos. Ovidio Pérez Reñones opúxose porque podía implicar adiar máis o inicio da autovía que desdobre a N-120.

A experiencia do terceiro carril non sempre é positiva. Diso saben moito en Monforte, que padecen esta obra na estrada que vai a Lugo. A inauguración do terceiro carril nesta vía de comunicación aumentou o número de accidentes porque induciu a correr máis en treitos que non estaban preparados porque non tiñan ese terceiro carril. Para corrixir ese efecto, suprimiuse o carril e agora desde Sarria circúlase en caravana. "As comunicacións con Asturias por Lugo, en lugar de reducir o tempo, aumentaron e é imprescindíbel para nós contar con conexións rápidas, xa que temos moita relación económica cos nosos veciños", indicou o empresario Ovidio Pérez Reñones.

A importancia de Asturias para Monforte está relacionada co pulo que está a ter a construción de vivendas. O aumento da edificación sobre todo na conca mineira fixo de Asturias un mercado que Galiza atende con materiais e con traballadores. "Por iso necesitamos que haxa boas comunicacións e que rematen a autovía do Cantábrico", indicou Pérez Reñones. ♦

Un ano despois do

¿Que avances se produciron

AUTOVÍAS	Situación abril 2004	Situación abril 2005
Pontevedra - Vigo	Estudo informativo	Igual
Chantada - Monforte	Estudo informativo	Igual
Lugo - Ourense	Pendente Declaración Impacto Ambiental	Igual
Conexión Porto da Coruña	En Obras	Igual
Cantábrico	1 treito en obras 2 licitados 6 redaccións proxectos 5 licitados proxectos	3 treitos en obras Resto, en proxecto construtivo
Lugo - Santiago	Estudo informativo	Aprobado parcialmente
Conexión aeroporto de Santiago	En obras	Rematado
PORTO EXTERIOR	Licitadas as obras	En obras

O Plan Galicia

plan Galicia

novo goberno central

co novo Goberno central?

AVE	Situación abril 2004	Situación abril 2005
Ourense - Meseta	Estudo informativo. Información pública	Igual
Monforte - Ponferrada	Estudo informativo	Igual
Lugo - A Coruña	Estudo informativo	Igual
Vigo - Ourense (por Cerdedo)	Estudo informativo	Igual
Ourense - Lugo	Pendente Declaración Impacto Ambiental	Igual
Transcantábrico	Estudo informativo	Igual
Ourense - Santiago	Adxudicado proxecto/obra de 10 treitos. Licitado proxecto/obra, 2	Paralizada licitación de proxecto/obra de 2 treitos
Eixo Atlántico	Rematado/obras: 42'38% Proxecto: 10'77% E. Informativo + DIA: 46'85 %	44'9% 34'79% 20'34%

está paralizado

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para as Relacións cos Medios Informativos

Fraga, o adiantado

CARLOS AYMERICH

Pairan sobre nós agoiros de adianto eleitoral. Mais outra vez a rúa Génova dita as súas ordes e de novo Fraga ten que desmentir as súas tallantes afirmacións de hai uns días. Como cando fora do *Prestige*. De nada lle serve ao ancián vilalbés encubrir as rectificación con escusas técnicas nin acollerse á capa do interese de Galiza. Ou, por mellor dicir, os intereses do PP. Aínda que ambos se confundan porque, ao fin, como el di, que goberne o PP é o que lle convén a Galiza.

O vello, porén, quere facer coma se mandase. E vai adiar até o próximo luns, 25 de abril, o anuncio dunha decisión que, seica, xa estaría tomada. Raxoi ben lle pode conceder o capricho. Aínda que só fose para compensar o abandono dos oito anos de goberno de Aznar. "Debédesmo!!!", debeu suplicar o de Vilalba. "Deixádeme manter o suspense durante uns días. Que pareza que fun eu quen tomou a decisión". Mais o coitado quizais esquece que os adiantos electorais cárgaos o demo. E, daquela si, cando se viren as cousas e as promesas demoscópicas non se verifiquen, Génova vai deitar sobre Fraga toda a responsabilidade.

E é que Madrid segue a pesar muito na política galega. A dirección española do PP impón o adianto electoral. E faino para impedir que a estratexia –tamén *made in Spain*– do PSOE poida influír no electorado galego. Ou sexa, para dificultarlle ao PSOE apresentar o proxecto de orzamentos para 2006 como un novo exemplo de "compromiso" con Galiza coa conseguinte peregrinaxe ministerial. Porque, ao fin, uns e outros tómannos por parvos aos que se pode convencer con promesas de investimento sen cartos e obras sen prazos.

> 'Uns e outros extraen forzas e argumentos de Madrid. Porque non confían no país nin na súa xente. Por iso non se atreven a plantarlles cara a Génova nin a Ferraz"

Quizais é por iso que uns e outros –cos nosos cartos– compiten estes días a ver quen ten os anuncios máis grandes e, de paso, a ver quen gaña os favores dos medios. Nada novo, por outra parte. A experiencia da Xunta de Fraga na utilización partidista da publicidade mal chamada "institucional" só se pode comparar coa do Concello coruñés, hábil publicador de bandos de agradecemento a ministras e de anuncios a dúas páxinas sobre a nova casa do alcalde. Todo legal, por suposto. Como a campaña "Internet si", da Consellaría de Industria e Innovación, dotada con 2,4 millóns de euros que anima os galegos a acceder á rede porque a "*internet é fácil e para todos*". Menos para os que seguen presos da telefonía celular ou non poden acceder á banda ancha. En calquera caso, alguén pensa de verdade que todos eses cartos se van dedicar só a publicidade?

Uns e outros extraen forzas e argumentos de Madrid. Porque non confían no país nin na súa xente. Por iso non se atreven a plantarlle cara a Génova nin a Ferraz. Por iso basean as súas campañas en gobernos "amigos" e tournées ministeriais incapaces, polo demais, de facer que Galiza deixe de ter as pensións e os salarios máis baixos e o desemprego e a emigrazón máis altos. Quizais conveña, desta volta, apostarmos polos que confían en Galiza. Polos que queren un cambio. Mais un cambio real. Un cambio galego.♦

A Coruña

Inaugurar nada

MANUEL LUGRÍS

O Concello entretense inventando pontes que comunicarán a cidade con Ferrol en catorce minutos de coche para despois convertelas en túneles ou demais infraestruturas inexistentes que enredan os medios de comunicación locais.

O pasado día 2 tivo lugar a colocación da primeira pedra da dársena exterior coruñesa na Punta Langosteira, nun acto no que estiveron presentes mandos políticos e persoeiros varios, presididos polo titular da Xunta Manuel Fraga e acompañados por vinte e tantas ducias de invitados que, logo de salvar as rigorosas medidas de seguranza impostas, asistiron a unha representación mediática de soberbias palabras e prefabricados desexos, alfamare suficiente para depositar o bloco de formigón de doce toneladas e media que simboliza a inauguración dos traballos que supostamente, deberían ser rematados no 2012 co custo de arredor dos seiscentos millóns de euros.

O ánimo que se estaba a ateitiñar era de sobexo morno, por non dicir frío. Un ánimo que, sen manifestalo expresamente, deixaba translucir unha certa incredulidade, tanto no cumprimento do prazo de execución como de que o prezo final vaia ser o previsto. Sen ser profetas non é difícil entendelo así. A credibilidade da casta política, presente no evento, está polos mínimos e, aínda máis, a percepción da súa capacidade de administrar, acorde con ela. Logo a cuestión é clara: o despiste como sistema de xestión e a frivolidade como norma de conduta. Porque frivolidade é o espectáculo que se deriva do acto que estabamos a comentar.

Lembrarán o que diximos nestas liñas hai varios meses sobre o proxecto da Cidade das Ría as que no ano 1968 apresentou o arquitecto coruñés Fernández-Albalat e que estribaba, en síntese, na integración, nun contorno uniforme, dos núcleos poboacionais que se alongan entre A Coruña e Ferrol resultando así unha continuidade servicial entre estas dúas cidades de xeito que chegasen a formar unha zona urbana común. Proxecto no que se inspira o apresentado na actualidade pola Escola de Enxeñeiros de Camiños da Universidade da Coruña e que consistiría en unir directamente as dúas cidades por tres pontes que partirían da península coruñesa ao pé mesmo da torre de Hércules. E tamén recordarán a crítica que realizabamos no sentido de que a proposta de agora non serviría para a integración humana senón, exclusivamente para satisfacer algúns intereses, ademais da dificultade económica que suporía a súa construción cando, aínda, non temos seguro como financiar a obra do porto exterior. Pois ben, nun acto de ilimitada frivolidade anúnciase, en Punta Langosteira, a vontade de levar a cabo o proxecto das pontes xa que logo, se argumenta, se crearía unha área superior ao medio millón de habitantes, coa comunicación entre as duas urbes de pouco máis de catorce minutos. E anúnciase cunha estraña convicción verbal que contrasta co escepticismo reinante naquel fato de asistentes descridos.

O día seguinte, a prensa faise eco da noticia dando como boa a idea. Mellor dito, a retoma da idea, posto que fora manifestada no pasado mes de setembro baixo a mais absoluta falta de fe cívica e parecía estar xa esquecida. Soamente algunhas voces ousan pór de manifesto o salvaxe impacto ambiental que suporía, sobre todo para o barrio de Monte Alto no que se debería asentar a servidume da grandiosa obra en forma de estradas de via rápida para transportar as mercadorias entre os portos exteriores coruñés e ferrolán. Un barbarismo ecolóxico que, non embargante, é silenciado polos medios de comunicación. Pero a frivolidade non parou aí. Apenas cinco días mais tarde o Concello fai pública a sua marcha atrás. Agora non se tirarán as pontes. Vaise proxectar un tunel para atravesar a ría cara ao núcleo de Oleiros. E estamos á espreita de cal será a vindeira xenialidade futurista que nos depara a singular caixa de Pandora da política coruñesa.

En fin, todo un número de feira barata que non serva mais que para incrementar o descreto da clase dirixente e sementar unha meirande confusión entre o desinformado cidadán que xa non sabe si é mais conveniente unha ponte, un túnel, unha estrada, un tren; ou quizais un novo invento de mestura técnica que ben podería ser unha ponte subterránea. O que evidentemente sería a admiración universal. Mais todo sexa polo superior obxecto de despistar a atención cidadá, mesmo que se critique. Que falen de nós inda que sexa mal. Como pensamento permanente de mediocres e iletrados.♦

Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS

Subliñado

Asasinato no Vaticano

LOIS DIÉGUEZ

Non imaxinabamos que a elección dun novo Papa puidese escenificar tanta liorta. Os poderes, aínda relixiosos, tamén se esnafran no carrusel das vaidades, con efectos que han gozar ou padecer os máis humildes. Din que cando se elixe unha superiora ou superior nun convento de tan só oito ou dez relixiosos-as, até se desenfundan os puñais. Joseph Ratzinger era o candidato dos cardeais máis conservadores, eses que nos poñerían outra vez a rezar en posición marcial. Tiña un opositor, Rodríguez Maradiaga, máis novo en anos e en mentalidade, favorecedor dos pobres e esperanza dunha Igrexa máis progresista e acaída aos nosos tempos, se iso pode ser imaxinábel. A loita foi encarnizada polos escuros corredores do Vaticano. De resultas dos encontronazos, Ratzinger, unhas horas antes do "fumazo", apareceu envelenado. Curiosamente, poucos o choraron e Maradiaga aspirou o fume branco do vencedor. O Terceiro Mundo tiña, á fin, o seu Papa das esperanzas. O crime non podía ficar sen castigo, loxicamente, e seguramente que vostedes, lectores, aínda non puideron saber o que lle ditou á prensa un cardeal galego: seica dúas horas antes do crime, viu polos corredores a catro militantes da UPG vestidos de purpurados, e na Capela Sixtina ao mesmo Francisco Rodríguez dando instrucións por un móbil. Era de esperar. As redes do marxismo-leninismo son, certamente inescrutábeis. E menos mal que tivemos ao axexo a ese novo "Capitán Trueno" dos cardeais galegos. Sen el, o crime podería chegar até as nosas pacíficas e silenciosas casas. Loado sexa deus e a súa xusticeira espada.♦

Promociones Tuyvi SL foi fundada no 2001 por un fillo de Fernández Rocha

O alcalde de Tui é apoderado dunha importante inmobiliaria que actúa no termo municipal

GUSTAVO LUCA

O alcalde de Tui, Antonio Feliciano Fernández Rocha, é apoderado xeral dunha empresa inmobiliaria que ten numerosas propiedades, entre outros lugares no concello e particularmente na Unidade de Execución número 2, definido no POXM de 1994.



Arriba, fachada da casa en cuxo terreo estaban o hórreo e os castiñeiros centenarios, propiedade do fillo do Alcalde. Abaixo, os grupos de vivendas das unidades de actuación nas que a Alcaldía mudou a ordenanza; á dereita, o hórreo derramado orfo de vexetación.

Sobre estes terreos, a Alcaldía decretou, no ano 2002, unha modificación da ordenanza de tres alturas e aproveitamento baixo cuberta para cinco alturas, entrechán e aproveitamento baixo cuberta, o que permite, de feito, edificios de sete alturas. A empresa do Alcalde dispón de información privilexiada sobre o cambio de ordenanza e ten un beneficio directo como consecuencia da alteración do tipo edificábel.

Fernández Rocha fora condenado a oito anos de inhabilitación pola Audiencia de Pontevedra, en sentenza do mes de xullo do ano pasado, por un delicto contra a ordenación do territorio, agravado por outro de prevaricación por non acatar a normativa urbanística que rexe na zona monumental de Tui. Na resolución xudicial acúsase ao Alcalde e a súa equipa de Urbanismo de facer unha interpretación tramposa do POXM co gallo dun equívoco que criaran eles mesmos ao non axustaren os planos ás resolucións da dirección xeral de Patrimonio contidos nun informe que está incorporado na propia norma urbanística.

O Alcalde é apoderado de *Promociones Tuyvi, SL*, creada no 2001 cun capital de dous millóns de pta. para a compravenda de fincas e hoxe é unha das inmobiliarias máis activas de Tui.

Pero no entanto a Xustiza resolve o recurso contra a sentenza condenatoria da Audiencia provincial, o nivel de actividade da máquina de urbanizar do primeiro edil de Tui non pode ser máis intenso. Nunha verdadeira batalla contra o tempo, o Alcalde deu ordes para que continuasen as obras nas Unidades de Execución de Tui que foran suspendidas por irregularidades pola Consellaría de Política Territorial no 2003 a pesar de que o público desprezo da orde de paralización cause hoxe diario escándalo entre os veciños. Doutra parte, é frenético o nivel de negocios de *Promociones Tuyvi SL* empresa da que é apoderado xeral o propio Fernández Rocha e que ten como propietario único o seu fillo José Antonio Fernández Estévez. Con pouco máis de 20 anos e sen experiencia previa coñecida na promoción inmobiliaria, Fernández Estévez ten operacións de crédito certificadas no Rexistro da Propiedade Tui por valor de máis de tres millóns e medio de euros. Antes de Fernández Rocha ser elexido alcalde, as empresas da súa propiedade atopábanse nunha situación terminal.

É notábel que as obras avancen, por exemplo, na Unidade de Execución número 2, propiedade de *Promociones Tuyvi, SL*. No Concello de Tui hai rexistradas instancias de veciños e asociacións culturais para catalogar nesta propiedade, que abrangue os 12.000 metros cadrados da Finca Patazumba, un hórreo centenario de 14,5 metros de porte e 14 castiñeiros centenarios que aparecían identificados no POXM de 1994. Tanto a subdirección xeral do Patrimonio Cultural como a subdirección xeral de Urbanismo da Consellaría de Patrimonio recibiron as mesmas instancias dirixidas ao Concello para a conservación desta zona verde patrimonial dentro dun espazo urbano non sobrado de áreas de uso público.

Os vellos castiñeiros da Finca Patazumba libráronse en 2004 da corta pola intervención dun veciño que gabeou polo exemplar máis alto cando estaba a piques de recibir a motoserra e reclamou dende alí mediante un teléfono celular a intervención da forza pública. Os axentes propuxeron á Consellaría de Medio Ambiente unha sanción contra o fillo do Alcalde por cortar árbores sen licenza. Un axente do distrito forestal do Baixo Miño, da mesma consellaría outorgou en extrañas circunstancias a licenza que autorizou a seguinte operación de corta en decembro de 2004.

A dirección xeral de Patrimonio Cultural requeriu por dúas veces o Concello de Tui para que tomase medidas de protección do hórreo, exposto tanto pola operación de corta como polas obras previas á urbanización da finca pero a alcaldía non se deu por informada. O paso de máquinas para movemento de terras a rentes do hórreo xa deron conta de parte do monumental cabazo.

O Alcalde gardou silencio ante as preguntas que lle foron entregadas por ANT sobre da súa responsabilidade como apoderado da inmobiliaria. ♦

Un alcalde para todos os gustos

Anunciando as Festas de San Telmo a semana pasada, Fernández Rocha declaraba: "Tui é un fervedoiro de actividades para todos os gustos". O Alcalde exaltaba as cen flores do programa patronal con atraccións diversas pero non citaba o seu propio caso de primeiro edil que representa de formas diversas e mesmo contraditorias as súas altas responsabilidades no Concello. É Alcalde desvelado pola tardanza do informe de Patrimonio previo á redacción do Plan Xeral; é mudo ás reclamacións de Patrimonio en relación con casos concretos de protección do casco histórico, como foi o do proceso, con sentenza condenatoria, do Edificio Beira Miño ou nas presas por apartar aos arqueólogos da vila romana aparecida no solar do Casino; aparece como valedor da declaración de Tui como Patrimonio da Humanidade e simultaneamente amosa unha impaciencia arrogante pola terminación de obras ilegais; sen que se lle mova unha sobrancella promete defender a natureza privilexiada de Tui e simultaneamente batalla para que se reduza a delimitación da Rede Natura ou envía a motoserra contra o souto centenario da Finca Patazumba; como Houdini, sabe entrar nun armario vestido de primeiro valedor dos direitos dos veciños e saír de apoderado dunha inmobiliaria que ten como primeiro escenario de actuación o termo municipal.

O propio Fernández Rocha é vario e diverso coma un programa de festas. Se cadra por iso o ten en tan alta estima o secretario provincial do PP Rafael Louzán que considerou no verán pasado inxusta a sentenza da Audiencia que condenaba o Alcalde a oito anos de inhabilitación. "Hai unha caza de bruxas contra min" declarara daquela Rocha animado polas afervoadas palabras de apoio de Louzán. ♦

Alianza xeracional

MIGUEL BARROS

O futuro de Galicia está pendente da cita electoral autonómica. Todo permite supoñer que se vai producir un adianto para acudir aos comicios. O ambiente de cambio político resulta case festivo. A inmensa maioría dos galegos pensa que o país precisa deixar atrás o pasado. Un pasado absolutamente superado, politicamente anacrónico e socioloxicamente patolóxico, porque a socioloxía electoral do fraguismo só se explica pola pirámide demográfica de Galicia. Unha pirámide invertida onde o peso das faixas de máis idade esmaga a xuventude e a infancia, indispensábeis para facilitar o imprescindíbel relevo xeracional.

A carencia constitucional e estatutaria do necesario precepto da limitación dos mandatos ten sumido o país nun longo ciclo político que permitiu a extensión do poder político a todos os ámbitos da vida social: control mediático a través de subvencións politicamente dirixidas, privatización da xestión pública enmascarada na ramallada das fundacións, control de sectores produtivos pendurados da obra pública e a orientación dos investimentos. Sometemento da vontade do electorado rural a través dos fluxos financeiros que da Xunta maman os concellos controlados polo PP e, por último, o apoio das deputacións provinciais como arneses de garantía política onde non acaden os orzamentos da facenda autonómica.

Se a isto lle engadimos a extensión do poder político ao ámbito dos outros poderes institucionais –hai poucos días un maxistrado galego tamén se apuntaba ás denuncias en contra do poder central– completamos a descrición que H. Walzer define como tiranía, isto é, a invasión doutras esferas de poder dende a supremacía que se substenta nun deles. A invasión de todas as esferas de poder polo poder político é a forma arquetípica da tiranía. Esta perversión da democracia corríxese coa limitación de mandatos e, se tal previsión se tomase no Estatuto ou na Constitución, teriamos liberado o sistema dunha eiva malfadada.

O cambio político en Galicia terá como principal protagonista unha alianza de xeracións que se rebelou contra esta forma de tiranía abafante. Dende os 70 aos 18 anos, cinco xeracións padecen un reinado plebiscitario que reduce a democracia na nosa terra a unha caricatura. Cambiar para sobrevivir, ese ha ser o noso lema. Rebelarnos para recoñecérmonos porque a contumacia fraguista ilustra de abondo o talante autoritario da dereita e a concepción do poder que ten o presidente da Xunta: "Despois de min, o diluvio". ♦

Nº 1.172 ● Do 21 ao 27 de abril de 2005 ● Ano XXVIII

A 60 ANOS DA LIBERACIÓN DOS CAMPOS NAZIS

En Ravensbrück estivo Mercedes Núñez

Viaxe a un campo para mulleres

CARME VIDAL / RAVENSBRÜCK

As deportadas puxéronlle a Ravensbrück o nome de "inferno das mulleres". Entre 1938 e 1945 unhas 130.000 sufriron o terror deste campo de concentración situado a uns cen quilómetros de Berlín. Arredor de 93.000 perderían alí a vida. Centos de superviventes asistiron os días 16 e 17 ás conmemoracións do 60º aniversario da liberación do campo polo exército ruso. Até alí viaxou tamén Pablo Iglesias Núñez, o fillo de Mercedes Núñez, deportada en Ravensbrück e delegada en Galiza da Amical de Mauthausen e outros campos.

Estátuas con flores en lembranza das 130.000 mulleres que foron internadas neste campo. CARME VIDAL

Como cada ano, como en todos os campos, a *Amical de Mauthausen e outros campos de concentración nazi* desprazouse a Ravensbrück para homenaxear os republicanos deportados nos centros de exterminio. Cen mulleres fieis aos ideais da República pasaron aquí as experiencias máis terríbeis da súa vida. Entre elas estaba Mercedes Núñez que dedicaría os últimos anos da súa biografía a recoller os nomes dos deportados galegos e facer memoria do horror nazi. Na delegación da asociación á que pertenceu a súa nai, viaxa agora, 60 anos despois, Pablo Iglesias, disposto á fin a revivir a crueldade da que tanto lle falara Mercedes.

A primeira impresión do campo é sobrecolledora. A tranquilidade do lago Schwedt non pode facer esquecer que era alí onde se depositaban as cinzas dos milleiros de mulleres que pasaron polos fornos crematorios. Iglesias busca de inmediato a planicie onde as mulleres sufrían o *appel*, a insoportábel e interminábel posición de firmes coas máis extremas temperaturas imaxinábeis. Era o que súa nai lembraba con máis horror. Pero cada un dos participantes da delegación da Amical ten unha terríbel historia que os leva a asistir a esta peregrinación do campo. Con case setenta anos, Antonia García é unha das supervivintes do sinistro tren de Angouleme que percorreu Europa cargado de deportados na temperá data de 1940. Antonia tiña só ano e medio pero non esquece que tamén ela foi naquel vagón acompañada dos seus pais. En Mauthausen quedou o pai naquela data e só sete anos despois recibiron o certificado de falecemento. A súa nai e ela foron devoltas a Cataluña para pasar os máis terríbeis anos da posguerra. Antonia detense nas agora inservíbeis vías do tren que rodean Ravensbrück e pide que lle tiren unha foto. "Xusto aquí estivemos paradas oito días, coas portas pechadas e sen saber cal sería o noso destino", explica. Historia semellante ten na súa memoria, Rosa Sánchez Méndez. "Non me poden pedir que esqueza. Meu pai morreu en Mauthausen sen que puidese sequera chegar a coñecelo. Cando vou ao campo respiro ese aire e é como se sentise a súa presenza" dime ao tempo que saca unha foto dun mozo que non chegou nunca a ser vello e que ela garda sempre na súa carteira. Tamén en Gusen perdeu un tío Rosa Torán, unha das principais investigadoras da deportación e hoxe vicepresidenta da Amical. Rosa Sánchez é viúva dun xudeu americano que viu como a súa familia mermaba en máis de trinta membros como consecuencia do holocausto; e o presidente Enric Marco ten permanentemente na fala a súa experiencia en Flossenbürg e a memoria de todos os seus compañeiros republicanos. Despois de Ravensbrück preparan xa a viaxe a Mauthausen onde máis de duascentas persoas da asociación lembrarán o amplo continxente de exiliados alí deportados.

O silencio en Ravensbrück é tremendo, poderoso. Nin a presenza das miles de persoas que nestes días de conmemoración se achegan até aquí poden coa memoria que garda cada espazo. Mulleres de pelo branco son as protagonistas das celebracións. Boa parte delas asisten adubiadas con elementos que as identifican como deportadas. Polacas, francesas ou ucraínas levan canda elas a súa memoria e a de tantas que nunca saíron deste inferno. As flores inundan o campo de concentración e en cada recuncho se improvisa unha sorte de altar en ofrenda polas desaparecidas. Este ano asisten ministros franceses e alemáns e mesmo un conseller da Generalitat que acompaña no seu percorrido polo campo a Neus Catalá, unha das últimas republicanas sobrevivintes.

Os actos sucédense na fin de semana. A Amical inaugura a exposición "Resistentes e deportadas" na fábrica téxtil e en varios edificios móstrase o horror do exterminio pero a verdadeira historia está en cada unha das persoas que volve ao campo a reencontrarse co seu pasado. O francés Jean Claude Passerat, por exemplo, vén coa súa nai a Ravensbrück para participar na homenaxe. Pero non asiste só como acompañante. "Eu nacín aquí, no campo. Miña nai viña preñada e non o detectaron, íana mandar para un comando pero logo permitiron que quedase" di e, cando isto conta, non podemos deixar de pensar no incríbel que resulta agora a súa supervivencia. Natan Borowiecki chegou a Ravensbrück coa súa nai e a súa avoa, procedentes dun gueto de Polonia. Tiña só nove anos e non esquece os quince meses e medio que a súa infancia transcorreu dentro do campo.

Tamén hai discursos oficiais en Ravensbrück. Desde un palco unhas tres mil persoas escoitan a Jean-Pierre Raffarin, primeiro ministro francés, a Renate Schimicht, ministra de Muller de Alemaña, a Annette Chalut, presidenta do Comité Internacional de Ravensbrück ou o vitoreado militar do exército ruso liberador. A emoción vén despois, cando os delegados da Amical se dirixen ao lago Schwedt e deitan nel un caravel vermello por cada unha das cen republicanas deportadas no campo baixo os son de "Els cant dels ocells" de Pau Casals. Pablo Iglesias mantén en tensión a súa flor na man e tíraa á auga cando resoa o nome de Mercedes Núñez Targa. ♦

O muro das nacións

De Ravensbrück sorprende, entre outras cousas, o seu tamaño. A inmensa extensión de terreo e as múltiplas construcións dan idea da dimensión da crueldade nazi. Fóra da gran muralla de catro metros que aínda se conserva co nome *Muro das nacións*, recobrado a modo de homenaxe ás vinte nacionalidades das deportadas, sitúanse as casas das SS e as gardiás do campo. É a coñecida como "zona libre" de Ravensbrück e constitúe unha sorte de complexo residencial, hoxe boa parte empregado como albergue. Ao outro lado do muro está o horror. Despois do edificio da Komamandatur un estreito corredor garda a memoria dos centos de mulleres executadas no campo. Á beira está o edificio de castigo onde aínda se pode contemplar un poldro de tortura e, xa fóra, a terríbel roda de granito de varias toneladas que as presas tiñan que arrastrar a modo de condena. A poucos metros, a solución final, os tres fornos crematorios que puñan o ramo á vida de tortura no campo. Pero Ravensbrück non remata aí. Ao lonxe dunha ampla extensión de terreo, no que noutrora se instalaban os barracóns, albíscase a fábrica téxtil e os edificios da Siemens, até onde chega unha vía de tren hoxe inservíbel. Son as instalacións da industria da guerra que tiña nas mulleres de Ravensbrück a máis barata man de obra posíbel. O terreo está rodeado por unha dupla reixa de espiños e, a cada pouco, aínda se poden atopar os xeradores eléctricos que convertían esta fronteira nun destino mortal. A uns tres quilómetros de distancia sitúase o campo de exterminio de Uckermark, só reconstruíbel a través da imaxinación xa que son poucos os resquicios que del quedan. As mulleres que pasaron alí os días máis duros das súas vidas non podían sospeitar a sinistra dimensión do campo.

En Ravensbrück conmove, ademais de toda a súa historia, a permanente homenaxe ás deportadas. Nos lugares máis sinistros as flores improvisan constantes lembranzas ás que deixaron alí a vida. Flores no corredor da morte, nas entradas dos fornos, na estrada de lastros construída polas deportadas, no muro que identifica as distintas nacionalidades e no senfín de monumentos que poboan todo o campo. Un deles converteuse xa en símbolo de Ravensbrück. Nunha inmensa peana unha muller avanza levando outra moribunda nos seus brazos. A escultura está xusto á beira do lago, alineada coa torre da igrexa da vila próxima de Furstenberg, horizonte de liberdade para as presas do campo. De Will Lammert é tamén a autoría doutros bronces como o das dúas mulleres que camiñan coa mirada firme á fronte. Na entrada do campo, ademais dun tanque ruso en memoria dos liberadores, un conxunto escultórico mostra tres persoas que levan nunha padiola un cativo morto, un dos tantos sacrificados en Ravensbrück. ♦

A 60 ANOS DA LIBERACIÓN DOS CAMPOS NAZIS

Enric Marco

‘A loita dos republicanos aínda está sen recoñecer’

CARME VIDAL

A conversa dura dúas horas e cuarto, xusto o tempo que o avión tarda en chegar a Berlín desde o aeroporto de Barcelona. O presidente da *Amical de Mauthausen e outros campos* diríxese a Ravensbrück nunha das moitas viaxes que emprende neste ano no que se conmemora o sesenta aniversario da liberación dos campos de concentración.



CARME VIDAL

Supervivinte do campo de Flossenbürg e militante antifascista durante toda a vida, para Enric Marco a súa principal misión é denunciar o holocausto nazi e a existencia de novos campos de exterminio. Por iso non para de falar durante toda a viaxe, nunca perde oportunidade de facelo. Sorprendeu o seu enérxico discurso en xaneiro no Congreso dos Deputados no que pediu o recoñecemento para os exiliados que viviron o horror do nazismo e denunciou as guerras preventivas que rematan cun calculado exercicio de represión. O día 8 de maio estará en Mauthausen, a tumba da maior parte dos republicanos deportados.

Como foi parar ao campo de Flossenbürg?

Era oficial do exército da República. A mediados do ano 41 pasei a Francia e participei na Resistencia, collérome e entregáronme aos alemáns. Os españois etabamos preparados, sabiamos o que era compartir unha manta, un anaco de pan... creamos organizacións de axuda. A solidariedade non é fácil. Resistir e seguir vivindo non estaba ao alcance de todos. De 100.000 que pasaron polo meu campo morreron 73.000 e os outros non sabemos onde están, desapareceron.

Tiña que estar moi preparado para soportar nove meses de incomunicación.

Foi durísimo, tiña dezanove anos e non podía falar con ninguén. Só te salvaba pensar que a vida e a liberdade estaban más alá e que cumpría tirar para adiante. Estas condicións facían que os maiores non tivesen a forza suficiente para aguantar. A miña cela tiña seis pasos para adiante e para atrás e catro de dereita a esquerda. Mil veces os contei e sígoos contando. A miña forma de espera segue a ser seis pasos para adiante e seis para atrás. Tiña unha cubeta onde facía as miñas necesidades e un banco de traballo. Pola mañá pasábanme un café e unha rebanda de pan, nunca comía máis de setecentas calorías. Hai que ser mozo e militante para aguantar tanto. Eu era mecánico e ser técnico era moito máis útil nun campo que ser intelectual. Os españois fomos os primeiros que chegamos e obrigáronnos a traballar na Siemens, na Thyssen ou na Bayer, nas empresas alemás que se lucraron no nazismo. As mulleres eran coellos de indias para os máis diversos experimentos. A casa Bayer pagaba un prezo por cada unha na que podía probar un narcótico.

Era imprescindíbel esa militancia?

Era necesaria. Todo o que nos estaba ocorrendo era por ter loitado por un mundo mellor, por defender a xornada de 36 horas, a lei de divorcio, os Estatutos de autonomía, pola democracia. Neste sentido, aínda está por recoñecer o sufrimento e a imposibilidade de salvación á que se viron sometidas as “asociais”, os triángulos negros, mulleres que dicían “de conduta desviada” que ían aos campos non por ideoloxía nin por pertencer a unha raza ou relixión, senón por ter un comportamento que non se correspondía co ideario nazi. Nalgunha ocasión pensei que se tivese unha bomba grande para facer saltar aquel penal teríao feito. Non se pode facer sufrir desa maneira. A miña vida non se salvou por azar, traballeina moito. Calquera cousa me servía. Se atopaba algo que pertencese a outro preso axudábame tamen a sobrevivir. Nunha ocasión encontrei un libro de salmos en latín e alemán e a través del aprendín algo do idioma dos meus represores. Tamén intentaba descifrar os retallos de xornal que me daban para limpar o cú. Só podía escribir unha carta ao mes e dirixíallela aos xuíces que me acusaban de alta traición, sabotaxe e conspiración contra o III Reich. Dábanme unha hora para escribir unha carta cando eu non sabía alemán. Entón ideaba unha maneira de vencer ese impedimento. Arrincaba un botón da guerreira e como me daban unha agulla para coselo facíame unha ferida e co sangue que saía dela ensaiaba escribindo nas marxes do xornal. Deste xeito logo só tiña que pasar o texto a limpo. Son historias que mesmo a min me parecen de ficción.

Como explica tanta crueldade, respondía a un plan calculado?

Eran funcionarios da morte, sen sensación de culpabilidade, como segue pasando nos países nos que hai pena de morte. O nazismo non foi un tema de catro tolos senón que respondía a unha estrutura sólida, un proxecto frío e lúcido. Pero non nos enganemos, segue a haber funcionarios da morte e seguen existindo campos de concentración en Etiopía, Kosovo, Ruanda ou Palestina. Dase aínda a impunidade de permitir que monten unha guerra preventiva e un campo despois. Esta denuncia é a razón da miña vida, o motivo de que explique a historia unha e outra vez. Cos meus 84 anos dou unhas 150 ou 200 conferencias ao ano e ás veces tres no mesmo día, ese é o meu compromiso. Son testemuño vivo e é a min a quen reclaman. Esa é a grande responsabilidade que teño.

> **‘Fomos os primeiros que chegamos e obrigáronnos a traballar na Siemens, na Thyssen ou na Bayer”**

Para os republicanos a liberación foi máis difícil que para o resto dos deportados. O regreso a casa era imposíbel.

Quen fala de liberación se non podiamos saír do campo? Non tiñamos para onde ir porque eramos apátridas. Seguimos nos campos até que Francia nos deu asilo político. Non puidemos pasar de alí cando os outros volveron ás súas terras e convertéronse en testemuña do que significou o nazismo. Din que as guerras as perderon todos. Menten. Pregúntome cando saberán as novas xeracións que na Diagonal de Barcelona estaba o cárcere de mulleres ou que no Vall d´Hebron había un campo de concentración. Os americanos non viñeron liberar o campo senón que estaban ocupando obxectivos militares. Tiñan que cubrir as bases antes que chegasen os rusos. Por iso se asustaron cando nos viron co puño, que era a nosa forma de saudar. Moitos souberon que o campo estaba libre pero non tiveron enerxía para saír, a moitos faltoulles o último alento para resistir.

Conseguiu vostede refacer a súa vida ao saír do campo?

Non podía refacela xa que nunca a tivera. Con 15 anos fun á guerra e saín do campo con 24. Perdín toda referencia, quedei sen nada. Nin unha foto, nin un anel... nada. Estaba só e non había ninguén que me agardase. No 1946 regresei a España e volvín á clandestinidade porque non tiña nada e quería acadar un mundo mellor. Comezara a militar desde moi novo, lembro aquel 14 de abril de 1931 no que saín á rúa berrando, “Visca Maciá!”. Tiven unha vida moi chea dalgunhas cousas e moi baleira doutras. Sen primeiro amor, sen primeiro bico... Estiven na clandestinidade até 1975 e o meu primeiro fillo naceu cando eu tiña 57 anos. O día despois de que me xulgasen saín á rúa e os que me levaban déronme unha lección de nazismo. Gritábanme e dicíanme que tiña que andar pola cuneta, canda os animais. Deime conta de que me desposuiran de todo, tiráranme a liberdade, podíanme berrar e eu non ía responder. A dignidade custábache a vida. Ás mulleres de oitenta anos facianas estar firmes e espidas no appel sendo obxectos de burlas polos seus corpos vellos. Era moito máis que agresión física, era a deshumanización que permitía todos os horrores. As mulleres foron dobremente martirizadas.

O seu discurso nas Cortes Xerais cando se conmemoraba a liberación de Auschwitz fixo máis dunha ferida.

Moitos preferían que os deportados republicanos non estivesemos presentes. Non nos van perdoar nunca que na República o movemento obreiro estivese á cabeza. Cunha República vencedora non se tería dado a II Guerra Mundial. Temos trinta ou corenta mil homes e mulleres enterrados en buracos. Estiven no Bierzo recuperando cadáveres e comprobei que a xente segue a ter medo de falar. Trinta ou corenta mil corpos que son proba da represión fascista. Os familiares das vítimas continúan gardando silencio e cando a historia tiña que ser a nosa defensa inventan o perdón para todos. Como dixo Primo Levi, “que perdoen os mortos”. Non podo entender o perdón sen a xustiza. A lei da amnistía de 1977 perdonounos a todos, a nós tamén? Intentamos xulgar a Serrano Suñer en Francia e non puido ser. Diríxome constantemente á xente nova e pídolles que fagan da utopía realidade, que respondan eles ás miñas preguntas. Vai sendo hora de que este país recoñeza aos que loitaron até as últimas consecuencias. Non fomos aos campos por casualidade. Nos desfiles anuais que conmemoran a liberación dos campos xa hai tempo que se di: “Agora desfilan os republicanos españois, os primeiros loitadores pola liberdade e a democracia en Europa”.♦

En Lalín retiran a placa da rúa adicada a Franco

Aumentan os actos de reivindicación republicana

A.N.T.

Este 14 de abril foi o de máis numerosos e concorridos actos de celebración do día da proclamación da II República. Un termómetro fiábel pode ser a manifestación que percorreu a rúa do Príncipe en Vigo, á que acudiron máis de cincocentas persoas.

En Lalín, trinta e unha persoas autodenunciáronse logo de retirar unha placa de homenaxe a Franco.

Esta festa reivindicativa coincide co crecemento de comisións cidadáns para recuperar a memoria do 36, constituídas en diversos concellos, entre eles Tui, Cerdedo, Vigo, Redondela, Vilagarcía, Monforte ou A Coruña.

En Lalín un grupo de 31 veciños, realizaron unha protesta pola pervivencia dos símbolos franquistas no concello concentrándose diante da placa que da nome á Rúa General Franco desta vila. A protesta tiña por obxecto mostrar a desconformidade e denunciar publicamente o mantemento na vila de Lalín de nomes de rúas dedicados a persoeiros da ditadura: General Franco, José Antonio Primo de Rivera ou Calvo Sotelo. Como a pesar das múltiples peticións que se levan feito desde hai máis de vinte anos para que estes símbolos desaparezan do espazo público, e ante os reiterados incumprimentos das súas promesas de eliminalos por parte do goberno municipal deste Concello, os concentrados, como acto simbólico de protesta, arrincaron a placa que da nome á Rúa General Franco. Despois dirixíronse coa placa ao Xulgado de Lalín, onde se autodenunciaron de ser os autores deste acto.

Peticións semellantes de retirada de monumentos vivíronse nese mesmo día na Coruña e Tui. Na capital herculina os concelleiros do BNG, retratáronse xunto a unha talla en madeira coa silueta de Franco, situada na segunda fila da bancada ocupada polos concelleiros do PSOE no Salón de Plenos. O portavoz nacionalista, Henrique Tello, ademais de pedir que se elimine esa figura, fixo extensiva a petición de supresión á estatua de Millán Astray, fundador da Lexión, situado na parte de atrás do edificio do concello, e anunciou o inicio dunha campaña de concienciación, "non queremos que A Coruña sexa a reserva espeiritual do franquismo nin que se convirta no centro de peregrinación para persoas que non merecen ningún recoñecemento social".

Manuel Monge, tamén concelleiro e un dos promotores da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica, estimou en trinta as rúas e media ducia as placas que aínda exaltan na Coruña a memoria dos golpistas e aproveitou para pedir que o concello retire o título de fillo adoptivo a Franco.

En Tui, onde non hai moitos anos unha comisión cidadá conseguiu o erguemento dun monumento ás vítimas do 36, o grupo do BNG vai presentar unha moción solicitando a retirada dos símbolos da ditadura franquista que adornan a vidreira das escadas da casa do Concello así como os bustos de José Calvo Sotelo sitos na Avenida da Concordia e no propio Concello. Solicítase tamén que se muden os nomes da Rúa do Xeneralísimo e do Paseo de Calvo Sotelo.

Houbo actos noutras vilas e cidades do país. A modo de exemplo en Sarria realizouse unha homenaxe floral diante da placa que lembra a varios concelleiros republicanos, en Monforte inaugurouse unha exposición pola recuperación da memoria e en Betanzos o concello e o Museu das Mariñas organizaron unha ofrenda floral no museo onde se atopa unha bandeira que usou o goberno republicano no exilio. ♦



PACO VILABARROS

Presentación do libro de Mercedes Núñez.

Na mesma liña de actos reivindicativos da memoria histórica, celebrouse en Vigo a presentación do libro de Mercedes Núñez, *Cárcere de Ventas* (A Nosa Terra). Interviron no acto o editor Xosé Enrique Acuña, a xornalista Carme Vidal autora do estudo introdutorio do libro, o fillo de Mercedes Núñez, Pablo Iglesias Núñez e o antigo dirixente do PC, Carlos Núñez. O acto, ao que asistiu un cento de persoas, entre elas moitos antigos militante comunistas, foi unha revindicación da dura experiencia de Mercedes Núñez, representiva dos sofrimentos dunha xeneracion, e nel vertéronse críticas a como se realizou a transición, cando se cedeu xenerosamente en simboloxías sen receber a cambio unha mínima reparación histórica, que agora se ven reclamando desde numerosos colectivos cidadás. ♦

O FÍO DA LINGUA

Rol

HENRIQUE HARGUINDEY

Como andamos en roda, diremos hoxe que do latín *rotula*, diminutivo de *rota*, procede o galego *rolla* que é o mesmo que *rodela*: "Mulido en forma de roda que se pon na cabeza para levar un peso". Tamén a *rolla* é o tapón que pecha unha botella (e mais tamén se pon na cabeza desta) ou o furo dun pipote.

Se o masculino *rotulus* orixinou *rolo*, tamén deu orixe a *rótulo*, que ven sendo o mesmo, outro cilindro. Só que é un cilindro de papel que se leva enrolado e que se desenrola, que se desenvolve; así se fai un *rótulo*, un cartel de anuncio. Esa primeira acepción de 'poñer un rótulo', o verbo *rotular* ampliouna, tomando a de 'inscribir os caracteres dun rótulo' e despois a de 'escribir os textos de mapas, planos, historias gráficas, etc'. Nestes sentidos empregamos *rotulista* e mais *rotulador.*

Outro rolo de papel é o *rol*, que tamén procede de *rotulus* pero por medio do francés.

O primeiro significado de *rol* pertence á lingua xurídica e administrativa: denominou o rolo de papel no que se asentan, se rexistran, listas de persoas, de cousas, ou actos xurídicos. Mais tarde –igual que o noso *papel*- o francés *rôle* denominou o rolo de papel no que os actores de teatro levan escrito o texto que deben aprender e representar. E de aí tamén o significado de 'función, papel que se desempeña na vida social'. E modernamente temos un sentido novo, dentro desta mesma liña, no *rol* (a medio camiño entre o puramente teatral e a interiorización social) dos *xogos de rol.*

Pero existe un campo no que o galicismo *rol* entrou con máis forza. É o da navegación. O rol era primitivamente a lista na que figuraba a relación dos tripulantes dun barco. De aí procede o verbo *enrolar* ou *enrolarse* 'alistar ou alistarse como mariñeiro'. Este campo ampliouse despois á acción de alistar(se) no exército. Tamén *rol* denominou máis tarde a documentación completa do barco que obra en poder do capitán.

Durante certa época foron moi usadas en galego palabras como *desenrolo* e *subdesenrolo*, cos seus correspondentes verbos, referidas ao aspecto de medra económica dun país ou zona. Na actualidade, este sentido exprésase só a través de *desenvolvemento, subdesenvolvemento*, etc. *Desenrolar* é simplemente o contrario de *enrolar*, é dicir desenvolver algo que está feito un rolo ou despedir a alguén que está enrolado nunha tripulación..

E xa que todos facemos un pouco de autocontrol no emprego da lingua, cómpre dicir que a palabra *control* ten tamén que ver co que estamos comentando: para comprobar un *rol*, un rexistro administrativo que recollía as listas de persoas ou cousas das que enriba falamos, levábase un segundo rol, un *contra-rol* que servía para verificar e contrastar o primeiro. E destes *contre-rôle* e *contre-rôler* proceden os nosos *control* e *controlar*. ♦

Nº 1.172 ● Do 21 ao 27 de abril de 2005 ● Ano XXVIII

Xesús Seixo

'A metade dos contratos son precarios'

RUBÉN VALVERDE

É secretario xeral da CIG e volverá presentarse como candidato no vindeiro Congreso, que se vai celebrar entre o vindeiro 28 e 29 de maio. Segundo Xesús Seixo, a precariedade, a emigración e o seguidismo das políticas económicas da Unión Europea son os maiores problemas que ten Galiza e centrarán o discurso da central nacionalista na celebración do próximo Primeiro de Maio.



PACO VILABARROS

Faga un diagnóstico da situación laboral.

Preocúpanos o alto índice de desemprego, xa que estamos case tres puntos por riba da media do Estado. A isto hai que engadirlle dous problemas fundamentais: a precariedade e a emigración. O peor de todo é que por parte da Xunta non se están levando a cabo políticas que fagan que esta situación se modifique a curto e longo prazo. Máis ben, optan por unha política contemplativa e propagandística aparentando que as condicións laborais son boas.

Por que camiño deberían ir as políticas laborais?

En primeiro lugar debería apostarse por investir en I+D+I. Tamén é importante que se melloren as infraestruturas, que se fagan redes comerciais e que se potencien os sectores produtivos galegos que poden facilitar un desenvolvemento importante do país e que son principalmente o naval, a pesca e o agro e alimentación.

É semellante a emigración actual da que padecemos noutras épocas?

Moitos dos que marchan son mozos cualificados. Por outro lado, non só emigran persoas do interior, senón que moitas vilas costeiras están quedando despoboadas porque no sector pesqueiro estanse pagando uns salarios de miseria. Moitas veces os armadores queíxanse de que non teñen man de obra do país, pero é imposíbel que teñan traballadores galegos cos soldos que pagan.

Que opina dos anuncios do Goberno central de aumentar o salario mínimo interprofesional?

Esa é unha reivindicación nosa de sempre porque o noso salario mínimo é ridículo. Semella que por parte do Goberno existe a vontade de subilo até os seiscentos euros cando remate a lexislatura, aínda que nós consideramos que é insuficiente. Defendemos que o salario mínimo interprofesional se aproxime ao salario medio do Estado, tal e como se recolle na Carta Europea de Dereitos Sociais.

É compatíbel unha subida salarial tan grande coa produtividade das empresas?

Entendemos que si, pero hai que saber por que modelo de produtividade se quere optar. Un sistema baseado en salarios baixos non solventa nada de cara ao futuro. É un modelo imposto pola UE para competir cos Estados Unidos. Nós pensamos que debemos seguir parámetros propios e non os que nos impoñen dende fóra. Até agora vemos como as políticas programadas dende Bruxelas son lesivas para nós xa que só atenden os intereses do capital transnacional. Galiza dentro dese contorno xoga un papel moi marxinal e periférico. Por iso ou nos mentalizamos de que temos que desenvolvernos polos nosos propios medios, explotando os nosos recursos naturais e coñecementos, ou a situación irá a peor. A Xunta leva anos sen exercer un compromiso co país aceptando as políticas neoliberais europeas, que conducen á precarización. Para a meirande parte dos empresarios, que teñen produtos destinados ao mercado interior, non é interesante que haxa precariedade porque queren que exista un poder adquisitivo que faga que se poida comprar o que eles venden. Polo tanto, a filosofía da precarización sae das multinacionais e do capital transnacional que é quen lle pode sacar rendemento.

Decidiron celebrar o Primeiro de Maio alén das outras dúas grandes centrais. Por que motivo?

Hai dúas diferenzas fundamentais con UGT e CC OO. A primeira ten que ver co marco das relacións laborais. Nós defendemos que sexa galego e non por razóns de tipo ideolóxico, senón porque permitiría que a clase traballadora galega puidese participar nas tomas de decisións que afectan aos seus intereses. Se a Xunta tivese máis capacidade normativa en materia laboral beneficiaría os nosos traballadores porque coñece mellor a nosa realidade. En segundo lugar, estamos contra os pactos de negociación colectiva que se fan a nivel estatal. Son acordos negativos para a clase traballadora en xeral. Véndennos a moto de que asinan os pactos de moderación salarial para favorecer a creación de emprego, pero o que provocan é unha perda de poder adquisitivo. O 50% dos traballadores privados teñen un contrato en precario e as súas empresas non respectan as cláusulas de suba salarial conforme ao IPC real. Por estas razóns, temos definido que en datas sinaladas non imos acudir en convocatorias unitarias agás en casos extremos, porque o que fai é confundir a mensaxe e leva a que os traballadores pensen que todos os modelos sindicais son iguais.

É certo que decreceu a afiliación sindical nos últimos anos?

No noso caso non son datos correctos. Nos últimos anos incrementouse a afiliación nun 8%. O que si se dá no noso caso é unha rotación moi grande. Moita xente afíliase pero permanece pouco tempo. Isto quere dicir que inicialmente somos un proxecto sindical atractivo, pero polos índices de precariedade que existen moitos marchan. Este é un aspecto que debemos coidar e que vai a debate no vindeiro congreso.

Que outros temas van debaterse?

Faremos un repaso da situación sociolaboral, incidindo moito na precariedade porque pode afectar ao futuro xa que agora úsase toda a vida laboral para o cálculo das pensións. Tamén falaremos das negociacións colectivas, que son básicas para a mellora da situación dos traballadores. Por outro lado, a nivel interno debateremos sobre o noso modelo organizativo, que pensamos que debemos mellorar porque en moitas comarcas non temos demasiada presenza. Por último, falaremos tamén da situación política e do debate sobre o futuro modelo autonómico. Neste sentido estamos preparando un proxecto de propostas laborais e económicas que deberían ser incluídas nun novo Estatuto, porque o modelo que escolleu o BNG de facer un Foro non é o mellor.

Vai volver presentarse como candidato?

Volverei presentarme porque teño os mesmos apoios que no anterior Congreso e porque pensamos que nestes catro anos fixemos un bo traballo, aínda que obviamente poidesemos cometer algún erro.

Haberá outras candidaturas?

Non o sabemos pero sospeitamos que si. De todos os xeitos estamos a manter contactos coas opcións que se presentaron no anterior Congreso para poder presentar unha candidatura unitaria. Se non sae ben esta negociación, o máis probábel é que se presenten catro candidaturas.

Presionou a CIG o BNG para que radicalizase o seu discurso?

Nós actuamos con total autonomía do BNG, aínda que formemos parte do movemento nacionalista. Todas as nosas accións van dirixidas a defender á clase que representamos, pero non temos ningún ánimo de presionar o Bloque, nin de intervir nos seus debates internos. A CIG ocupa un espazo moi importante dentro do nacionalismo e un gran peso dentro da sociedade galega. Por iso é normal que nos posicionemos en todo aquilo que afecta á clase traballadora.

Que opina das últimas diferenzas internas dentro do BNG e da dimisión de Beiras?

Normalmente as liortas internas son negativas de cara a imaxe que se transmite porque pode parecer que hai un certo debilitamento. Pero isto non sempre ten porque ser así. A CIG tivo liortas moi duras en épocas pasadas e sen embargo nas eleccións sindicais conseguimos manter a curva de crecemento. Polo tanto, todo vai depender de como se saia desas liortas e do que se lle ofreza posteriormente á sociedade. Eu valoro moito máis os proxectos colectivos que as individualidades. Se as organizacións teñen unha boa implantación social non existen problemas de liderado. O que pasa é que nestes momentos semella máis un problema mediático que outra cousa. Os medios de comunicación non adoitan dar boa imaxe do nacionalismo. Por iso cando xorden conflitos, se non se ten unha implantación social grande, pode haber problemas. O nacionalismo hoxe ten unha implantación importante que lle permite ter unhas garantías de influencia e mobilización que non se van vir abaixo por un conflito de liderado. Outra cousa é que se pense que a base social correspóndese cos mellores resultados electorais, porque non é certo. ♦

PACO VILABARROS

CC OO e UGT van unidas e a CIG convoca manifestacións propias

Poder adquisitivo, traballo na terra, estabilidade e protección social centran o 1º de Maio

H.V.

Un ano máis, o Primeiro de Maio carece dunha convocatoria unitaria, aínda que todas as centrais convocan manifestacións. UGT e CC OO rachan a súa unidade en Pontevedra e Ourense polos conflitos de Ence e Valeo e a CIG conta este ano con convocar outra vez os actos con maior asistencia.

Como é habitual, este ano a CIG convoca en solitario os actos do Primeiro de Maio. "Contra a perda de poder adquisitivo e polo emprego na nosa terra" é o lema que usarán os nacionalistas este Día Internacional dos Traballadores.

Antolín Alcántara, secretario de Negociación Colectiva da CIG, sinalou que a pretensión deste sindicato é "denunciar os pactos confederais de negociación colectiva en Madrid, asinados por CC OO, UGT e os empresarios, que implican a constante perda de poder adquisitivo". O feito de que nos pactos confederais non se garantan subas salariais que igualen a inflación é o que provoca unha perda de poder adquisitivo que só se corrixe se a CIG conta coa maioría nas empresas e forza convenios propios. "Por primeira vez en 2004 rebaixáronse os custos laborais debido á perda de poder adquisitivo e a precariedade", indicou Alcántara, que ademais cifrou en 42 euros por traballador e mes o incremento que tería que darse para garantir o poder adquisitivo.

"No que atinxe á demanda de emprego na nosa terra –dixo Alcántara–, o lema vén dado pola perda de traballo no noso país. Asistimos a un proceso de éxodo, de emigración, que implicou que en sete anos marchasen 200.000 persoas ao Estado e Europa".

As manifestacións da CIG parten ás doce da mañá do cruce da Dobrada en Vigo, da praza de Vigo na Coruña, da avenida de Esteiro en Ferrol, da Ferrería en Pontevedra e do pavillón dos Remedios en Ourense. Para as doce e media está previsto o inicio da mobilización noutras tres localidades: Compostela (praza Roxa), Lugo (Rolda da Muralla) e Ribadeo (Mercado). A manifestación central é a de Vigo, onde estará o líder do sindicato, Xesús Seixo.

UGT e CCOO

A UGT e CC OO pola súa banda organizan o Primeiro de Maio de forma unitaria. O lema que preside este ano a festa dos traballadores dos sindicatos estatais é "Máis emprego estábel. Mellor protección social". Con todo, a unidade quedará rota en Ourense e Pontevedra, onde os conflitos de Valeo e Ence separan a ambas centrais. De todos xeitos, as dúas forzas sindicais teñen previsto nestas localidades mobilizacións por separado aínda que empregando o mesmo lema.

As cinco restantes cidades galegas máis Boiro e Vilagarcía albergarán as manifestacións unitarias de UGT e CC OO. Como é tradicional, será Vigo a localidade que acolla a manifestación central de senllas centrais. Todos os actos celébranse en torno ao mediodía e discorren polo seu percorrido habitual.

Os líderes en Galiza dos dous sindicatos estatais, Xan María Castro (CC OO) e Xesús Mosquera (UGT) sinalaron que intentaron que a CIG se sumase á súa manifestación pero a distinta visión do país e dos intereses dos traballadores desta central levaron a que non houbese convocatoria conxunta das tres principais centrais. Deste xeito, prevese que, como tamén é habitual, a CIG consiga maior afluencia de manifestantes que os actos de UGT e CC OO. ♦

Obreirismo ferrolán

ELISEO FERNÁNDEZ

Nos últimos anos rexurdiu o interes pola historia dos movementos sociais, tentando o recoñecemento das organizacións dos traballadores na transformación da sociedade nun sentido democrático. E antes do dramático período de 1936-39 e nos anos da loita clandestina contra o franquismo, o obreirismo de Ferrol mantén unha traxectoria obrigada de salientar.

PRENSA E CRIACIÓN / A NOSA TERRA

Ministerio da Vivenda

MANUEL CAO

O problema dos prezos da vivenda foi tema estrela no debate electoral dos últimos anos e acabou por introducirse na axenda das políticas públicas materializada en propostas e programas que incluían medidas de carácter máis ou menos intervencionista orientadas, en aparencia, a reducir os prezos ou incrementar a posibilidade de optar as vivendas en réxime de aluguer. O goberno socialista xurdido do 14-M decidiu crear un ministerio para implementar a política de vivenda recuperando un modelo institucional vixente en certo período do franquismo. O balance dun ano de existencia do ministerio oscila entre a inacción e a ineficacia con escasas iniciativas e resultados imperceptíbeis para a maior parte da cidadanía.

En relación á problemática da vivenda en España mestúrase a desinformación coa demagoxia, o que lle afecta á percepción cabal dos distintos aspectos interrelacionados que interactúan e que se traducen nun aumento xeral dos prezos, nun aumento da demanda residencial, nun aumento das vivendas desocupadas, nun crecemento continuo das hipotecas e nunha baixa taxa de morosidade da débeda hipotecaria. Ao mesmo tempo, a dinámica do sector construción mantense forte e configúrase como un dos motores da demanda interna que alimenta o crecemento diferencial de España a respecto do conxunto da área euro. Quere isto dicir que a asignación de recursos cara á actividade residencial é un sinal de identidade específico do modelo de crecemento español no que están implicados moitos sectores, empresas, traballadores, profesionais e administracións, e que da vida ao tecido produtivo nun momento no que a demanda externa está a reducir as posibilidades de medra dun xeito gravísimo. Se isto é así, conviría ir con pés de chumbo á hora de xenerar expectativas de cambio que está por ver se son posíbeis e aínda desexábeis. Vexamos só algúns aspectos.

O prezo das vivendas é moi distinto segundo áreas xeográficas e situación no casco urbano das cidades. Existen indicadores xerais de evolución de prezos que non son moi fiábeis pero que informan da gran diferenza de prezos por comunidades autónomas e zonas residenciais. Isto indícanos que estamos diante dun mercado maduro e profundo que está capacidado para ofrecer produtos residenciais axeitados ás demandas diversas asociadas a usos moi distintos. Até hai pouco, os centros históricos estaban practicamente abandonados como áreas residenciais e agora as vivendas rehabilitadas teñen prezos astronómicos debido a unha mestura de causas que só afectan a este segmento do mercado. É dicir, en xeral as políticas de vivenda han de atender ao concreto e fuxir de estratexias e deseños globais que, en troques, son máis válidos para o discurso político mediático-electoral.

A canalización de aforro cara á vivenda, a xeración de actividade na construción e a dinamización en base aos créditos avalados coa revalorización do parque residencial é un circuíto de interrelacións que move a economía e que sería arriscado rachar. Unha diminución importante dos prezos da vivenda ocasionaría unha crise de enormes proporcións que afectaría a toda a sociedade. Pode non ser adecuada unha estrutura produtiva e financeira tan centrada na construción pero é froito das preferencias da sociedade española e das expectativas e capacidades dos seus axentes dominantes.

Mª Antonia Trujillo, no centro, ministra de Vivenda na festa do PSdeG en Caldas.

> 'A creación do Ministerio de Vivenda obedece máis á problemática da oportunidade político-electoral que á capacidade de ofrecer solucións efectivas a un asunto complexo"

A creación do Ministerio de Vivenda obedece máis á problemática da oportunidade político-electoral que á capacidade de ofrecer solucións efectivas a un asunto complexo e con moitas ramificacións intersectoriais e socioeconómicas. A política de vivenda ha de ser descentralizada entre as comunidades autónomas e concellos, como xa ocorre, pois facilita unha mellor asignación de recursos atendendo a segmentos de mercado e necesidades específicas. ♦

Nº 1.172 ● Do 21 ao 27 de abril de 2005 ● Ano XXVIII

Carrillo pide que non se confunda a xente comparando os nosos tempos co 1936

A extrema dereita volta ás rúas

CÉSAR LORENZO GIL

O intento de agresión a Santiago Carrillo foi o último dos incidentes protagonizados por grupos violentos de ultradereita, moi activos no último ano. Para o agredido, un dos poucos líderes republicanos aínda vivos, o PP trabúcase ao crispar "artificialmente" a vida política española.

"Non estamos no 1936 e deberiamos ser todos moi cautos para non insistir en separar os españois", dixo Santiago Carrillo, ex secretario xeral do PCE e un dos poucos líderes do tempo da II República aínda vivos. Carrillo considera que o seu intento de agresión é consecuencia dun ambiente, alimentado por declaracións de políticos, axentes sociais, xornais e incluso historiadores, que procura identificar os tempos actuais cos meses previos ao golpe fascista de Franco. O vello comunista até contou que perto da súa casa fixeron unha pintada que reza: "Así comezamos a guerra civil. E gañámola".

O ataque a Carrillo chega meses despois de que o ministro de Defensa, José Bono, fose empurrado nunha manifestación en contra da negociación coa ETA, nun ambiente no que a ultradereita considera que o goberno socialista está a vulnerar "a lexitimidade democrática". Carrillo considera que o PP está a alentar estas condutas violentas ao non aceptar a derrota nas eleccións do 14-M.

Manifestación de extrema dereita a pasada semana en Madrid.

Ese ambiente alimentouse tamén co desencontro entre o Estado e a Igrexa por causa dos casamentos de homosexuais ou pola retirada dalgúns emblemáticos símbolos franquistas, caso da estatua ecuestre que o ditador tiña en Madrid. Para unha parte da dereita, o PSOE está a colocar o país nun punto de división tan radical que non sería estraño que estourase un conflito civil.

Esta idea aliméntase desde algúns xornais, segundo Carrillo, que cita tamén varios historiadores "revisionistas", caso de Pío Moa ou César Vidal, que consideran que foi a esquerda quen iniciou a guerra civil e que foi realmente o bando republicano o que cometeu maiores barbaries contra a poboación. "Xogan a facer paralelismos e a esaxerar a actualidade. Segundo eles, España xa está nas mans dos comunistas e do separatismo", dixo Carrillo.

A ultradereita está nunha fase de visualización social e de suma de vontades. O PP conseguira retela nas súas fileiras durante o aznarismo mais a derrota deulles azas a opcións ultras para intentaren o "voo en solitario", ao xeito do que ocorre na meirande parte dos países europeos. O grupo La Falange, escindido do tradicional Falange Española de las JONS, negocia con líderes de Fuerza Nueva, grupos neonazis vinculados especialmente co fútbol e outros grupúsculos unha toma de posición real para chegar ás eleccións xerais próximas con opcións de escano. Proba desta estratexia foi a convocatoria dunha manifestación a prol da unidade de España o 17 de abril en Madrid ou diversos actos dos falanxistas en Euskadi ou Catalunya.♦

Barcelona

Carmel: Segunda parte

A. MARQUÈS

A comisión parlamentaria que investiga os feitos do barrio do Carmel pechou xa a súa primeira fase, a que se dedica a investigar as causas. Se esta foi algo semellante ao camarote dos irmáns Marx, a segunda fase pode ser, como mínimo, un circo.

Esta semana decídense os comparecentes para a segunda fase que, explicamos, tratará sobre a adxudicación da obra pública en Catalunya. Soaralles aquilo do 3 por cento. O que queda por diante é prometedor tendo en conta o que até agora deu de si a comisión de investigación dos feitos do barrio do Carmel.

Durante as semanas que durou a primeira fase, aquilo, xa dixemos, deu para o guión dun par de escenas dos irmáns Marx en relación ao afundimento das obras na liña 5 do metro de Barcelona. Director de obra, director de proxecto, responsábel de sondaxes xeolóxicas, director de Transportes da Generalitat, até o conseller responsábel da obra pública en Catalunya. Todos eles deixaron en evidencia dúas cousas importantes.

Que o afundimento das obras no Carmel podería terse evitado e, polo tanto, o desaloxo, aínda a día de hoxe, de mil persoas.

E o máis grave, incluso, é que o accidente se produciu pola confluencia dunha multude de irresponsabilidades de altura, inexplicábeis e incríbeis nunha obra pública. Quedou en evidencia, entre contradicións e acusacións, que non se fixeron as sondaxes xeolóxicas necesarias para un subsolo tan difícil como o do barrio do Carmel, que na obra houbo erros consecutivos de decisión e de execución, que o proxecto, tanto o inicial como o modificado presentan graves deficiencias…

O conseller responsábel da obra pública en Catalunya, Joaquim Nadal, xa dixo hai practicamente tres meses que o accidente era evitábel. Tan evitábel? Debería alguén render máis contas das rendidas?♦

LORENZO VARELA
LETRAS 2005



Lorenzo Varela
Marga Romero

Unha biografía armada con paixón e un fondo coñecemento da figura dun poeta excepcional que mantivo intacto o idioma e o amor pola terra.

Coleccion Esencias

Unha historia que nos pertence
A poesía en galego de Lorenzo Varela
Carlos M. Callón Torres

Un ensaio que restaura o papel decisivo e pioneiro da poesía en galego escrita por Lorenzo Varela.

Colección Nós os Galegos

A NOSA TERRA

Diplomacias

MONCHO FERNÁNDEZ LEAL

As relacións entre estados pertence ao campo da diplomacia, xénero dramático no que non é fácil o éxito de público. Cando o protagonista é un imperio, a representación culmina non poucas veces nunha guerra que, esixencias do guión, chaman preventiva. Sabemos que a teoría do presidente do grupo de multinacionais petroleiras que se xuntan na *glamourosa* Casa Branca a respecto dos incendios é que hai que tronzar as árbores, tamén por prevención.

Na Comisión de Dereitos Humanos reunida en Xenebra, os EE UU patrocinaron unha resolución contra Cuba. Hai que lembrar que a presencia dos EE UU en dita comisión fora rexeitada, cedéndolle o Estado español, daquela gobernaba o PP, o seu escano. Na mesma reunión, Cuba presenta unha proposta de investigación da situación dos prisioneiros en Guantánamo. A Unión Europea, a cada máis seguidista de Washington, anunciou que non a apoiaba.

A política exterior que defende o PP utiliza criterios pacifistas para sancionar a venda de material militar a Venezuela coa mesma naturalidade que fala de paz cando apoia os bombardeos do Iraq.

O ministro de Exteriores español vén de se xuntar coa administración norteamericana, que o avaliou negativamente en dúas materias: Cuba e Venezuela. O feito explica cal é a política exterior dos EE UU. Alí está Posada Carriles, terrorista cubano con currículo ao servizo da CIA. Amais, nas cadeas están cinco prisioneiros cubanos, que traballaron para evitar as accións do terror sobre a illa.

Hai tres anos do golpe de estado en Venezuela, a maior reserva petroleira do planeta. Hai despachos de política internacional con cheiro a petróleo. Se informasen de todo isto coa mesma intensidade coa que se fai co proceso de proclamación que vive a monarquía absolutista vaticana, se cadra o mundo estaba máis perto do pensamento libre que do libre comercio.♦

A ELECCIÓN DE BIEITO XVI

O Vaticano fortalece o núcleo duro e négase ás reformas

Joseph Ratzinger: de inquisidor a papa

VITORINO PÉREZ PRIETO

A escolla de Bieito XVI creou decepción entre os sectores máis progresistas da Igrexa Católica. O papa Ratzinger defendeu, nos seus tempos de cardeal, un catolicismo férreo cunha doutrina capaz de frear os cambios que producira o Concilio Vaticano II.



Intre no que Joseph Ratzinger aparece en público por primeira vez tras ser escollido Papa.

Hai unhas semanas semellaba que poucos pensaban en Joseph Ratzinger como sucesor de Xoán Paulo II á fronte da Igrexa Católica Romana. Mesmo, non estaba entre os *papábeis* máis probábeis nas listas desde hai anos até hoxe, aínda que sempre figurara nelas pola súa proximidade física e ideolóxica co papa Karol Wojtyla, como brazo dereito e verdadeiro "número dous" de Xoán Paulo II, desde o seu cargo de prefecto da poderosa Congregación para a Doutrina da Fe e decano do Colexio Cardenalicio . "Un Grande Inquisidor non pode ser Papa", aseveraba J. M. Vidal, un dos xornalistas españois que máis sabe das reboticas vaticanas (velaí os seus libros *Intrigas vaticanas* e *Habemus papam*) a comezos de abril en *El Mundo*. O mesmo Leonardo Boff escribira recentemente no xornal brasileiro *O Estado* que Ratzinger "non será nunca papa, porque foi en todo excesivo; a intelixencia dos cardeais non o permitiría". "Ratzinger *papábel?* –preguntábase J. G. Bedoya en *El País*– ¿Pode acceder ao pontificado o cardeal que castigou nos últimos anos miles de teólogos, acusado, ademais, de ter resucitado o infame Santo Oficio da Inquisición, que suprimiu o Concilio Vaticano II? ¿Soportaría a Igrexa romana, sumida nunha grave crise, un liderado que a enfrontaría aínda máis ao numeroso sector aperturista que representan os mellores e máis famosos teólogos do momento?". Foran ou non xustos os seus xuízos, evidentemente, non foron profetas.

Houbo outros aos que non lles estrañou a elección do novo papa e mesmo a aplaudiron sen reservas. Non só os chamados "Ratzinger Boys", do seu club de fans ("The Cardinal Ratzinger Fan Club", con web na rede), senón os sectores máis conservadores da Igrexa. Pero, certamente, a imaxe rixida do cardeal alemán, tan posicionada no sector conservador, parecía indicar que non podería lograr o consenso de todos os sectores representados nos 115 cardeais electores. Mesmo, nos últimos días antes do conclave, se lle opuxo como candidato o cardeal Martini, da súa mesma idade, representante do sector máis progresista. En fin, Ratzinger até tivo en 1991 unha hemorraxia cerebral que o obrigou a permanecer hospitalizado dez días, tocando gravemente a súa saúde.

Pero fallaron as previsións. Ratzinger, o "gardián da ortodoxia", "can cérbero da fe" e "martelo de herexes", o "*panzerkardinal*", "cardeal de ferro" e "ideólogo da involución" da Igrexa na era Wojtyla... e outras lindezas coas que o alcumaron alcumado, en todo caso elemento clave na desactivación de moitas das conquistas do ilusionante Concilio Vaticano II, converteuse en Bieito XVI, o primeiro papa do século XXI; con ledicia para uns e bagoas de tristura nos ollos de moitos dos que agardaban por un novo papa na praza de San Pedro.

Decepción

Como os desencantados discípulos de Emaús, índose de Xerusalén tras do fracaso que representara a morte do Mestre Nazareno, moitos puideron reaccionar inmediatamente dicindo "Nós esperabamos que o primeiro papado do novo século fose o do necesario cambio da Igrexa"; pero non foi así. Nin sequera se optou por unha renovación moderada, senón por un persoeiro escollido en clave da continuidade; unha especie de *wojtylianismo* sen Wojtyla. Non todas as reaccións foron tan negativas como a de José Saramago, quen dixo que coa elección de Ratzinger como papa "a vella Inquisición subiu ao poder". Pero esa desilusión foi a manifestada polo antigo colega de Ratzinger, o teólogo suízo H. Küng, que falou de que representaba "unha gran desilusión para moitos católicos". "Esperabamos un Papa pastoral de reformas", veu dicir; pero mostrouse sabiamente partidario de esperar as súas primeiras actuacións. Pola súa banda, outro dos teólogos censurados por Ratzinger, Boff, manifestou tamén a súa tristura pola elección, pero pediulle ao novo papa "que pense máis na humanidade e menos na Igrexa". O teólogo brasileiro chegara a dicir hai uns meses nun xornal que Ratzinger era "un dos máis odiosos cardeais da Igrexa", pola súa rixidez doutrinal e por ter humillado co seu autoritarismo as conferencias episcopais e os seus compañeiros bispos e cardeais. O mesmo explicou Aloisius Lorscheider, vello arcebispo e cardeal brasileiro que non puido ser elector por pasar dos 80. Puxera a Ratzinger á cabeza dos cardeais europeos aos que acusou de querer dominar a Igrexa cun "senso de superioridade intolerábel"; polo que manifestou non desexar un cardeal da vella Europa. Pero mesmo entre os seus colegas alemáns, Ratzinger non contaba co apoio unánime; téñeno criticado publicamente dous prestixiosos cardeais alemáns, K. Lehmann e W. Kasper, o primeiro por cuestións pastorais e o segundo por cuestións ecuménicas (as nefandas afirmacións do Prefecto no documento "Dominus Iesus").

Nas antípodas destes están as reaccións dos sectores conservadores da Igrexa. A Prelatura do Opus Dei mostrou a súa alegría pola elección, asegurando que "o novo Pontífice é un don de Deus á Igrexa e ao mundo"; non en van Ratzinger é doutor *honoris causa* pola Universidade do Opus en Navarra. O bispo Ricardo Blázquez, novo presidente da Conferencia Episcopal Española, dixo que se alegrara "moitísimo", porque "sen dúbida, o dedo de Deus estivo no conclave".♦

VITORINO PÉREZ PRIETO é teólogo e escritor.

Un cambio de nome, un cambio de óptica

V. PÉREZ PRIETO

Dificilmente Bieito XVI será "o papa da oliveira", pero terá que traballar, necesariamente, ardentemente, pola paz con xustiza dentro e fóra da Igrexa. Aínda que moitos gardamos con agarimo e lemos de cando en vez algún dos seus vellos libros de teoloxía, como a súa *Introdución ao cristianismo* (1973), que o teólogo español Olegario G. de Cardenal puxo entre os cen libros de teoloxía máis importantes do s. XX, ao lado de algúns que tiveron unha evolución ben diferente como K. Rahner, Küng e o mesmo G. Gutiérrez, pai da Teoloxía da Liberación. En calquera caso, oxalá Bieito XVI faga certas as verbas que pronunciou na súa primeira comparecencia en público, e sexa verdadeiramente "un sinxelo e humilde traballador na viña do Señor"; non un tirano personalista, senón un home honesto pero discreto, que saiba escoitar a verdade dos outros máis que impoñer a súa. Un home, en fin, que –tamén coas primeiras verbas de Bieito XVI– camiñe coa Igrexa "na alegría do Señor resucitado", con humor e con amor máis que obsesionado pola verdade, e non condenando o mundo e amargándolle a vida a xente de dentro e fóra da Igrexa.♦

A ELECCIÓN DE BIEITO XVI

A visión galega

V.P.P.

E nós? Evidentemente, Joseph Ratzinger non era o meu candidato, e non me causou precisamente alegría o seu nomeamento, polo temor a que free cambios necesarios e inmobilice aínda más a Igrexa. Pero sei tamén que non é o mesmo ser cardeal que ser papa; o goberno da Igrexa é un desafío tan grande que cardeais conservadores que entran no conclave poden resultar logo pontífices progresistas. Lémbrese a sorpresa que deu outro papa vello e conservador, "de transición", Xoán XXIII; até os cardeais que o elixiron chegaron e dicir logo que se puxera tolo, e mesmo houbo opinións de que no Vaticano deixáronno morrer para que non seguise revolucionando a Igrexa. Isto

Unha relixiosa celebra o nomeamento do novo Papa.

fai que non perda a esperanza... até que as súas actuacións me manifesten o contrario. Paréceme un bo sinal que non escollese ser chamado co nome continuísta "Xoán Paulo III"; aínda que o Benedictus anterior (Bieito XV, 1914-1922) quixo ser pacificador nos tempos da turbulenta I Guerra Mundial, pero foi tamén un papa de leis e normas ríxidas, o papa do "Código de Dereito Canónico". O cambio de nome pode ser simplemente a vella estratexia de cambiar algo para que non cambie nada. Pero, en calquera caso, na Igrexa teñen que cambiar moitas cousas para ser unha Igrexa digna dun novo século, para estañar feridas e non levar os enfrontamentos internos a unha situación que xere unha nova ruptura, no canto de camiñar cara á unión cos demais cristiáns.

Canto peor mellor

Claro que non deixa de haber quen aplique a esta elección tan conservadora a tese marxista da agudización das contradicións: "canto peor, mellor". Canto máis tensen as cordas involucionistas da Igrexa, máis medrará nas bases o clamor por unha verdadeira reforma. É certamente é necesaria esta reforma profunda e revolucionaria da Igrexa; unha *metanoia*, unha auténtica conversión. Unha transformación que acabe coa vella e caduca estrutura piramidal, monárquica, de poder, a prol da evanxélica estrutura de *koinonía*, de comuñón: unha Igrexa de iguais, de cristiáns responsábeis, adultos na fe; unha verdadeira comunidade de comunidades na que o ministerio sacerdotal non sexa un privilexio dunha caste célibe, senón un servizo de persoas libres. Católicos que camiñen co resto dos cristiáns, cos crentes de tódalas relixións e con todas as persoas de boa vontade na construción dun mundo de irmáns. ♦

Aquí fóra

O coronel no seu labirinto

Roberto Mansilla

Que a rexión andina transita por un sendeiro de inestabilidade resulta un escenario tan evidente como preocupante. A presión social, con tintes secesionistas, intereses gasíferos e petroleiros mediante, que acendeu Bolivia hai unhas semanas, e que estivo a piques de acabar co seu goberno, é un panorama que agora se completa coa crise política e institucional en Ecuador. Todo isto sen esquecer que o presidente peruano, Alejandro Toledo, afronta tamén tempos difíciles, que existe unha perigosa rexionalización do conflito colombiano e tamén un incerto transitar da convulsionada revolución bolivariana en Venezuela.

De todos estes escenarios, Ecuador conforma o microcosmos desta inestabilidade rexional. Ningún país, incluída a inestábel Bolivia, tivo tantos cambios de goberno, eleccións á parte, desde 1997. Por esta orde, Abdalá Bucaram, Gustavo Noboa, Jamil Mahuad, Alberto Dahik e, agora, o ex coronel Lucio Gutiérrez, pasaron polo palacio de goberno de Quito nos derradeiros anos, nalgúns casos por triunfos electorais, outros por caídas de gobernos tras presión social, golpes de Estado ou inhabilitación xudicial.

A decisión tomada polo presidente Lucio Gutiérrez en decembro pasado de alterar a conformación do Tribunal Supremo con xuíces aparentemente afíns á súa xestión, revelou unha deriva autoritaria que provocaron unha crise institucional, a mobilización nas rúas e a marcada oposición do Congreso á súa xestión. A oposición nunca recoñeceu a legalidade deste Tribunal Supremo e, incluso, o poderoso movemento indíxena da CONAIE, noutrora aliado político de Gutiérrez, pasou a ser un dos seus principais opositores. Neste sentido, o presidente comezou a refuxiarse no estamento militar.

Ante o choque de poderes entre o lexislativo e o poder xudicial, coa presidencia de por medio, e o descontento popular nas rúas, Gutiérrez, secundado polo poder militar, adoptou o venres, 16 de abril a implementación do "estado de excepción", co seu compoñente de suspensión de liberdade de asociación e circulación. Se ben foi eliminado un día despois, trala presión realizada pola UE a través de España, o parlamento ditaminou o domingo 17, nunha sesión extraordinaria, a "inconstitucionalidade" da medida adoptada por Gutiérrez en decembro, e a supresión do actual Tribunal Supremo.

> 'Nos derradeiros tempos, Gutiérrez buscou afastar a súa imaxe con respecto a Chávez e pregarse aínda máis ás medidas monetaristas do FMI"

O que revela a crise é unha estraña amalgama de poder no país. Para complicar o pulso político, o presidente do Supremo aprobou unha medida na que suprimía os xuízos contra os ex presidentes Abdalá Bucaram (un amigo íntimo), Gustavo Noboa e Alberto Dahik, que regresaron ao país dende os seus exilios. O caso de Bucaram foi significativo: considerado un personaxe pintoresco, foi recibido por unha gran multitude e anunciou a necesidade dunha "revolución bolivariana" como a de Hugo Chávez en Venezuela.

O estraño paralelismo é significativo: o presidente Gutiérrez sempre mantivo grande empatía co seu homólogo venezuelano e, incluso, as súas carreiras políticas transitaron por episodios similares. A medida xudicial de Gutiérrez foi a mesma que implementara, tamén en decembro pasado, Chávez en Venezuela. Pero nos derradeiros tempos, Gutiérrez buscou afastar a súa imaxe con respecto a Chávez e pregarse aínda máis ás medidas monetaristas do FMI. Precisamente, unha das claves da crise ecuatoriana xira en torno ás medidas do FMI e a impopularidade destas.

O ex coronel Gutiérrez enfróntase agora a un parlamento abertamente na súa contra e á inmediata e influente mobilización popular, que xa acabara cun presidente, Jamil Mahuad, en xaneiro de 2000, precisamente cando Lucio Gutiérrez e a CONAIE provocaron un alzamento cívico-militar. Do mesmo xeito, o presidente ecuatoriano observa un poder xudicial dividido entre os seus partidarios e os seus opositores. Tan só resta saber con quén se aliñará o estamento militar e se a súa posición poderá implementar o retorno da normalidade institucional no país. ♦

Roberto Mansilla Blanco é analista do IGADI

NOVIDADES



Eduardo Blanco Amor

Xosé Carlos Ruíz Silva

Eduardo Blanco Amor é unha das grandes figuras da literatura galega. Foi poeta, narrador, ensaísta e en todas esas facetas deixou obras de enorme valor. A súa vida mantén un elo máxico que o encardina co seu propio mundo literario até converterse nun atractivo e contraditorio mosaico vital que desenvolveu intensamente entre Galiza e Bos Aires.

Reimundo Patiño

Antón Patiño

Existiu un pintor que quixo situar a arte galega na vangarda e no seu labor bebeu nas tradicións máis milenairias de Galiza. Reimundo Patiño bateu coa pintura, o cartelismo, o cómic e a literatura até converterse nos anos 60 do século pasado nunha referencia certa para as novas xeracións.

A NOSA TERRA · ESENCIAS

A euforia dos medios de comunicación non chegou ás bancadas

O Celta, cos pés en segunda

CÉSAR LORENZO GIL

A derrota ante o Córdoba (que era colista) en Balaídos, acabou coa euforia que embriagaba os medios de comunicación vigueses. O ascenso non está cocido aínda e as últimas nove xornadas de liga serán ben emocionantes.

Parar para tomar folgos. Así define Fernando Vázquez cada derrota do Celta neste campionato, especialmente na segunda volta, cando o equipo celeste conseguiu pórse en forma e colleitar moi bos resultados, tanto en Vigo como fóra. Se a derrota diante do Cádiz, hai un mes, valeu para asinar tres vitorias seguidas, os tres puntos perdidos diante do equipo cordobés talvez se recuperen en próximas citas.

A derrota tamén desconecta a euforia dos medios de comunicación locais, que pasaron varias semanas facendo cábalas sobre que equipo fará o Celta para a primeira división e xogando, cos propios futbolistas, a adiviñar quen permanecerá no equipo a tempada que vén. "Todos nos deixamos arrastrar un pouco pola ilusión de voltar á elite e perdemos pé", recoñeceu o extremeño Jesús Perera, dianteiro céltico.

Contodo, a euforia non se transplantou das páxinas dos xornais ás bancadas do estadio de Balaídos. Diante do Córdoba había moito cimento, a pesar de que non era televisado o encontro e se xogaba un domingo ás 6 da tarde. A boa xeira de resultados, o liderado e a mellora no xogo non conseguiron engaiolar a afección, que se cadra garda os cartos por se pode investilos o ano que vén na primeira división. ♦

Hai pouco máis de un ano, o estadio vigués presentaba este aspecto nun partido da *Champions*. Unha imaxe que en nada se parece ás deste ano, coas gradas, practicamente desertas. PACO VILABARROS

Fernando Vázquez deixou de ser coruñés

C. LORENZO

Cando Fernando Vázquez asinou polo Celta, dous xornais de Vigo fixeron un perfil biográfico del no que sinalaban que era "deportivista" e que manifestara varias veces o seu desexo de acabar adestrando en Riazor. Non se deu ningunha fonte desta simpatía máis alá da "obviedade" de que ao ser de Castrofeito era lóxico ser do Dépor. Durante a etapa máis irregular do Celta, Fernando Vázquez tivo que recibir críticas de todo o tipo pero dúas eran constantes. Cando se falaba del na prensa viguesa, nomeábano como o "técnico coruñés", "preparador de Castrofeito (A Coruña)", ao tempo que se lembraba "o seu historial como adestrador que descendeu moitos equipos". Estes eran os seus principais valores, cos que se xustificaban os ataques por deixar a Gustavo López no banco ou insistir na parella Canobbio-Jandro na media punta.

Mais cando chegaron os bos resultados e Horacio Gómez anunciou que, subise ou non o Celta, Vázquez seguiría en Balaídos, os mesmos xornais mudaron de actitude. Hoxe xa ninguén menta esa suposta simpatía branquiazul, ninguén dubida da súa capacidade e onde antes se atacaba a súa teimosía agora se gaba a súa valentía para converter os xogadores da canteira na columna vertebral do equipo. Mentres os outros favoritos ao ascenso, caso do Alavés, do Elxe ou do Valladolid, suan frío para se manteren na pelexa da parte alta da táboa, o Celta segue a contar cun colchón de sete puntos, un luxo a prezo de caviar na segunda división. ♦

EXERCICIO E SAÚDE

XURXO LEDO

Hábitos posturais

Acotío pódese comprobar como padecemos algún tipo de dor articular ou muscular, da que ocasionalmente coñecemos a causa pero que case sempre nos pasa inadvertida. Asimesmo escoitamos e lemos moitas veces que o deporte é san. Imos ver algunhas consideracións que nos farán practicar con máis senso e que, de respectalas, conseguiremos unha maior saúde.

Que son os hábitos posturais?

Son os costumes que temos con respecto a:

- como nos sentamos
- como permanecemos en pé
- como collemos algo do chan
- como nos erguemos da cama, dun sofá ou dunha cadeira
- como transportamos pesos, por exemplo bolsas
- como varremos ou fregamos
- como facemos a cama
- en que posición durmimos
- etc.

Cada unha destas situacións que todos coñecemos provocan unha determinada postura e chamámolas hábitos.

Deberiamos aprender a coñecer o funcionamento básico das estruturas corporais e os hábitos incorrectos. Se pensamos que cando nos doia resolverémolo indo ao médico, entón seremos candidatos a persoas doridas, con malestar articular, con problemas dixestivos e con períodos de crise de saúde que poden facernos permanecer na cama varios días debido a lumbalxias, inflamación do nervio ciático, etc.

Factores clave

Non podemos ter todo controlado e seguro que moitas veces faremos algún movemento, algún xesto que non sexa correcto, pero se coñecemos uns cantos factores clave, poderemos previr, e moitas veces evitar, problemas molestos e desagradábeis.

- non manter a mesma postura moito tempo cando estamos sentados.
- o estar tempo de pé en actitude de espera, intercambiar acotío a posición de apoio entre unha perna e a outra.
- non durmir boca abaixo.
- cando se transporten bolsas, repartir o peso entre ambos os dous brazos.
- non elevar pesos por enriba da cabeza.
- colocar o ordenador de forma que a parte central da pantalla estea á altura dos ollos e de fronte, nunca de lado.
- cando recollamos algo do chan, separar as pernas como mínimo á anchura dos ombros e flexionar os xeonllos para agacharse.
- procurar non escribir co corpo ladeado senón máis ben de fronte.
- ao erguerse da cama ou dende o chan, non facelo de fronte senón de lado, apoiando primeiro os brazos.
- se collemos un peso tentar que as pernas sexan as que realizan máis forza e que o peso estea o máis perto posible do corpo.
- se levamos unha mochila ás costas, tentar que vaia pegada na súa maior extensión e que a parte inferior daquela non chegue até o cu. O peso non debe introducirse no fondo da mochila.

Actividades físicas que deben controlarse

No deporte ou no xogo tamén se producen situacións perigosas que poden danarnos considerabelmente. O deporte non é saudábel se non se teñen en conta principios fundamentais que todos debemos respectar. Estes principios son:

- antes de iniciar calquera actividade física intensa debe realizarse un quecemento: por exemplo, non se poden realizar grandes saltos, carreiras a velocidade alta, lanzamentos a distancia ou con forza ou golpeos.
- non se pode golpear un balón no fútbol antes de quecer correctamente.
- en actividades de loita non se poden facer xestos que impliquen desequilibrios bruscos, empuxes potentes ou grandes doses de forza.
- é necesario practicar calquera actividade con ambos os dous lados do corpo, non se pode adestrar un lado e o outro non.
- o descanso é fundamental, senón descansamos o suficiente non avanzamos e incluso empeorase con riscos importantes para a saúde.
- é fundamental beber abundantemente ao facer actividades físicas, sobre todo beber moitas veces no lugar de poucas e moita cantidade.

Se as situacións mencionadas se dan en gran número e con frecuencia, entón é probábel que se produzan lesións ou outro tipo de problemas que impidan unha vida saudábel e un gozo pleno.

O exceso de peso que diariamente transportan os cativos nas súas mochilas pode danar a súa columna vertebral. Aínda así, tal e como remata de demostrarse nun estudo, un 34,8% dos escolares carga ás súas costas, ao menos unha vez á semana, máis dun 30% do seu peso corporal.

Esta cifra é o triplo do establecido polos especialistas, quen recomendan que o peso máximo destas carteiras non exceda o 10%-15% do peso do menor.

"A observación de que 14 [de 154] nenos de 10 anos presentou sinais de dexeneración asintomática do disco foi unha sorpresa. Antes pensábase que a dexeneración do disco ocorría logo da puberdade, indicou Francis Smith, un radiólogo consultor de medicina deportiva no Hospital Woodland en Aberdeen, Escocia. ♦

Luísa Villalta.

O Papagaio de Longueira e Luísa Villalta

O 21 de abril inaugúrase no Pazo da Cultura de Pontevedra a exposición *O papagaio: a pegada dos sentidos* cun recital poético no que participan a escritora Marga Romero, Adolfo Caamaño, Eva Veiga e Fernández Naval. Na mostra Maribel Longueira presenta unha serie de fotografías tiradas no derruído barrio do Papagaio da Coruña, entre as que se inclúen instantáneas de portas e xanelas desfeitas ou paredes con fendas configurando unha particular ollada. As poesías da falecida Luísa Villalta completan a exposición.♦

Olegario Sotelo Blanco.

Vinte e cinco anos da editorial Sotelo Blanco

En 1980 fundábase a editora Sotelo Blanco co obxectivo de recuperar a cultura galega e iniciar unha liña de apoio a xéneros como a poesía e o teatro e aos artistas máis novos. Agora a editora cumpre vinte cinco anos no mundo do libro e celebra este cuarto de século cunha serie de actos que contarán coa presenza de Jose Saramago, Manuel Rivas, Juan Marsé, e Miguel Anxo Fernán-Vello entre outros. Ademais das conferencias e as mesas redondas inaugurarase unha exposición de documentos.♦

Antoloxía de Manuel Rivas en italiano

A editora Feltrinelli vén de publicar en italiano *La lingua delle farfalle*, unha antoloxía de relatos do escritor Manuel Rivas, coincidindo co cincuenta aniversario da editorial. Traducidos polo catedrático de literatura Danilo Manera, especialista ademais da obra de Emilia Pardo Bazán, os texto seleccionados pertencen a diferentes libros do autor. Con Feltrinelli Rivas xa publicara Il lapis del falegname, obra que foi levada ao cine por Antón Reixa, e o libro infantil Il pirata Testamatta.♦

Destacada presenza galega en Boloña

A Feira do Libro Infantil de Boloña concluíu o 16 de abril cunha destacada participación galega, a maior entre as que se teñen celebrado. Ademais de ilustradores e autores, desprazáronse a cidade italiana as editoras Cumio, Baía, A Nosa Terra, Kalandraka, Xerais e Nova Galiza e o presidente da Asociación Galega de Editores, Miguel A. Fernán-Vello. O Ministerio de Cultura realizou unha exposición sobre Cervantes, na que a presenza galega correu a cargo da serie do Quixote, realizada por Anxo Fariñas para *A Nosa Terra*.♦

GAITEIROS DE CÁMARA

A NOSA TERRA
Nº 1.172
Do 21 ao 27 de abril de 2005
Ano XXVIII

Cultura

Actuación de Óscar Ibáñez e Edelmiro Fernández no teatro Principal de Pontevedra o pasado 8 de abril.

GONZALO GARCÍA / AGN

An Santiago, o mes de maio trae, á parte de flores, libros. Entre o 22 de abril e o 1 de maio, a capital celebra a súa feira do libro, a mellor maneira de achegarse ás novidades do mercado editorial galego. E para acompañar as lecturas, boa música. Lugo e Vigo veñen de estrear dous festivais que teñen como eixo central a música clásica e o piano. A Semana do Corpus de Lugo inauguraba a súa XXXIII edición co recital da mezzosoprano Vivica Genaux o pasado 19 de abril. Cun programa variado, o festival contará até o 18 de xuño coa presenza de personalidades destacadas dentro dos diferentes xéneros, como John Mark Ainsley. Ese mesmo día daba comezo en Vigo o Festival Internacional de Piano que se desenvolverá até xuño e no que participarán, entre outros, Antonio di Cristofano ou Enrique Bátiz. E do son á imaxe. O venres, 22 de abril, Arthur Penn estará na Coruña, nun coloquio conducido por Miguel Anxo Fernández ao redor da súa obra. Este clásico vivo do cinema estadounidense dirixiu *Bonnie and Clyde* ou *The Miracle worker*.♦

Cultura

O ‘cinemista’ que acariñou o barro galaico

O cine experimental de José Val de Lomar móstrase no MARCO

X. Enrique Acuña

Coa proxección das películas experimentais de José Val de Lomar, entre o 21 de abril e o 13 de maio no salón de actos do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, chega ó perfil vangardista e renovador dun cineasta único que tardou en ser recoñecido e admirado. Unha delas ten como protagonismo a súa visón de Galiza coa fita *Acariño galaico*.

Era Val de Lomar aquel mozo granadino que a posición paterna conducía, ou condenaba, a forxar o seu porvir desde unha aseada e pulcra rexencia dos negocios familiares. E a verdade é que o intentou e mesmo probou a vender coches nunha cidade á que chegou o impacto do cine silente primeiro e do sonoro despois. Con el, o descubrimento por José Val de Lomar, quen nacera en 1904 e estudara coas “arrecogías” de santa María a Exipciaca, de que o cine sería para a súa biografía algo máis que unha simple diversión. Soubo, cando seguindo un rito da burguesía provinciana, aterrou en París e alí recoñeceu outro cine ben distinto dos mostrados nas carteleiras granadinas. Foi o que lle deixou a pegada definitiva e a dúbida sobre o seu futuro. Xa non sería pois o comerciante obvio e propio do seu rol social e, pola contra, os seus investimentos conduciríano directamente cara ao cine. Unha antiga cámara de 35 mm utilizada antes por Alejandro Pérez Lugín faría debutar no cinema a Val de Lomar que, de seguido, adoptou un perfil experimental na senda daquel que iniciara anos atrás o pioneiro Segundo de Chomón.

Mais a súa vitalidade cinematografía aínda estaba por asentar. Necesitou da chegada da II República e as súas doses intensas de entusiasmo e voluntarismo para sumarse, con elas e os consellos do seu veciño e amigo Federico García Lorca, ao roteiro amábel das Misións Pedagóxicas. A tal altura, a súa bagaxe xa non era a dun intruso. Val de Lomar conevertérase nun máis que aplicado cineasta dotado de discurso diferenciado e propenso a adoptar riscos técnicos. Tamén atento ás mensaxes das vangardas e coñecedor de toda a renovación da linguaxe cinematográfica das décadas dos 20 e 30 que o axudaría a inserirse nas tropas culturais de Manuel Bartolomé Cossío. Como un “misioneiro” máis sumouse pois a aquela aventura e escola ambulante integrada por boa parte da intelixencia cultural republicana e dotouna dunha sección de cine documental en 1931. Estrutura que, nun primeiro momento, confirmaríase como fundamental para a inculturización misioneira e que, pasados os anos, volveríase en definitiva para preservar en imaxes a memoria e labor das Misións.

Val de Lomar foi da partida daquel “Retablo de Fantoches” que animaba Rafael Dieste e con el viaxou por numerosas vilas e cidades españolas. Filmando e fotografando como cando se achegou a Galiza por terras de Compostela e Fisterra entre agosto e decembro de 1933. Val de Lomar misionou cos Otero Espasandin, Urbano Lugrís, galegos nas Misións, e tamén partillou con Cecilio Paniagua, o compañeiro de aventuras cinematográficas tamén republicanas de Carlos Velo, o aparato documentalista daquela intensa aventura pedagóxica logo frustrada violentamente polo alzamento militar de xullo de 1936 e o, posterior e cruento pra algúns dos “misioneiros”, conflito armado desenvolto até 1939.

José Val de Lomar pasa o trienio bélico en labores de propaganda cinematográfica o abeiro das directrices artísticas e políticas de Josep Renau na Valencia leal e gobernamental que tomaron ao fin as tropas paisanas do pintor Arturo Souto, daquela con similar misión na capital accidental da República. A leva galega do “Cuerpo de Ejército de Galicia” pisou marcialmente as rúas valencianas e a súa entrada foi filmada pola cámara dun Val de Lomar que tivo a intelixencia e a sorte precisa para solventar as vinganzas represivas do franquismo. Unha revista tan ligada á Coruña como *Radio Cinema* publicitou en 1940 a reaparición cineclubista de Val de Lomar aínda en terras mediterráneas e en datas previas ao seu traballo madrileño nos Estudios Chamartín para os efectos especiais de *Escuadrilla*, a película patriótica e xa franquista que en 1941 dirixiu o ourensán Antonio Román.

Tríptico documental

Tentou Val de Lomar seguir inventando e experimentando no franquismo atrapado polos vicios e soños da autarquía para lembrarnos a, tan parella como frustrante, experiencia inventiva de Enrique Barreiro. Como o cineasta pontevedrés, moitos das suas patentes caeron vítimas da burocracia ministerial ou a imposibilidade certa de confirmación industrial ou comercial. Servíronlle con todo para dotarse dunha máis que solvente capacidade técnica e cinematográfica que chegaría a configuralo como referente da cinematografía non comercial. O seu traballo en institucións oficiais como Radio Nacional de España e o Instituto de Cultura Hispánica abriríalle posibilidades creativas pero, pola contra, non lograron disipar a desconfianza en certos foros internacionais. En 1960 foi convidado pola Televisa mexicana a desenvolver unha das súas novidades técnicolóxicas e alí viviu un ano frecuentando nos Estudios Churubusco ao seu vello amigo, o como el cineasta documental en tempos de República, Carlos Velo. Retornou sen que puidese concretar a proposta e, aos poucos, transitaba coa súa cámara por terras ourensás para iniciar a rodaxe de *Acariño Galaico*. Un vello proxecto, xa imaxinado nos días misioneros dos anos trinta, co que quixo plasmar un tríptico documental que comezara en 1955 co filme *Aguaespejo granadino*. Val de Lomar sería o guionista, director, fotógrafo e montador desta película que tería continuidade con *Fuego en Castilla* rodada entre 1956 e 1959.

A andaina galega de Val de Lomar vén dada pola amizade que trazou con Arturo Baltar, o escultor ourensán que lle abriu os seus coñecementos como modelador en barro. Mesmo se convertiu en protagonista e actor privilexiado de moitas das tomas. Como aquela na que Baltar se mostra embadurnado, cal escultura vivente, ante repetidos encuadres valdelomariáns.

Un serio e atento coñecedor da obra de José Val de Omar como Romá Gubern sitúa a orixe deste filme no achegamento a Federico García Lorca e na lectura dos seus seis poemas galegos. Tamén na influencia da poética de Rosalía de Castro ampliada nesta ocasión pola presenza no proxecto do tamén poeta Enric Massó.

O devalar real de *Acariño galaico* foi amplo no tempo e confuso na súa realización e acabamento. Rodada en períodos intermitentes, que se prolongaron até 1981, chegou a perder o título orixinal para tomar posteriormente a denominación *De Barro*. En realidade foi un proxecto inconcluso xa que a morte de Val de Lomar en agosto de 1982, vítima das secuelas dun accidente de tránsito, impediu que el persoalmente fose quen de rematar a obra.

Cando xa a súa figura e obra viña ser custodiada pola fundación que adoptou o seu nome, un coidadoso proceso de restauración foi quen de recompor con mestría e lealdade fílmica as imaxes panteistas de *Acariño galaico* e ser recuperadas nun traballo dirixido por Javier Codesal en 1996.♦

A escultura Arturo Baltar, protagonista de *Acariño galaico*, de José Val de Lomar. Arriba, outra escena da película.

Cultura

Que viva Ratzinger!

VÍTOR VAQUEIRO

Hai uns poucos minutos veño de coñecer a elección de Joseph Ratzinger, de nome papal Bieito XVI, para ocupar a cadeira de San Pedro, supoñendo que tal hipérbole me sexa permitida xa que, até onde atinxen os meus coñecementos, a única cadeira que Pedro usufruía era un humilde asento ditado pola súa procedencia de pescador xudeu e afastado, polo tanto, do ouro e a riqueza na que pastorean os que din ser os seus sucesores.

É posíbel que para moitos católicos a escolla de Ratzinger sexa unha surpresa. É posíbel que, para moitos outros, este sexa o pior andídoto para deter a sangria da Igrexa en América do Sul que leva perdendo nos últimos anos unha media de –segundo as fontes– 5 a 8 mil católicos por mes. Mesmo é posíbel que algúns católicos pertencentes a movementos de base, ou situados na órbita da teoloxía da liberación, fiquen magoados polo nomeamento.

Para min, ás avesas, hoxe é un dos días máis felices dos últimos anos. Ter a oportunidade de ver presidir a cristiandade a un antigo militante das mocidades hitlerianas, a un home que proclama que o laicismo é autodestrutivo (para el máis ben será sinxelamente "destrutivo"), que utiliza a cualificación de herexe, que é imprescindíbel encobrer as redes de pederastia relixiosa que se espallan no mundo, que é basilar o silenciamento de Leonardo Boff, que, a respeito do emprego do preservativo, a postura debe ser de rexeitamento radical, mesmo para aqueles membros de países do Terceiro Mundo aos que rilla a Sida, que as demais relixións non constitúen verdadeiras igrexas, que o feminismo tende a liquidar a diferencia corporal chamada sexos e que a ciencia, co seu relativismo, pon en dúbida a procura da verdade absoluta, resulta verdadeiro fascinio.

En resumo, que máis podo dicer?. Se Xoan Paulo II foi quen de encher estadios na mesma proporción que baleirar igrexas, que días de gloria nos vai oferecer Bieito XVI?. Talvez a participación en Eurovisión, ao tempo que se fechan seminarios?. Se cadra a posta en marcha dunha multinacional, con tecnoloxía ponta, consagrada, un dicer, ao furado de preservativos, ao tempo que as arañeiras inzan os conventos?. O porvir apreséntase escintilante.♦

Un premio literario para mensaxes SMS

Organizado polo Concello do Porriño

MAR BARROS

Cento cincuenta caracteres máis un punto de creatividade son os requisitos necesarios para participar no primeiro concurso galego de mensaxes de móbil que vén de convocar o concello de Porriño con motivo do Día das Letras Galegas.

PACO VILABARROS

A iniciativa, que parte do departamento municipal de normalización lingüística, pretende achegar o galego ás novas tecnoloxías a través dun dos medios máis utilizados polos novos á hora de comunicarse.

"Kndo Gregorio Samsa spertou 1 mñá dps d1 soño intranklo, atopous sb a súa kma cnvrtido n1 insecto". Deste xeito tería que escribir Kafka a súa *Metamorfose* se quixese enviar a súa primeira frase vía SMS a calquera outro móbil, e aínda lle sobrarían caracteres. Con esta mesma grafía e a través dun medio de comunicación tan cotiá como é o teléfono móbil, o concello de Porriño vén de presentar un certame literario que non atopa semellante en Galiza e que por primeira vez pon nun papel protagonista ás novas tecnoloxías.

Cunha extensión máxima de cento cincuenta caracteres e sen tema fixado, esta nova modalidade inscríbese dentro dos concursos organizados polo concello con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, que nesta ocasión estará adicado á figura de Lorenzo Varela. Con esta iniciativa, a Concellería de Normalización pretende "asociar as novas tecnoloxías coa lingua galega", rachando así co "tópico de que o galego ten uns usos moi concretos e que non é apto para todos os ámbitos", como indica o seu responsábel Xesús Ramilo.

Deste xeito, o certame mestura o convencional, xa que inclúe un apartado para o relato curto dividido en tres categorías por idades, con propostas máis anovadoras. "Pensamos nas mensaxes á móbiles por ser un dos medios escritos máis utilizados para que a xente se comunique", comenta un dos membros da organización, "e como algo habitual na vida cotiá queríamos que estivera aí", engade.

Creado sen afán de inaugurar un xénero literario senón "de potenciar o uso do galego", este certame preséntase, ao ver da organización como "unha boa canle para normalizar o uso do galego, aínda que o seu papel é máis discutíbel no eido da normativización" ao aceptárense os textos redactados coa grafía reducida que habitualmente se emprega para os SMS.

Para os organizadores do concurso, que se enmarca dentro dun plan de normalización do galego que se que quere levar a cabo dende o concello de Porriño, o teléfono móbil é "un vehículo normalizador a ter en conta". Segundo Xesús Ramilo "se se trazan liñas de acción en determinado campos, por que non trazalas nas novas tecnoloxías".

Boa acollida

Nun momento no que proliferan por todo o país premios literarios, esta nova iniciativa está a xerar expectación pola súa particularidade e os 250 e 150 euros de primeiro e segundo premio. Aberto o prazo até o vindeiro luns 16 de maio, a participación "está a ser boa", como se indica dende o propio departamento de normalización lingüística, pero agárdase que aumente o número de traballos recibidos a medida que pasen os días. Aínda que se mantén en segredo o contido dos textos, a organización indica que a calidade é "boa , aínda que é difícil valoralo porque nunca se celebrou nada similar". As mensaxes poderán remitirse dende un teléfono móbil á dirección de correo electrónico normalizacion_linguistica@porrino.com.

De momento, aínda non están elixidos os membros que integrarán o xurado. A súa composición farase pública tralo feche do prazo para a presentación de traballos e o seu ditame darase a coñecer o 31 de maio.♦

NARRATIVA

Arredor do mundo do viño

Relatos breves de Xosé Manuel G. Trigo

Título: Reserva especial.
Autor: Xosé Manuel G. Trigo.
Edita: Galaxia.

Era alá polo outono de 1998 cando escribiamos nestas páxinas a cerca de *Extintos básicos*. E concluimos que, aquela primeira achega de Xosé Manuel G. Trigo (27 relatos, cada un dos cales ten algo que ver co mundo das plantas), daba a coñecer a un narrador con oficio.

Son prosas breves que percorren (con intensidade desigual en cada unha) sensacións e experiencias arredor do mundo do viño.

As 34 prosas que integran *Reserva especial* orbitan arredor do mundo do viño.

Son moitas as concomitancias entre aqueles *Extintos básicos* e esta *Reserva especial*. Tanto nun coma no outro os relatos tenden á brevidade, cun esforzo na procura da amenidade. Uns relatos que deben trascender o eido do anecdótico para así transfigurarse en textos dotados de interese non só para o narrador; ben sabido é que o carácter marxinal non adoita abandonar este tipo de literatura, co perigo de non seren totalmente entendidos.

Tal propósito lógrase mediante a conxunción de diversos contrarios nun todo harmónico, sen que o artificio torza as liñas da arada. Velaí, entón, que estas prosas con ar de relato transitan moi habilmente desde a crónica individual ao carácter coral que impregna o



Xosé Manuel G. Trigo.

libro, un libro de viños e xentes. Un contacto tematicamente perceptíbel (espertar ao mundo adulto, ás primeiras apetencias carnais, ao amor e ás consecuencias que del derivan) e que a maxia da palabra empregada por un narrador competente fai posíbel sen que supoña traumatismo ningún ao lector.

Memoria individual e colectiva enfiadas nunhas prosas de gorentoso recendo cunqueirían que opera no tratamento fragmentario da personaxe individual (selección dunha pasaxe na historia individual) para así acadar unha visión de conxunto.

Un esquema temporal e narrativo, iso si, que, como en Cunqueiro, necesita dun lector que cosa as puntadas, pactado proceso decodificador que ofrece un mínimo de participación tamén extensíbel ao mesmo proceso de creación.

Son prosas breves que destilan na memoria do narrador e percorren (con intensidade desigual en cada unha) sensacións e experiencias arredor do(s) mundo(s) do viño, os seus santuarios. As tabernas, os furanchos, os taberneiros e taberneiras, as viñas, as vides, as adegas, os barrís, a conversa amigábel e vagarenta. Todo o que rodea o mundo do viño e os seus ambientes acode ao templo da memoria como procesión de nostalxias de cando as cousas tiñan outro valor, de cando a présa non nos señoreaba o existir.

Prosas híbridas (que poden semellar relatos, porén o seu verdadeiro substrato alinda máis coa crónica) escritas nun estilo que se pode definir como amábel, desenfadado (mais non exento de certa dose de crítica), cheo de sensibilidade, e que veñen ornadas con xogos lingüísticos e ironías, cun chisco de eruditismo e ton decadente. Prosas así breves como vasos de viño, que convidan a ler demoradamente, que cómpre ilas deixar entrando en nós do mesmo xeito que o viño hai que deixalo ir baixando para non lle perder o gusto e encha as sedes ou as acompañe sen asulagamento de sentidos.

Deste *Reserva especial* cómpre dicir tamén que agradecería algo máis de variedade, xa que un ton tan uniformemente nostálxico xoga á contra, resaltando o que de anecdótico hai en cada prosa e facendo perigar a desexábel harmonía que antes mentamos.

E, certamente, algunha delas tamén sería prescindíbel sen que nada do libro se resentise. A brevidade pode minguar o segundo destes efectos, realmente faino; e, en parte, tamén, o primeiro, mais non en medida tal que abonde para erradicalo. Melloraría isto o libro, con todo tampouco importuna en exceso a lectura.

Para remate e de medidas falando, acode á nosa memoria aquela sentenza de Camilo de Fidalgo coa que Afonso Eiré enceta a súa última entrega (*O coxo de Vilarelle*): "Sabedes o que eu bebo, pero non sabedes a sede que eu teño".♦

XOSÉ M. EYRÉ

P | R | E | S | E | N | T | A | C | I | Ó | N
EN
PONTEVEDRA
DE
"DISCURSO E TEMPO.
NA PROCURA DUN SOCIALISMO PARA GALICIA"
MIGUEL BARROS
DE EDICIÓNS A NOSA TERRA

XOVES 21 DE ABRIL ÁS 20 HORAS
NO AUDITORIO DE CAIXA GALICIA (CAFÉ MODERNO)
COA INTERVENCIÓN DE

MIGUEL BARROS e
ANICETO NÚÑEZ.

Organiza
Ateneo de Pontevedra

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. VEU VISITARME O MAR.
Rosa Aneiros.
Xerais.

2. AS GALERAS DE NORMANDÍA.
Ramón Loureiro.
Xerais.

3. A XEIRA DAS ÁRBORES.
Teresa Moure.
Sotelo Blanco.

4. ERA NA SELVA DE ESM.
Xosé Luís Méndez Ferrín.
Espiral Maior.

5. OS OLLOS DA PONTE.
Ramiro Fonte.
Xerais.

NON FICCIÓN

1. A ESTRELA NA PALABRA. CONVERSAS CON X.M. BEIRAS.
F. Pillado e M.A Fernán Vello.
Espiral Maior / Laiovento.

2. A TERRA QUERE POBO.
Xosé Luís Barreiro Rivas.
Galaxia.

3. AS TRES MORTES DE LORENZO VARELA.
Antón Lopo.
Galaxia.

4. CÁRCERE DE VENTAS.
Mercedes Núñez.
A Nosa Terra.

5. A POLÍTICA ECONÓMICA DA XUNTA DE GALICIA.
Manuel Cao.
A Nosa Terra.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: ***Cartabón*** **(Vigo).** ***Couceiro*** **(A Coruña).** ***Michelena*** **(Pontevedra).** ***Pedreira*** **(Santiago).** ***Souto*** **(Lugo).** ***Torga*** **(Ourense),** ***Central Libreira - Dolores 2.*** **(Ferrol)**

CONTA DE LIBROS

Vilegos

Galegos de vila. Antropoloxía dun espazo rurbano, de Xerardo Pereiro Pérez, é un estudo antropolóxico sobre como se urbanizaron os espazos rurais galegos. Analízanse as vilas do interior como lugares de interconexión entre a vella identidade das aldeas e a nova visión das cidades. O autor tenta demostrar que as vilas galegas son senlleiras polo seu sistema de vida. Edita Sotelo Blanco.♦

O labor crítico

Xerais publica ***Elementos da crítica literaria,*** que coordina Arturo Casas, na súa colección 'Universitaria'. O volume é un manual que inclúe traballos académicos sobre literatura de Antonio Gil, María do Cebreiro Rábade, Anxos Rodríguez, Norma Rodríguez, Iria Sobrino, Teresa Vilariño e Darío Villanueva.♦

Velas de Noia

Barcos e mariñeiros son elementos moi característicos de Noia. ***Derrota e singraduras do 'Joaquín Vieta',*** de Xosé Agrelo Hermo, é un recordo dos veleiros noieses e, en concreto, do *Joaquín Vieta*, que percorreu o mar galego nun tempo de guerra e privacións, mais que segue vivo nos nosos días. Análise histórica e recordo dunha vila. Inclúense apéndices con datos sobre a tripulación e os industriais Barcia. Edita Toxosoutos.♦

Blanco Amor fotógrafo

Eduardo Blanco Amor, ademais de ser un dos máis importantes escritores da historia de Galiza, deixou tamén unha manchea de fotografías que agora Galaxia edita en ***A ollada do desexo. Obra*** *fotográfica 1933-1973*. Imaxe limpa e sobria que destaca a beleza da luz, das paisaxes e dos homes.♦

O CORDEL

Cadernos de Psicoloxía

Nº 1. 2005. 1,92 euros.
Edita: Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

Esta revista vén de cambiar radicalmente os seus contidos e estrutura. Neste número dedícase ao sexo desde múltiplos enfoques. Rodrigo Carcedo analiza a satisfacción sexual entre os presos;María Rodríguez, as motivacións dos clientes da prostitución. Manuel Medina relaciona danza e sexualidade. Laura Oso dá conta da relación entre mulleres inmigrantes e prostitución. Aránzazu García explica a terapia sexual desde a sexoloxía. Inclúense entrevistas a Olga Bertomeu –de Nadia Pérez e Teresa Palau– e Félix López –por Carme Ariza e Xosé Ortuño.♦

Latexo

Nº 50. Marzo do 2005.
Dirixen: Marta de Ybarra e Luis López.
Edita: URECA.

Tato Barbeito entrevista o Valedor do Cidadán de Vigo, Luís Espada. Manuel Iglesias achéganos a La Casamance, territorio do Senegal esquecido polas autoridades. Grato E. Amor descobre o labor da arquitectura popular en miniatura. Alberto Canle recomenda varias rotas de senderismo. Miguel Briones achéganos ás denominacións de orixe da provincia de Ourense (Monterrei, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras).♦

O Ollo Público

Nº 10. Marzo-xuño do 2005. 3 euros.
Dirixe: Fernando Vilaboa.

A portada está ilustrada por Leandro Lamas, pintor do que se inclúen algúns traballos no interior. No eido do pensamento, Manuel Veiga explícalles a transición aos máis novos. En cine, Fernando Vilaboa comenta *Para que non me esquezas*, de Patricia Ferreira. En teatro, Inma López Silva achégase a *Integral*, de Roberto Vidal Bolaño. No espazo literario escriben Emma Pedreira e Sálvora. Mauro Regueira presenta o seu cómic.♦

ENSAIO

Contra a desmemoria

Ernesto Vázquez Souza derruba as falsas verdades da historia recente de Galiza

Título: Desta beira do Leteu. Artigos de historia cultural, literatura e sociedade desde o esquecemento.
Autor: Ernesto Vázquez Souza.
Edita: Laiovento, Ensaio.

Tarquín, o mestre coprotagonista da novela curta de Fran Alonso, *O brillo dos elefantes*, dicía, que o tempo ergueu barreiras para a memoria. Ernesto Vázquez Souza, con este monllo de ensaios, algúns xa publicados n'*A Trabe de Ouro*, *Tempos Novos* ou mesmo neste semanario, recolle, ao igual que Francisco Castro, o mito do Lethes, Leteu ou Leteo, diferentes nomes para se referir á mesma realidade, ao río do esquecemento, ao río que anega o recordo, que purifica dende a amnesia e que como asegura a mitoloxía mantivo o recanto do noroeste peninsular afastado da romanización. Souza mantén e demostra nestes lucidos ensaios que no territorio do Leteu segue a habitar a desmemoria.

> Os ensaios de Vázquez Souza estan cheos de detalles que esnaquizan calquera idea preconcibida

Preséntanos o autor o pasado como un dominio aberto, como escribía Miguel Anxo Murado "sempre requeridor de aportes, debates, reformulacións" co obxectivo de escorrentar as fantasmas do esquecemento, protexendo a memoria e loitando co seu "apagamento" como nos recorda no introito, facendo súas as palabras de Tzvetan Todorov .

Sacha Vázquez Souza no pasado para derrubar mitos e falsas verdades, rescata do esquecemento olvidos voluntarios, manipulados, intencionada e premeditadamente non catalogados, ou simplemente ignorados a favor dunha interpretación histórica cun ensisgo nidio onde "o pasado próximo está moito máis condicionado polo presente remoto do que queremos crer" como deita nesa declaración de intencións que abre o libro e que tén por título *Para salvar o Leteu.*

Desta beira do Leteu, non son ensaios asépticos, están porén cargados de intencionalidade, primeiro pola implicación sentimental do autor o que non lle resta rigurosidade científica mais, ao contrario, fornéceos de paixón que beneficia nomeadamente o lector no canto a amenidade, xa que o libro lese con degaro e fluidez grazas á nidieza expositiva e á claridade da prosa. O novelista John Updike na introdución ao *Curso de literatura europea* de Vladimir Nabokov escribía que ao ler debemos fixarnos nos detalles, agarimalos. Os ensaios de Vázquez Souza estan cheos de detalles que esnaquizan calquera idea preconcebida que un tén con referencia ao seu contido, superando a difícil proba de confrontar o coñecemento sen a dor da renuncia o que converte a obra en molesta, incomoda para o poder, útil para o lector no que o autor lembra sen acougo a tolleiteira do noso sistema cultural, da nosa historia. Encher os ocos do crebacabezas na formación da nación precisa dunha memoria viva, latexante, porque esta é o cerne do libro, o nexo que teñen en común todos os ensaios.

Nos tres grandes capítulos en que está estruturado o libro *–O cincel e o machado. Construción nacional e guerrilla ideológica no Rexurdimento; Da rúa á nación. Contra un nacionalismo de preguerra ad usum delphini; As Cicatrices da memoria. Moral para lotófagos–* viven Manuel Murguía, Vilar Ponte, Florencio Vaamonde, Suárez Picallo, a lingua, Ánxel Casal, María Miramontes, Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o seu poemario *De catro a catro…* desbotando coa súa presenza ao fascismo, o centralismo e os seus fillos reencarnados na represión, a censura e o silencio no que o autor fai seu un verso de Bouza Brey, *carpindo luz*, a luz do rigor e da investigación.

Desta beira do Leteu é un libro cuxa única metáfora está no título o demais é froito do posicionamento crítico do autor.♦

XOSÉ FREIRE

POESIA

Antón Lopo, o rumor dos corpos e a soidade da paixón

Título: Libro dos amados.
Autor: Antón Lopo.
Edita: Editorial Compostela / Concellaría de Cultura de Santiago..

Se a poesía é memoria, instinto e forma, imaxe e ritmo, rumor que matiza o alcance da palabra, cando a voz, forzada e esquiva, fica envisa na paixón e a disonancia, abrolla un revoo de signos confusos e distante á procura da novidade e da sorpresa no que ás veces xorde o brillo singular da sensación espida e efémera.

> Non hai aquí profusos alaridos, nin lindas caracolas.

Cuns máis ou menos suxerentes brincos verbais de Chus Pato como aperitivo e un limiar menos cerimonioso de Xabier Cordal, en *Libro dos amados*, Antón Lopo tenta ofrecer o rumor dos corpos e a soidade da paixón, a sensualidade, a ironía e a intuición, máis o poeta a miúdo non depura as sensacións, o son non fecunda a lembranza, o pracer e o desamor e a forma oscila ás veces entre a estampa eróticamáis ou menos audaz e unha suposta imaxe innovadora que, no canto de perfilar os sentimentos e mergullar o lector na turbación, resalta o decorado e asolaga a palabra no silencio.

Antón Lopo. A. PANARO / Arquivo

Así airea versos curiosos *–Detrás da caluga/ hai inexplicables doses de cabalo/ que orientan o rumor do pulso/ con xiros sintácticos–* e ilusións ópticas *–E houbo un ronsel de auga,/ e unha vaca de canela/ e un coche de tristuras que bebeu/ planetas extrasolares–* e amosa o brillo da paixón *–Bícame na claridade das ventás/ eternamente abertas–*, o ritmo e a lembranza *–Lémbrome asexándoo entre os silencios/ que expían no güísqui os infortunios–* e sons e sensacións distantes ou febrís que Lopo quere íntimos e sensuais.

Non hai aquí profusos alaridos, nin lindas caracolas, nin cervos, nin cisnes, nin bandeiras, mais abonda o éxtase e o tremor, a soidade e a fustración: hai tanta sombra arredor das sensacións, tanta espesa néboa en moitas das imaxes, que adoito nos sons a luz está apagada, a miúdo o verso está ás escuras e esmorecen os perfís, máis ás veces abrolla o recendo da palabra e o ritmo e a emoción son quen de amosar a dor e a distancia ocultas no desexo e na paixón.♦

XOSÉ MARÍA COSTA

Cultura

NARRATIVA

A decadencia das clases altas sicilianas

Galaxia publica *A Mennulara,* unha novela de grande éxito en Italia

Título: A Mennulara.
Autora: Simonetta Agnello Hornby.
Edita: Galaxia.

Simonetta Agnello Hornby, siciliana afincada en Inglaterra, acadou con *A Mennulara* un grande éxito en Italia e noutros países europeos, incluíndo o noso, onde gañou a última edición do premio Novela Europea do Casino de Santiago.

Mennulara é unha palabra siciliana que describe as mulleres que traballaban no campo recollendo améndoas. É tamén o alcume de Maria Rosalia Inzerillo, o personaxe principal da novela, aínda que o libro se inicia, precisamente, coa súa morte. A *Mennulara* traballou no campo até os trece anos, cando unha traumática experiencia fixo que pasase a ser criada dos Alfallipe, prototipo da alta burguesía en decadencia da Sicilia de mediados do século XX. O seu extraordinario carácter ocasionará que chegue a ser a administradora da fortuna familiar –algo insólito para unha sirventa de orixe humilde– e que logre salvar a ilustre casa da ruína económica. A súa morte congrega os herdeiros dos Alfallipe e suscita reaccións contraditorias entre os seus veciños, que nunca comprenderon a súa influencia e medre persoal.

A busca dun presunto patrimonio económico que a defunta deixou en paradoiro descoñecido, a presenza dun xefe mafioso no seu funeral e unha serie de pequenos incidentes que trastornan a rutineira existencia da pequena vila de Roccacolomba provocan que a vida dos seus habitantes xire durante uns días arredor dunha pregunta: quen era en realidade a Mennulara?

A respecto desta novela, tense apuntado a Lampedusa coma o seu predecesor na descrición da decadencia das clases altas sicilianas. Curiosamente, lembramos que Umberto Eco –no seu xa case mítico *Apocalípticos e integrados*– puña *Il Gattopardo* deste autor como exemplo de "produto de consumo destinado a gustar sen excitar, a estimular determinado nivel de participación crítica", e tamén "como modelo ideal dun produto medio en que non obstante, a contaminación entre os modelos da narrativa de masas e as alusións a tradición literaria precedente non dexeneran nun *pastiche* literario". Un diagnóstico perfectamente aplicábel á novela de Agnello Hornby.

> Deberiamos ollar esta novela coma un brillante exercicio de aprendizaxe da arquitectura do xénero

Se cadra, deberiamos ollar esta novela coma un brillante exercicio de aprendizaxe da arquitectura do xénero. E, para esta caste de exercicios, nada mellor que escoller como modelo o máis esquemático de todos: a novela policíaca británica, aquela na que se nos ofrece como reto o desvelamento dun enigma, con moita esculca de tipo intelectual, pouca acción e moito diálogo. Dende este punto de vista, *A Mennulara* cumpre con nota os seus obxectivos, en tanto que consegue ensamblar os elementos diexéticos dun "misterio a descubrir" con notábel precisión, sen renunciar a bosquexar con bastante acerto unha crónica da Sicilia rural dos anos sesenta.

Porque de feito, a novela recorre a unha trama lenemente policíaca para ensarillar un relato costumista con tintes sociais (probablemente baixo a influencia doutro siciliano ilustre, Leonardo Sciascia), e é xustamente neste campo onde a autora consegue os achádegos de maior interese: o debuxo das contradicións que se dan nunha sociedade en transición do rural ao urbano, a descrición do clasismo que preside as relacións sociais e do conflito diglósico que o encobre, a insinuación da emerxencia de novas actitudes políticas e da connivencia entre as oligarquías da illa e a mafia, o retrato do ambiente opresivo que resulta de todo aquilo.

Tampouco non lle faltan méritos formais á historia da Mennulara, en especial, no que concirne ao ricaz retrato da protagonista, segundo un tecido dramático de carácter coral no que –a través de diálogos sempre ben resoltos– van alternando os puntos de vista que os diferentes habitantes da vila manteñen a respecto dela, amosándonos así as arestas da cara máis poliédrica da nosa identidade: o que os demais ven en nós.

Pero claro, a propia estrutura da novela policíaca esixe que todos os elementos se subordinen á descrición do misterio e da súa resolución, polo que algúns dos compoñentes que fan grandes ás grandes novelas rematan por ser tratados como dispositivos vicarios. Daquela, as grandes paixóns que axitan os protagonistas do relato non se lle transmiten coma tales ao lector, algúns dos personaxes máis atractivos acaban por afogar na falta de profundidade e os acontecementos deixan de sorprender pola súa previsibilidade dentro do esquema detectivesco. Isto por non falar das reviravoltas finais que, deseñadas co único obxectivo de encaixar a resolución do relato nunha mecánica trazada demasiado rixidamente, van en detrimento da verosimilitude de toda a historia. Ou dun epílogo que –no degoiro por non deixar cabos soltos no interior dese artefacto narrativo que remata por desvelar a súa propia artificiosidade– carece de credibilidade e mesmo entra en contradición co anteriormente narrado.

En resumo, unha novela digna se se considera como exercicio narrativo levado con habilidade e destreza, sen grandes ambicións e cuxa maior virtude é amosar un friso costumista dunha sociedade en pleno proceso de cambio. Unha desas novelas que se len con facilidade, "que entretén" sen insultar a intelixencia do lector, pero que semella insuficiente para aqueles que anden á busca de literatura con maiúsculas. ♦

MANUEL XESTOSO

DANZA

Baile galego de salón

Rey de Viana presenta o novo espectáculo que representará o país no exterior

Compañía: Rey de Viana.
Título: Lumieira.
Lugar: Auditorio de Galicia, 16 de abril.

O ballet galego *Rey de Viana* presentou no Auditorio de Galicia, en Santiago, o seu espectáculo *Lunieira,* unha mestura de danza clásica e baile galego cunha orixinal posta en escena. Concibida pola actual directora desta compañía dependente do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (Igaem), Victoria Canedo, a actuación adapta de xeito elegante e profesional diversas cancións populares. Como principal virtude cómpre destacar que a compañía, que representa a Galicia por todo o mundo, demostrou que o baile tradicional pode converterse en arte co tratamento axeitado.

O espectáculo componse de dous actos de unha hora de duración cada un. Todas as pezas están presentadas con orixinalidade, evocando o mundo tradicional galego. O afiador que tenta facerlle as beiras ás mozas da vila, as vellas que laretan nunha praza, as meigas, as rapazas que van buscar auga á fonte ou os bailes nas romarías. Os bailaríns, de entre 18 e 34 anos, demostraron gran profesionalidade, especialmente nas de baile galego. Houbo algunhas deficiencias na execución do baile clásico e algúns bailaríns masculinos protagonistas carecían da figura axeitada. Apreciouse tamén algunha diferenza entre distintas parellas cando estaban no escenario.

De todos os xeitos, a harmonía e o equilibrio foron a nota predominante na coreografia dos bailes. Toda a posta en escena aderezouse cun toque de humor que fixo rir ao público e por veces poñerse en pé para aplaudir. A música tamén foi un acerto, xa que combinaron pezas tradicionais convertidas en música clásica, con música en directo con gaitas, pandeiros e zanfonas e con composicións de grupos e artistas como Milladoiro, Berrogüeto ou Susana Seivane.

Cómpre destacar tamén na segunda parte do espectáculo a escenografía e orixinalidade, xa que dentro dun cadro de costumismo ía un bailarín que cando comezaba a música a subir de ritmo saía e danzaba interpretando a composición. En definitiva, foi un espectáculo de gusto, clase e personalidade que intenta retratar Galicia. A compañía actúa embaixadora. ♦

R.V.A./ L.R.F.

Xurxo Estévez

‘A narrativa contemporánea non ten que ser sota, cabalo e rei’

XAN CARBALLA

Espiral de Lideiras (Espiral Maior), é o primeiro libro que publica Xurxo Estévez (A Coruña 1949), un artista polifacético que igual axuda a montar unha emisora libre (*Radio Piratona*), que se adica á videocreación ou a escreber teatro sempre desde unha óptica de intervención cultural pública. Residente durante vinte anos en São Paulo, volveu a Galiza e actualmente reside en València onde imparte aulas da súa especialidade en Belas Artes.



PACO VILABARROS

Que xénero é o que lle acae para descreber *Espiral de lideiras*?

Chámolle novela-ensaio na medida que meto en bocas das persoaxes reflexións que a min me interesan, as miñas lideiras,... por iso ese título. Uns exemplos: Martinica, unha nena protagonista, fai unha reflexión sobre unhas cunchas na praia e ao día seguinte, cando secan xa non teñen o mesmo encanto. Iso é unha referencia ao ensaio de Walter Benjamín sobre a obra de arte na era da reprodutividade técnica; noutro capítulo no que un grupo de xente está nun centro para desengancharse do fútbol no fondo do que quero falar é das teorías de extrañamento de Brecht. Ou a personaxe que escrebe nos váteres: os textos son aforismos d’*A gaia ciencia* de Nietzsche. Todo transcorre sen que o lector precise para nada esas referencias pero eu tíñaas presentes cando escribín.

A obra percorre tamén unha chea de referencias autobiográficas súas.

Como eixo principal está a época do comezo de Radio Piratona, en Vigo, na que estaban implicados un cento de persoas cunha actividade que se proxectaba na cidade ou a Asociación Cultural Talerapi que era a súa tapadeira legal. Organizabamos concertos para asociación de viciños, e faciamos reivindicacións nos bairros, ou actos de solidariedade con Palestina, debates sobre as radios libres,… Nesa época funcionaba a radio no Café Uf que é unha das localizacións principais da novela. E a milagre é que a emisora segue funcionando hoxe. Un segundo eixo narrativo é unha viaxe que fixen Vigo-Creta en moto. E outro é a lideira permanentemente miña da unión Galiza-Brasil-Portugal, que ten raíz lingüística pero tamén cultural en xeral e a ela adiquei o groso da miña intervención cultural. Martinica é un dos 7,5 millóns de nenos de rúa que houbo nalgún momento no Brasil; ou Diógenes Arruda Câmara, un revolucionario ao que Jorge Amado adicou a súa triloxía *Os subterrâneos da liberdade*. Tiven a sorte de o coñecer na clandestinidade do Brasil e na novela ubícoo en Vigo formando escolas de samba para reintegrar a rapaces de bairros dsestruturados… Realmente o Diógenes estivo exiliado en Portugal e despois do 25 de Abril foi un dos impulsores da UDP.

Literatura e activismo cultural son os dous polos do seu arco voltáico creativo?

As dúas cousas no meu caso van xuntas. Toda a miña actividade cultural ten uns pontos permanentes, tamén en artes plásticas. Vaime saindo así ese tipo de estrutura narrativa, con moita reflexión unida ao debate social. Un tipo de intervención que quizais aspira a promover un debate, un entendemento de cómo vai o mundo, pero facendo máis preguntas ca dando respostas. A mesma semana que saiu *Espiral de Lideiras*, estreamos na Filmoteca de València unha longametraxe, sumando 12 curtos, sobre un tema social local, que eran 12 poemas visuais, e tamén se estreaba no MACBA (Museu de Arte Contemporánea de Barcelona), *Desacordos*, unha retrospectiva sobre arte política desde a transición acó.

E quen pode intervir nese debate?

Gostaríame retomar contactos coa xente que fun coñecendo neses anos e o libro sería unha forma garimosa de facelo. E que a xente que o lea pille ese ponto, esa mistura de disciplinas, na que rompes a fronteira do ensaio e a novela. Hoxe as posibilidades de producir son maiores, se alguén escribe un libro pode editalo mesmo pola súa conta. Os meus alumnos fan os seus vídeos ou un disco e poden chegar a producir con dignidade, pero moitas veces entérrase o creado nun caixón porque non podes distribuílo. Iso conéctoo coa pregunta, a quen me dirixo con esta novela? Non son idealista e sei que a edición en galego é pequena, e non podo aspirar a dirixirme a grandes grupos humanos, pero cando estou facendo algo penso sempre nun fato pequeno de persoas, non por elitismo senón porque non pode ser doutro xeito. Temos que aprender doutras redes porque podíamos aproveitar circuítos como o mundo asociativo cultural que se move na esfera do nacionalismo. Se é teatro ou música vai garantir un cento de actuacións… iso melloraría moito a capacidade de debate.

Con quen conectaría esta visión creativa súa?

É un fenómeno contemporáneo das formas de expresión artística de hoxe. Transvásanse xéneros e iso correspóndese coas sociedades múltiples nas que hoxe estamos vivindo onde uns campos de creación entran noutros. Nun ensaio dos anos 70 falábase dos campos expandidos, e iso penso que está bastante de moda. Pero o libro fíxeno xa hai un tempo e eu non estaba pendente de modas.

Téñolle ouvido dicir que unha certa visión máxica tamén ten presenza na súa visión do mundo.

Sinto moito esa lectura da existencia da maxia. As grandes correntes de pensamento internacional penetran en Galicia a través dun filtro máxico: hai un anarquismo fantástico, unha socialdemocracia surrealista, e mesmo unha dereita complicada de entender se non a ollas cunhas gafas máxicas e procuras un certo meigallo para explicala. Na novela hai algo disto. Martinica fala cos arroaces, e os nenos de rúa do Brasil, non se sabe como, fixérono. Nun aeroporto xúntanse espíritos, con deidades celtas e divinidades do Brasil. Hai unha globalización de deidades. Só os deuses poden explicar que exista Radio Piratona. E tamén hai a revisitación dos mitos clásicos que ten que ver cun xeito de ver a contemporaneidade.

Pero o libro lese sen necesidade desas referencias, aínda que son varias historias que non están estritamente relacionadas entre sí.

A xente le unha historieta. A narrativa contemporánea non ten que ser sempre *sota, cabalo e rei*. Busquei a metáfora da espiral ou se se quer do zigue-zague. Arredor dun foco central mónta-se como un *collage*. Son conscente de que certas especulacións paraban o ritmo pero quéroo así, non estar prendido dun fío contínuo, que noutros casos paréceme marabilloso. Pero *Espiral de lideiras* fíxose sen desplegar un mapa previo para escribir. Son leitor pero non son un erudito e non teño referentes, pero seguro que hai millóns porque hoxe en día ninguén inventa nada. Este tipo de traballos con diferentes cruzamentos sei que hoxe se fai moito, pero non porque eu o saiba, porque mo din. Procuro seguir as literaturas brasileira e a galega e agora métome coa do catalán, pero resúltame imposíbel abarcar todo o que me gostaría. ♦

Cultura

CONCERTOS

Ghaiteiros, didáctica versus virtuosismo

Título: *Ghateiros.* Oscar Ibánez e Edelmiro Fernández.
Lugar: Teatro Principal de Pontevedra.
Data: Venres 8 de abril.

GONZALO GARCÍA / AGN

O que quixo ser unha sorte de regueifa gaiteira estivo a piques de quedar nun concerto didáctico. E se non o fixo foi porque no palco do Teatro Principal o acreditado poderío instrumental de Óscar Ibáñez e máis Edelmiro Fernández superou vicios que hoxe semellan xa inexpugnábeis para a escenificación en vivo da música tradional galega.

Aquel vello dito popular de que a maldición do gaiteiro é a de pasar cando menos media vida afinando, estivo en transo de ser corroborada nunha actuación que, cunha hora longa en escena, cobrou cando menos 20 minutos en afinacións varias de gaitas diversas. E tal cousa hoxe non debería ser de recibo e menos se agacha unha sorte de impostura de cámara pola que, equivocadamente, se pretende ofrecer unha apócrifa demostración de seriedade musical ao instrumento da gaita.

> Os dous músicos deixaron interpretacións soberbias e sabias

Pero se este claro deslucimento foi unha eiva que afeou seriamente a aposta "Ghaiteiros", o tratamento excesivamente pedagóxico que se empregou entre peza e peza, deu en ser unha constante tortura á que foi sometida un público que, paradoxalmente, pola súa composición coñecía os contidos dos infinitos monólogos de Óscar Ibáñez.

Antes tamén se dicía, e seguramente temos que seguilo a dicir, que unha cousa é ser gaiteiro e outra, levar a gaita ao lombo. E hoxe, é preciso insistir, quizais teriamos que insistir en que ser bon gaiteiro non implica necesariamente ser tamén gaiteiro-conferenciante. Mais con todo, esta, denominemos, parte social do concerto, non foi quen de facer esquecer que estabamos ante dous grandes músicos e que, entre os dous, nos deixaron interpretacións soberbias e sabias. Edelmiro e Óscar atópanse nese intre de madureza que lles permite unha solvencia técnica apabullante e máis cando esta se acompaña dun fondo coñecemento da tradición anterior. Pezas de gaiteiros clásicos, reinvindicación efectiva de Perfecto Feijoo, Ricardo Portela e Xan de Campaño e diálogo cos novos compositores e tendencias, para desenvolver un concerto no que contaron coa colaboración experta e privilexiada de Roberto Grandal e Xosé Manuel López, primeiro como percusionistas e logo, máis no seu papel, coa acordeón e o clarinete respectivamente.

O repertorio foi partillado cal percorrido histórico e mesmo Óscar Ibáñez utilizou unha das gaitas primixenias do lendario Xan de Campaño. Con ela chegaron os aires de Pontevedra e unha interpretación da Marcha procesional de san Bieito do Lérez tocada con punto exacto como para "bailar a anda do santo". Mestria desbordada tamén en *Non te namores meniña* ou cando Edelmiro Fernández executou pezas de Ernesto Campos e, coa acordeón dun Roberto Grandal sublime, cadrar a *Xota de Forcarei*.

O público e a tropa gaiteira xa estaban a piques de esquecer a deriva pedagóxica e afinatoria cando apareceu a maxia cunha rumba de Ernesto Campos e a polka do Bandín de Asados. Case un fin de festa se non fose porque este aínda estaba por chegar de man dunha composición, *O Furabolos,* do propio Edelmiro e, logo, a festa rachada que significou a presencia invitada da súa irmá Lola e Andrés Vidán para montar unha charanga colectiva e final merecente do título de ghaiteiros. O momento de *Baixando para a Salgueira* metade pasodoble, metade muiñeira.

Polo camiño quedaran tamén outros certeiros chiscos ao toque pechado de Ricardo Portela, ao cuartetos con presenza do clarinete e a obra dos gaiteiros ultramarinos e emigrados que engrandecía musicalmente unha nova entrega do Ciclo Trad que a Concellaria de Cultura do Concello de Pontevedra organiza en colaboración co Conservatorio de música tradicional de Lalín.♦

LEANDRO ABOAL

Budapest: máis melodía que ritmo

A banda británica de pop visita Galiza por segunda vez

Grupo: Budapest.
Lugar: La Iguana Club, Vigo (12 euros adiantada, 15 na billeteira).
Data: Xoves, 14 de abril.

Hai un par de anos, o grupo británico de pop Budapest estivo en Vigo e foron a velo vinte persoas. O xoves catorce os seus seis integrantes retornaron á mesma sala na que tocaran, pero destas ofreceron un concerto ante un público moito máis numeroso, cento sesenta asistentes. Destas, o seu cantante, John Garrison, lembraba a súa anterior visita a Vigo porque daquelas rompera unha perna –"grazas a todos os médicos e enfermeiros", leu nun precario castelán.

Esta actuación formaba parte dunha xira promocional do seu segundo e último traballo, *Head towards the dawn*, e de feito, entre as quince cancións do concerto, bises incluídos, oito temas correspondían aos oito primeiros cortes deste disco. Os restantes, agás un deles, eran as seis primeiras cancións do primeiro CD, *Too blind to hear*.

> Houbo bo son, coherencia e acerto na escolla dos temas a interpretar

Cando comezaron a tocar os primeiros compases da primeira canción do concerto, parecía que había algún problema de son, pero se corrixiu de contado e os integrantes desta formación ofreceron unha actuación que puxo maior acento do agardado nos temas lentos, aínda que non renunciou a todos e cada un dos seus éxitos.

Porén, demostraron desenvoltura e foron quen de imprimir bastante brío a unha actuación que presentaba un disco no que o grupo parece optar máis polas melodías que polo ritmo, aínda que a interpretación dun novo tema non gravado pareceu desmentir esta tendencia. *Ordinary People*, canción composta apenas dúas semanas antes do concerto e que tocaron nun dos últimos lugares, semella indicar que retornan ao estilo desenfadado do seu primeiro disco.

En calquera caso, houbo bo son, coherencia e acerto na escolla dos temas a interpretar e certa conexión cun público cada vez máis acomodaticio, nada dado a entregarse e que prefire agardar os bises sen demandalos.

Ao día seguinte, na mesma sala, puidemos ver a un cuarteto vigués chamado March. É unha banda que promete e ese era o seu primeiro *bolo*.♦

H. VIXANDE

exposicións caixanova

abril 2005

ESPACIO COLECCIÓN CAIXANOVA

Unha nova ollada

VIGO
Centro Social Caixanova



AS CORES DO MAR DE GALICIA

Viaxe polas profundidades das Rías Galegas

FENE - 27 abril - 22 maio
Casa da Cultura

VIVIR NO ESPACIO

Traxes e materiais utilizados nas viaxes espaciais

VIGO ata o 17 abril.
Centro Social Caixanova

RIBEIRA - 22 abril - 5 xuño.
Auditorio Municipal

ECOS DA CREACIÓN

Fotografías de Manuel Iemos

CANGAS - ata o 3 maio
Sala Expo. Ángel Botello

VIRXILIO

VIGO - ata o 17 abril.
Centro Social Caixanova



SILVERIO RIVAS

Grandes Artistas Galegos

VIGO - 7 abril - 8 maio
Centro Cultural Caixanova

BIENAL DE GRAVADO CAIXANOVA. PREMIOS E MENCIÓNS 1991 - 2001

PADRÓN -ata o 3 maio - Centro Social

VIII BIENAL INTERNACIONAL DE GRAVADO CAIXANOVA

LUGO - Ata o 16 abril - Museo Provincial
A ESTRADA - 21 abril 8 maio Sala de Exposicións Caixanova

ROSTROS

O Retrato no limiar do século XXI

SANTIAGO DE COMPOSTELA
14 abril - 29 maio
Igrexa da Universidade

MANS SALGADAS

GONDOMAR - 6 abril - 1 maio
Centro Cultural de Vilaza

WILDLIFE 2005

A CORUÑA - ata o 17 xullo.
Aquarium Finisterrae

EIRAVELLA

VIGO - ata o 1 maio.
Centro Social Caixanova

EXPOSICIÓN UNIVERSAL DE DINOSAURIOS GOBISSAUROS

A CORUÑA - Ata o 5 xuño.
Explanada Porta Real (O Parrote)

Máis información en www.caixanova.es

PAGO POR VISIÓN

MAR BARROS

Vén de rexistrar a marca "ex-artista" para distanciarse daquel concepto clásico de creador tocado por un don espiritual. Instalado na ironía, Ánxel Cerviño presenta en Ourense a mostra *Pago por Visión*, unha labazada na cara oculta da arte.

"Acaban de comentarme que nas miñas obras xa non hai humor senón que agora destilan cinismo". Se cadra, con esta afirmación o artista Ánxel Cerviño descubre unha das claves que define a súa nova exposición *Pago por Visión*, que estes días pode visitarse no Centro Cultural da Deputación de Ourense. Cunha boa dose de ironía e cunha plástica na que se mestura o cómic e outras figuras da "baixa cultura" coa historia, Cerviño presenta sen complexos outra cara da arte, na que o artista xa non é aquel heroe clásico e na que todo ten un prezo establecido. En total, *Pago por visión* inclúe case cincuenta cadros e varias series, entre elas, obras que xa se amosaron en ARCO da man da galería granadina Sandunga.

"A realidade é un produto fabricado nas factorías do entretemento", un produto deseñado polos medios de comunicación "polo que pagamos". Ante a oferta dunha realidade cada vez máis dixerida a solución que escolle Cerviño distánciase da postura masiva para apostar por unha máis persoal. "Agora poucos teñen a opción de cociñar a realidade. Entendo a arte como un exercicio espiritual que fai que a mente cree sentido, por iso vexo os cadros como un adestramento para non quedarse durmido e enfrontarse a realidade".

Considerado como un artista cunha traxectoria consolidada dentro da plástica galega, as obras de Cerviño teñen algo diferente que apela á intelixencia do espectador e a seduce. Un "SE VENDE" a dous por dous, explicita nun só lenzo o que se oculta detrás de tanta reflexión filosófica. Por iso, Venecia é unha marca rexistrada e Tarzán, un heroe pasado, cun punto de nostalxia, do mesmo xeito que o é o artista. Nun momento no que as fronteiras que delimitan a arte están cada vez máis diluídas, o ourensán indaga no papel que xoga o artista no momento actual. "Se até agora o fotoxornalismo só tiña cabida na prensa, agora xa ten o seu espazo nos museos e cada obra véndese como única a un prezo considerábel". Ao seu ver "todo isto xera unha contradición e un dilema" na que el opta pola ironía.



***Informe Hansel* e *Gretel dice*. Óleos sobre lenzo (2003).**

Ex-artista

Ánxel Cerviño vén ademais de rexistrar como marca o lema Ex-artista, un logo que xa está presente nas últimas composicións e que será utilizado polo autor en próximas actividades culturais. "Se un di que é artista refírese ao sentido convencional, facendo referencia a esa persoa tocada por un don espiritual. Non embargante, se dis que es ex-artista é como se foses ex-toxicómano, iso non é unha profesión, é como se non existises", divírtese Cerviño volvendo ao concepto de marca presente en toda a súa obra, cun humor sutil que entende como "a arma para todas as miñas contradicións".♦

***Trascendencia*, óleo sobre lenzo.**

A miña moza

MARICA CAMPO

‘Esta é a miña moza”, díxome un alumno de segundo de ESO apertando a unha rapaza contra o peito en xesto posesivo. Ela mirou para min cun aire non sei se parvo, compracido, ou mesmo asustado.

As noticias da mañá xa me serviran, xunto co almorzo, o último, que non derradeiro, capítulo de violencia doméstica.

E quixo a casualidade que me tocase explicar os posesivos. O “namorado” nada sospeitou cando, como acostumo, lle mandei procurar no dicionario o significado de “posesivo”. Leu: “1. Que denota ou implica posesión. 2. Dise da persoa que ten moito degaro en posuír as cousas e as persoas que a rodean. 3. En gramática, determinante que indica a quen pertence ou con quen ten relación un concepto ao que acompaña ou ao que fai referencia”. A continuación pedinlle que buscase a voz “escravo” e detiven a lectura cando toda a clase escoitou: “Persoa que é propiedade doutra”.

Despois dun amplo debate, quedou moi claro que o posesivo, referido a persoas, no noso espazo e no noso tempo, non indica máis que relación. O contrario sería, é, escravismo.

Buscamos despois “relación” e, co segundo dos seus significados, o trinomio (posesivo-escravo-relación) fíxose transparente: “Trato, comunicación ou correspondencia entre dúas ou máis persoas”.

Folga dicir que, na teoría, os meus alumnos e alumnas entenderon a lección. Mais fica a dúbida de se na práctica non pesarán máis os modelos aprendidos.

Escoitaba estes días dicir que a ineficacia das medidas sociais e xurídicas é debida á educación recibida polos protagonistas dos malos tratos. Asegurábase que as novas xeracións, creadas na igualdade, habían responder doutro xeito. E matinaba eu no peso dos contidos do ensino chamados transversais, fronte ás horas e horas de televisión alienante e o exemplo doméstico, a miúdo sexista e de maltrato.

Mais hai que seguir a traballar no ámbito da lingua, alén do “nenos e nenas”, “señores e señoras”, “todos e todas”, tan pesados ás veces, pero tan necesarios. Hai que comezar, quizais, polos posesivos.♦

A gaiteira de Ferreiros

XOSÉ PÉREZ MONDELO

Carmen Parada Pombo foi unha gaiteira moi popular por toda a contorna de Brollón, Lemos e o Incio, contemporánea doutra gaiteira mítica daquelas terras do oriente lugués, a Felisa de Bendilló, no limítrofe concello quirogués. A Carme era filla do cego de Ferreiros, na Proba do Brollón, o patriarca dunha das estirpes musicais máis prolíficas do país. Unha estirpe novelesca, que ao cabo de cen anos de sementar pola nosa terra os máis fermosos sons, segue viva nos gromos máis novos dunha árbore musical que non semella ter fin, tan fondas son as súas raíces e tan consubstanciadas coa nosa cultura popular.

O cego de Ferreiros, Avelino Parada Vide, ficara sen vista, por mor das vexigas, aos catro ou cinco anos de nacer. Estaba casado con Flora Pombo, unha muller de fermosa voz e dunha grande sensibilidade musical, que morreu no 1918 da chamada peste española, unha gripe que volveu loucos e desesperados, e mesmo matou, moitos outros veciños de Ferreiros e daqueles lugares de arredor. Avelino era un violinista excepcional, do que a xente aínda hoxe non para de falar. Contan dunha vez que un señor da Ferraría chamouno a el e máis ao outro cego de Eixón para unha festa e que, ao remataren de tocar, díxolles: “aí tedes dúas pesetas para os dous”, facendo como que lle entregaba os cartos a un deles. Daquela, o outro cego pediulle a súa parte ao compañeiro, respondéndolle este que non recibira carto ningún. Total, que acabaron os dous a paus, cada un a reclamarlle a súa paga ao compañeiro. O caso fora que o lampantín do señor aquel non lles dese peseta ningunha aos bos dos cegos.

Volvendo á historia, o cego de Ferreiros e a súa dona Flora tiveron cinco fillos: o Arturo e catro nenas máis, a Antonina, a Consolo, a Carme e a Celia. E aquí comeza a andaina musical da segunda xeración dos *Gaiteiros de Ferreiros*, que era como se chamaba a agrupación musical que formaron o Arturo e as súas irmás, e que tanta festa teñen argallado por toda aquela contorna de Brollón, moitas veces acompañados polo avó violinista. O irmán Arturo tocaba a gaita, as outras dúas irmás caixa e bombo e Carme comezaba a tecer a súa lenda coa súa gaita de fol. Andando o tempo, o Arturo formaría outro grupo con outros veciños do arredor, ficando soas as súas irmás coa súa propia agrupación. Daquela eran coñecidas como as *Gaiteiras de Ferreiros*. Como diciamos, tocaban por toda a contorna, onde eran moi apreciadas e respectadas, como uns gaiteiros máis, igual ca eles. Presentábanse nos sitios cantando: “dous cuncos, dous cuncos e medio, somos as tres Marías de Ferreiros”. Unha vez tocaron no hotel do Incio, da familia dos Gasset. Doutra vez foron cara á parte de Sober e viñeron andando de noite como podían, alumándose con fachos. Era unha necesidade o andaren atravesadas polos camiños, unha maneira de gañar a vida naqueles tempos de miseria, despois da guerra. Unha paixón musical fonda, mais tamén un xeito de axudar na economía familiar: a dunha casa onde, de sempre, foron labregos, mais tamén ferreiros e canteiros, desde o avó Avelino, pasando polo seu fillo Arturo e o neto Xosé Parada, outro gaiteiro da terceira xeración do que falaremos nun intre.

Arriba, Arturo Parada cos seus fillos. Abaixo á esquerda, o cuarteto *Os Veltas de Ferreiros*. Á dereita. Arturo Parada e as súas irmás Consolo e Carme.

Mais agora sigamos coa gaiteira Carme Parada porque a súa foi tamén unha afección desmedida. Morreu aos 93 anos de idade, no 2003, sentindo bulir no seu corazón até o derradeiro momento o seu amor pola música. Tocou até ben entrados os anos 50 e mesmo seguía a tocar nas festas máis íntimas ou do lugar. Aínda aos 92 anos quixo tocar pero xa non lle daba o folgo. Tentou transmitirlles aos fillos este amor regalándolles cadanseu bombo e caixa e mesmo levou nos últimos anos o máis noviño canda ela a unha actuación. Pero o neno tocou con tan pouco xeito o bombo que, cando chegaron de volta á casa, o pai díxolle: “ai, meu fillo, acabaches coa orquestra”.

Ao tempo que as irmás gaiteiras andaban a tocar soas, o seu irmán Arturo Parada Pombo formou outros grupos e mesmo lles transmitiu as súas artes aos seus propios fillos: Xosé, Amparo, Virxinia e Manuel, cos que tamén había tocar unha vez que os rapaces foron medrando. Pero ha ser Xosé, o músico máis destacado e popular desta terceira fornada musical. Coa súa presenza vai ser posíbel o nacemento dunha nova formación: *Os Veltas de Ferreiros*, un quinteto de moita sona na bisbarra composto por Arturo, pai, agora coa caixa, Xosé Parada Aira, o seu fillo, no bombo, e outros tres rapaces, o *Juanito* de Vilar de Peras coa gaita, Pepe do Zorro no clarinete e *Juanito* de Bustelo no requinto. Tocaban muiñeiras, pasodobres, xotas, valses, rumbas, tangos e pezas cantadas, pero a peza que máis lle pedían era o “vals dos ferreiros”, que eles fixeran moi popular nos anos 50. Co tempo, o Xosé aprendeu a tocar a gaita de seu pai Arturo e formaron os dous un popular dúo de gaitas que percorreu todos os lugares da contorna, dúo que despois foi cuarteto ao se uniren a pai e fillo un veciño co bombo e outro coa caixa. Xosé foi, ademais, o mesmo que o seu pai Arturo, un dos derradeiros brindadores, un gran dicidor de brindos, cantares de voda improvisados, que son unha forma musical de gran tradición por estas terras.

En Ferreiros esta saga musical segue moi viva na memoria da xente. Cando aos 89 anos morreu Arturo (1996), foi despedido baixo os acordes da gaita e na súa tumba aparece a figura dunha gaita como a que o acompañou toda a vida. Aínda non hai moito morreu a súa irmá Carme (2003), a gaiteira de máis sona, e pouco despois o seu fillo Xosé Parada (2004), o derradeiro gaiteiro de Ferreiros. Mais non caeu con eles esta árbore de tan fondas raiceiras populares: novos rapaces están a despuntar en diferentes agrupacións musicais como destacados intérpretes e depositarios da sensibilidade artística desta casa de ferreiros, canteiros, labregos e músicos de Ferreiros, na Proba do Brollón.♦

Margarita Méndez

MARGA ROMERO

A chegándonos ao inmortal fidalgo que nos desprazaba cos seus percorridos á xeografías inéditas, quero confesar que nunca esquecín o Cabaleiro do verde gabán.

Tiven moita sorte ao estudar no Instituto de Bacharelato do Porriño, lembro como chegabamos e no primeiro curso demos co feminismo de Maruxa, con toda a súa subversión nas aulas de lingua española, e coas leccións de Enrique, o profesor de historia que se declaraba marxista. Co tempo influíron moito en nós Maricha, que nos aprendeu a falar en público e Vidal Estévez, a quen lle debo aínda a mellor explicación posíbel da palabra eclecticismo. Curso inesquecíbel foi o do 23-F, por que se converteu no ano de Cornelia a do *Rei Lear*, Sonia a de *Crime e castigo* e de Dulcinea ás que se convocaba nas aulas de literatura española, que dirixía Margarita Méndez e que conseguiu que todo o alumnado lese un capítulo do *Quixote*, que se debatía na aula, deténdonos na lectura deses regos de tinta que nos abrían o mundo da ilusión que conduce á loucura ou á felicidade. O certo é que na aula si eramos felices, penso naquela rapazada de 16 anos e no entusiasmo contaxioso da profe. Nunca puiden esquecer o cabaleiro do verde gabán, que me tocou en sorte, e que como unha especie de talismán me conduciu por outras paisaxes. Que ben non ensinaches a ler! No ano de COU chegou Miramontes para explicar o símbolo da pomba de Alberti que semellaba ter perdido o rumbo, e volvemos ter unha sorte inmensa. Cando pasados os anos me enfrontaba un exame de carreira, daqueles que se chamaban de "creación", co profesor Alfonso Rey en Compostela, acompañoume aquel mesmo exemplar que me abraiara en 3º de BUP onde se falaba da fidelidade de Sancho. Foi así o libro de Cervantes lectura feliz que abriu camiños e deixou pegadas eternas. Por iso, haberá cada ano un premio Cervantes, e eu cada ano, pensarei neses seres marabillosos que temos a sorte de atopar que nos aprenden a ler, que fan que cada libro sexa único porque o lemos nós, que arredan os seus problemas ou os afogan nas palabras que nos descifran, xeroglíficos verdadeiros, sen que nos deamos conta de que ás veces tamén sofren. Nós aínda rapazada. Moitas grazas, Margarita, por aquel verde gabán, ti para tantas e tantos de nós, no Porriño, es o mellor de todos os premios... Búscalle outro sentido, o que queiras, a derradeira palabra do libro.♦

I FESTIVAL NACIONAL DE CURTAS EN REDONDELA

MAR BARROS

Co éxito aínda quente do I festival de documentais de Tui, Redondela súmase á inauguración de certames con *Redondela en curto*, un festival dedicado ás curtas e aos documentais que verá a luz por primeira vez o venres 22 de abril. A presenza de directores destacados, a proxección de curtas premiadas internacionalmente e toda unha serie de actividades paralelas, ademais de mil cincocentos euros en premios son algúns dos reclamos d esta primeira edición, un debut que os organizadores agardan sexa ben acollido.

De momento, os datos de partida non poden ser mellores para o festival, unha cita que nace por iniciativa do concello e que conta con Fernando Carreira *Cuchi* como director. En total 160 cintas foron remitidas á organización para presentarse a concurso, das cales tan só trinta resultaron seleccionadas, entre elas o premiado traballo de Juan Pablo Echeverry, *Minotauromaquia*, *O prezo da dote* de Chus Domínguez, *Tiempos de espera* de Carlos Hervella e Manuel Precedo, *Auga morna*, de Xosé Ballesta e Miguel Anxo Fernández e *El califa* de José Javier Pérez Prieto. Todas as pezas proxectaranse no Auditorio Centro Multiusos da Xunqueira e nos cines 2R durante todo o fin de semana.

A inauguración correrá a cargo do actor Celso Bugallo nun acto no que ademais se proxectará o traballo *Miña aldea* realizado na década dos sesenta por Rafael Luca de Tena, presentado polo seu fillo Gustavo Luca de Tena, e se representará a obra *Sombras chinesas* a cargo da compañía de títeres Tanxarina. Esa mesma noite, como actividade paralela, desenvolverase no Pub Vinchuca un ciclo de cine cubano e portugués, no que se pasarán varias películas, entre elas *El mundo bizarro*, de Emilio López ou *Kung Fu* de Tampico, e dúas videocreacións.

O ditame do xurado, composto por profesionais relacionados co mundo do audiovisual, darase a coñecer o domingo 24 no acto de clausura. O festival acollerá en Redondela algúns dos directores das curtametraxes que explicarán ao público asistente diferentes aspectos da súa obra.♦

Boceto para un dos personaxes de *Minotauromaquia*.

O Bardo na Brétema

Rudesindo Soutelo

O cravo bem metacrilatizado

O artigo anterior suscitou muitos comentários e alguns leitores ainda me acrescentaram exemplos de utilização reaccionária da música na Galiza como em geral se faz na rádio e televisão, mas também nos coros e bandas de música ou mesmo nos conservatórios. Não é um problema da música senão do elevado número de reaccionários que nos rodeiam e governam. Aí está a manobra deliberadamente reaccionária da Deputação de Pontevedra para perverter a música tradicional com o objectivo último de eliminar a nossa identidade como povo, de substituir os nossos referentes por vistosas mamarrachadas alienantes de bandas marciais. Ou a destruição da nossa língua que de ser universal e falada nos cinco continentes a transformam num ridículo dialecto do castelhano. O reaccionário sabe que a autoestima do povo é o principal inimigo a combater.

E como alguns dizem que só falo do mal que lhe vai à música galega, pois não tenho inconveniente em reconhecer que estes artigos já conseguiram abrir pequenas fendas no universo reaccionário que nos abafa e se todos ajudamos podem chegar a rachar. Um exemplo, a carta a Vossa Excelência provocou que no Concerto Popular da Rádio Galega modificassem a linguagem e agora, a cada pouco, erguem-se em defensores dos nossos compositores e lamentam-se do pouco interesse que as nossas bandas de música mostram pela criação musical galega. É um ponto de luz na imensa obscuridade institucional mas esperemos que também comecem a cumprir com as leis vigentes e respeitem os direitos dos compositores a viver do seu trabalho, é dizer, que não utilizem a música ilegalmente, ignorando prepotentemente a obriga de solicitar e obter permissão para gravar, emitir, difundir ou explorar as obras. Porque dessa maneira estão a destruir o futuro da nossa música e isso é um acto propositadamente imobilista, reaccionário, contra o avanço social e das ideias, ao tempo que se apresentam nas ondas como os salvadores da pátria musical. Será coisa de insistir com mais cartas a Vossa Excelência Dom Manuel?

Mas há outro caso de utilização reaccionária da música que vou tratar de esclarecer. Hoje a qualquer afeiçoado a música se lhe arrepiam as entranhas com só ler o título deste artigo e pensar no atentado que se pode perpetrar contra duma obra de Bach tão emblemática e capital na história da música como é "O cravo bem temperado" (Das Wohltemperierte Clavier).

Não há tanto tempo que com a moda do *aggiornamento* dos clássicos era normal defender as adaptações mais peregrinas, como aquela inefável de "O sintetizador bem temperado" do outrora Walter Carlos e agora Wendy. Por fortuna o público rejeita cada vez mais esses engendros e exige maior fidelidade à época na qual foi criada a obra.

Para un consumo primário da música, a presença superficial dos sons pode ser suficiente, mas para gozar da música, em tanto que manifestação da cultura, precisamos da referência histórica que nos introduza no seu ambiente. Portanto é imprescindível que se interprete não só a obra senão também a sua época. Mas isto que os afeiçoados a música já consideram uma batalha quase vencida, não o é, por enquanto, no teatro, onde ainda é frequente adaptar a linguagem, os ambientes ou o contexto histórico dos autores clássicos com total impunidade. Neste ano que se celebra o centenário de Dom Quixote e que tanto se fanfarrea das qualidades do idioma cervantino ainda não consegui uma edição "urtext", que respeite o texto original tal e qual foi publicado em 1605, já que todos o "traduzem" ou manipulam. Não sei se consideram os espanhóis incapazes de compreender Cervantes ou é que têm pouco apreço pela língua do escritor. Recordo assistir a uma encenação teatral dum clássico espanhol em Madrid que no programa dava exemplos de palavras deturpadas e uma delas era "caixa" que traduziram por "tambor". Com caixas destemperadas teríamos de botá-los.

Os directores de cena têm actualmente um poder de decisão excessivo, erigindo-se por cima dos próprios autores. E na ópera essa ditadura leva a anacronismos disparatados onde o director musical respeita ao máximo a partitura entanto que no cenário acontecem coisas totalmente alheias ao libreto. Se o director de cena não sabe recriar a tensão dramática no ambiente e contexto original e precisa de deslocar as personagens, transformar a história ou introduzir elementos que não se correspondem com o manifestado pelos autores no libreto e na partitura, deveriam ter a honestidade de encomendar uma nova partitura a um compositor e correr a sorte de apresentar uma obra completamente nova, mas o risco de fracasso sem uma música previamente conhecida pelo público é demasiado alto para estes divos, e deixam-se seduzir pelo êxito fácil de manipulador de objectos culturais, o qual em palavras de Theodor W. Adorno é um reaccionário, e talvez isso explique que tantos reaccionários contemplem óperas de repertório convencidos de que isso é a arte moderna.

O "Cravo bem metacrilatizado" não se pode considerar cultura senão ignorância pateta.♦

ant@soutelo.com

Futuro complexo

FRANCISCO CARBALLO

Abrín os ollos desmesurados ao ler, nun xornal da capital de Galiza, a páxina usual sobre o BNG, o 15 de abril do 2005. Para o autor dos "sanedríns" hai no BNG masas que poderían formar un partido socialdemócrata e o círculo reducido dos coroneis. O de sempre. Sorprendido porque a realidade está lonxe de tal simplificación. Hai que vivir en burbullas para pontificar desa maneira.

Os militantes e os votantes do BNG, en todos os inquéritos, aparecen de pluralidade ideolóxica, de expectativas dunha Galiza mellor situada e dun vivir máis humanizado. Queiran ou non, pertencen ao *Imperio* (A. Negri- M. Hardt) ou á resistencia. O "Imperio", esa forma de soberanía, ese aparato desterritorializado de dominio que inocula pensamento único, neoliberalismo, desorde; a resistencia ao poder ou á marxe do poder creativa, múltipla e informe.

Oficialmente, o BNG loita contra o poder "imperial" con algunha esperanza; temos a seguridade que moitos beneguistas saben que fóra e sen poder hai tamén camiños, vereas, bisbarras, para crecer en dignidade e na fabricación doutros mundos sen "imperio". Os brazos do BNG non se adscriben á socialdemocracia nin ao asalto do pazo do inverno. Deixémonos de esmorgas. É un complexo monllo de persoas endurecidas contra as ditaduras ou de mozos de corazón, en todo o caso, van aprendendo que os programas das asembleas teñen luz para guiarnos cara a algo mellor que os dos columnistas ou reporteiros que ollan desde a súa amea os campos de traballo. Acaso Lula e Tabaré Vázquez non están a levar adiante un proxecto de certa homologación co do BNG?

M. Castells ten escrito: "os Estados xa non poden gobernar, só negociar". O Estado español atrapado na Comunidade Europea, podería estar a aprender comprensión da especifidade das nacións interiores ao Estado e rachar co "pensamento peregrino" da uniformidade. Querer que un BNG, ao servizo dos galegos, pode ser un reprodución dos caducos e desgastados partidos españois é del mal gusto.

Non hai escola máis educativa que as asembleas locais, comarcais ou xerais do BNG: o retablo máis policromo dunha sociedade a camiñar. Que veñan xornalistas a colocarlles camisas de forza, é como o intento de Filipe II de vencer os ingleses e as tempestades.♦

VANESSA PINHEIRO: ALEGRE DOÇURA

PIRES LARANJEIRA

A cantora brasileira Vanessa Pinheiro tem 24 anos de idade e lançou recentemente, em Brasília, o primeiro CD independente, com o seu próprio nome. Convidada para actuar em Coimbra pela Associação Académica da Universidade, está em Portugal em Abril e Maio, com espectáculos no Porto, Lisboa e Portalegre (além de outros, ainda em organização), deslocando-se também a Santiago de Compostela, para uma actuação no encerramento das jornadas sobre a Língua, o 22 de Abril, organizadas por AGAL.

Em Portugal, actuou na RDP-África, em directo no programa emitido para a África lusófona, enquanto era entrevistada (com actuação) para a televisão, num programa a emitir posteriormente pela RTP-Internacional para todo o mundo. Depois, seguirá para Paris (onde vai actuar para os emigrantes lusófonos) e a Holanda, em viagem privada.

Antes de rumar à Europa, actuou recentemente no seu Estado natal, o Pará.

Cantora, compositora e instrumentista, que se acompanha, geralmente, à viola (os brasileiros dizem violão), nas actuações a solo, estudou também piano. Escreveu cerca de 100 canções. Tem-se apresentado em festivais e grandes salas de espectáculos e, actua ainda, duas vezes por semana, em *shoppings*, restaurantes e outros espaços. Possui formação em música clássica, tendo estudado harmonia, composição e canto. Continua a ter aulas de canto com uma reputada cantora brasileira.

Mora em Brasília, nasceu em Belém do Pará e viveu no Paraná e no Rio de Janeiro.

Formada em Comunicação, encontra-se a cursar uma segunda licenciatura, na área do Francês. Trabalha também, em

Vanessa Pinheiro.

tempo parcial, num Ministério de Brasília.

Começou a tocar e a cantar desde muito cedo, mas somente aos 18 anos encetou uma carreira com vista à profissionalização.

O seu vasto reportório, quando em espectáculo a solo, acústico, podendo durar mais de duas horas, inclui sobretudo a bossa nova, entre outras modalidades musicais. Gravou e canta versões de Tom Jobim e Chico Buarque, entre outros grandes nomes da música popular brasileira.

A sua voz é límpida, alegre e doce, caracterizando-se as suas interpretações pela suavidade, leveza e delicadeza, que acentuam a linha melodiosa e a harmonia sem qualquer agressividade, dramatismo ou aspereza. É nitidamente uma cantora da tranquilidade e do bem-estar, que transmite ao público a paz e a serenidade dos espíritos moderados, mesmo quando as letras se referem aos desencontros amorosos ou aos embates e desajustes da vida.

O seu primeiro CD prima pela qualidade dos arranjos, dos músicos de apoio, da voz da cantora, das músicas, contendo algumas letras que podemos considerar como mais propícias ao agrado de um público não minoritário. Assim, é natural que goste de cantar canções que estejam na moda, pelo seu sucesso, mas as suas escolhas são criteriosas, optando por incluir nos seus espectáculos trabalhos, por exemplo, dos Tribalistas ou de Adriana Calcanhoto. Mas, em geral, a cantora e compositora não gosta de facilitar, procurando compor segundo um padrão que não cede a modas fáceis ou a arranjos voltados para a vertente comercial.

No seu CD, o destaque vai para para o uso de instrumentos como a flauta marroquina, o clarinete, a guitarra e a linha da percussão, que sublinha com subtileza sem impor qualquer protagonismo, que é deixado à voz da cantora. Neste particular, sublinhe-se o tom aveludado da voz, marcadamente gracioso, com um timbre encantatório, que seduz o auditório pela tranquilidade e paz. Não há na sua música qualquer entonação mais agressiva, trepidante ou eufórica, mas a serenidade –dir-se-ia zen– de cantar palavras e produzir sons em harmonia com a natureza e o desejo humano de intimidade. O que, à primeira audição, pode parecer algo monótono não é mais do que o objectivo cumprido de serenar os ânimos com a serenidade que dela emana. Não faz uma Lhasa o mesmo, se bem que esta cantora deixe um rasto de melancolia e dramaticidade? Fãs de Lhasa, seremos fãs de Vanessa Pinheiro pela alegria que se desprende, não através de um estereótipo brasileiro de movimento e alegria desmedidos, mas de uma pauta plena de amoroso encontro com o sentido cósmico da vida.

Convém salientar também, neste seu CD, e nas actuações ao vivo, o uso contido de coros, a variedade de ritmos, desde o samba, à bossa nova, passando pelo tom andaluz de "Sol na varanda", além de algumas parcerias de letras, sobretudo com Mário Jovita.♦

J.L. PIRES LARANJEIRA é professor na Universidade de Coimbra e dará uma palestra nas Jornadas da Língua da AGAL o 22 de Abril às 12 h. em Compostela.

D O N Q U I X O T E E B R E O G « N

NA AVENTURA DOS MUÍÑOS

Breogán descubriu un libro marabilloso na biblioteca. Alí coñeceu a Don Quixote e con el e Sancho Panza marchará de aventuras. Mais uns muíños sairanlles ao paso.

O EXÉRCITO DE OVELLAS

Indo de aventuras con Don Quixote e Sancho Panza, Breogán participou nunha batalla moi rara. Nela combateron un exército de carneiros contra outro de ovellas.

O Trinque

José Afonso

O Colectivo *Urbano Lugrís* presenta unha exposición sobre José Afonso, chamado o cantor da revolución portuguesa do 1974. Nesta mostra poderanse ouvir as cancións máis famosas del, caso de 'Grândola, vila morena', 'Menina dos olhos tristes' ou 'Venham mais cinco', ademais de verse vídeos sobre o artista. No Centro Cívico de Monelos, na Coruña, até o 7 de maio.♦

LeCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

X Ciclo de Jazz da Barrié

Lorraine Desmarais e Phil Woods.

Promovido pola *Fundación Barrié* na **Coruña,** presenta, este venres 22 ás 20:30 no *Pazo da Ópera*, a **Phil Woods Quartet,** xunto coa **Orquestra de Cámara** da **Sinfónica de Galicia;** que repetirá actuación o sábado 23 acompañando a **Lorraine Desmarais**. Este xoves 21 no *Auditorio* da *Fundación*, **Jacques Muyal,** reputado investigador do jazz, vai dar unha conferencia ilustrada con proxeccións sobre **Norman Granz** e **Charlie *Bird* Parker.** Esta actividade ten entrada libre até completar aforo, e para os concertos no *Pazo da Ópera* débense retirar previamente as entradas de balde na sede da *Fundación*. Máis información en www.fbarrie.org.♦

O Barco

■ EXPOSICIÓNS

XELO DE TREMIÑÁ
A sala de *Caixanova* acolle unha mostra das súas terracotas de pequeno formato.

Barreiros

■ ACTOS

CAMPIONATO INTERNACIONAL DE BILLARDA
O domingo 24 a partir das 16 h. celebrarase na pista do Canteiro de San Pedro de Benquerencia o *II Torneo do Palán de Ouro*, organizado pola Liga Nacional de Billarda. Máis información en www.ovaral.blobspot.com.

Betanzos

■ ACTOS

XORNADAS DA HISTORIA
A A.C. *Eiravella* organiza unha charla documental sobre ***As Luces do s. XVIII. Enxeñeiros, camiños e minas,*** a cargo do arqueólogo **Antón Fernández Malde,** o vindeiro mércores 27 ás 20:30 h. no *Liceo*. Ademais durante o mes de maio realizarase un roteiro arqueolóxico para visitar algúns xacementos abordados durante as xornadas, no que os interesados se poden inscribir chamando ao 981 770 472, ou en eiravellabetanzos@yahoo.com.

■ EXPOSICIÓNS

JUAN CARLOS MESTRE
O artista berziano presenta na galeria CIEC unha mostra de augafortes e augatintas, pletóricas de forza, até o 30 de abril.

Bueu

■ EXPOSICIÓNS

ICONOS RUSOS
O museo *Massó* exhibe, até o 15 de maio, a colección *Santos-Illueca*.

Cambados

■ EXPOSICIÓNS

JOSÉ MANUEL CASTRO
Podemos gozar das súas esculturas até o 3 de maio na galería *Borrón 4*.

Cambre

■ EXPOSICIÓNS

ANDERSEN, UNHA VIAXE POR ESPAÑA
Co gallo da conmemoración do II centenario do seu nacemento, e organizada pola Asociación Española de Amigos do Libro Infantil e Xuvenil, a Bibioteca Central acolle esta mostra que, tamén, programa encontros cos ilustradores **Suso Cubeiro, Xan López Domínguez, Noemí López, Manuel Uhía, Pepe Carreiro** e **Óscar Villán.** Até o mércores 27 de abril.

Cangas

■ EXPOSICIÓNS

MATERIAS DE SOMBRAS
Podemos visitar esta mostra do fotógrafo estradense **Anxo Cabada** na sala do *Auditorio Municipal*.

ECOS DA CREACIÓN
As fotografías de **Manuel Lemos** poden ollarse na casa da cultura *Ángel Botello* até o 3 de maio.

Cea

■ EXPOSICIÓNS

MOSTEIRO DE OSEIRA
O *Antigo Comedor* do ilustre edificio acolle, até o verán, unha mostra de fotografías.

Cerdido

■ EXPOSICIÓNS

UNHA OBRA, UNHA MIRADA
Acrílicos e collages de **Renata Otero** que podemos ollar durante abril no Concello, no Centro de Saúde e no Colexio Público.

Cervo

■ EXPOSICIÓNS

ROSALÍA ILUSTRADA
Podemos visitar durante abril esta mostra na *Casa da Administración* de *Sargadelos.*

Chantada

■ EXPOSICIÓNS

MANUEL QUINTÁNS
Mostra de pintura que podemos ollar até o xoves 28 na *Casa da Cultura*.

O Corgo

■ EXPOSICIÓNS

SONIA RIELO VILA
Na *Casa Grande da Fervenza* exhíbense até xuño as súas pinturas.

A Coruña

■ ACTOS

GUERRA DA CAL
Joel R. Gómez, xornalista, dramaturgo, ensaista e pertencente ao Grupo de Investigaçom Galabra, da U. de Santiago, presentará ***A poesia de Guerra da Cal: um proxecto de internacionalidade para a lingua, a literatura e a cultura da Galiza,*** o martes 26 ás 20 h. no local do Facho (F. Tapia 12, 1º).

ROTEIROS A PÉ
A A.C. *Colectivo Camiños* continúa cos roteiros abertos á calquera persoa interesada, por un prezo de 2 euros, con saída desde a Estación de Autobuses, sobre as 11 da mañá dos domingos para voltar á tardiña. Este domingo 24 visitan a Serra do Ghato en Betanzos. Para máis información dirixirse ao 649 759 734 (David), ou ao local da asociación sito na rúa Tren 5, baixo.

SEDUCIDOS
POLO ACCIDENTE
Parellamente a esta mostra que se desenvolve na *Fundación Luís Seoane*, durante todos os venres de abril, reputados especialistas aportarán a súa opinión sobre o tema. Este venres 22 ás 20 h. vai falar o teórico de estética **Alberto Ruiz de Samaniego.**

■ CINEMA

A ARQUITECTURA COMO MARCO
Dentro do III ciclo de cinema ***Arte no celuloide de arquitectura e arquitectos,*** o *Museo de Belas Artes* acolle, o martes 26 ás 20 h, a proxección de ***Blade Runner*** (1982), de **Ridley Scott.** O venres 29 poderemos ollar a película de **Peter Greenaway, *El vientre del arquitecto*** (1987).

CGAI
O ciclo *Hammer Films* presenta, este xoves 21 ás 20:30 h, ***The devil rides out*** (1968), de **Terence Fisher;** o venres 22 ás 18 h. poderemos ver ***A merced del odio*** (1965), de **Seth Holt;** e, o sábado 23 ás 20:30, ***El cerebro de Frankenstein,*** tamén dirixida por **Terence Fisher.** A serie *Terra Brasil* adicada ao cinema brasileiro terá como expoñente ***Como nascem os anjos*** (1996), de **Murilo Salles,** este sábado 23 ás 18 h; o luns 25 ás 20:30 tocaralle o turno a ***Deus é brasileiro*** (2003), de **Carlos Diegues.** Dentro do ciclo adicado a **Arthur Penn,** este venres 22 ás 20:30, preséntase ***Pequeño gran hombre*** (1970), nun acto que inclúe un coloquio no que participa o próprio director e **Miguel Anxo Fernández** como moderador. No espazo protagonizado por **Errol Morris** pódese ollar, o martes 26 ás 20:30, o vídeo ***Mr Death*** (1999). O ciclo *Cinema francés 1945-1960* proxecta, o vindeiro mércores 27 ás 20:30, ***Au pays des mages noirs*** (1947), de **Jean Rouch**, **Pierre Ponty** e **Jean Sauvy,** e ***Chronique d´un été*** (1961, de **Jean Rouch** e **Edgar Morin.** Máis información en www.cgai.org.

■ DANZA

MELTEMI
Experimentadanza presenta, este venres 22 na *Fundación Luís Seoane*, este magnífico espectáculo; o sábado 23 poderemos ollar no mesmo lugar ***Oleles***; mestura de teatro e baile.

■ EXPOSICIÓNS

Mª JESÚS PÉREZ CARBALLO
Os seus traballos máis recentes amósanse na galería *Pardo Bazán*.

BOENTE
A súas obras pódense ollar até o sábado 30 na galería *Atlántica*.

MIGUEL MELERO
O artista presenta *A Arquitectura dos sentimentos* na

Na *Fundación Luís Seoane* da CORUÑA celébrase a *Experimenta danza,* na que se poderán ver *Meltemi,* na imaxe, e *Oleles.*

Pedro Granell

O recoñecido músico, ex compoñente das bandas *Los Eskizos* e *Kozmic Muffin*, está de xira para presentar o seu novo traballo titulado *Sils-María,* cun estilo musical variábel e inclasificábel e un son anovador e independente. Este xoves 21 ás 22:30 h. vai dar un concerto electroacústico na *Casa de Arriba* en **Vigo;** o venres 22 á mesma hora toca no *Marrado* en **Baiona;** o sábado 23 estará no *Torgal* de **Ourense;** o domingo 24 poderemos escoitalo no *Vinilo* do **Grobe;** o vindeiro venres 29 na sala *Clan* de **Xinzo da Limia;** e o sábado 30 ás 22 h. no pub *Nigromante* de **Brión.** Máis información en www.pedrogranell.com.♦

Los Secretos

A veterana banda de pop español vai dar un concerto este xoves 21 na sala *Nova Olimpia* de **Vigo;** o venres 22 faráo no *Playa Club* da **Coruña.**♦

Luis Pastor

O cantautor cacereño fará un amplo percorrido polos seus vellos temas e presentaranos o seu novo disco *Pásalo*, gravado e producido por Chico César no Brasil, este venres 22 ás 23 h. no bar *Liceum* do **Porriño;** o sábado 23 poderemos escoitalo no *Clavicémbalo* de **Lugo.**♦

Carteleira

ALFIE. Un solteiro golfo e canalla gusta de conquistar mulleres como diversión e non quere comprometerse. Aproveita o feito de ser novo, pero a todo o mundo se lle pasa o momento. Comedia con moralina.

BE COOL. Un ex mafioso promove a unha cantante pop e ten que enfrontarse aos métodos dun mundo musical que tamén é mafioso. Desfile de famosos nunha película que pretende ser de culto pero que non se sabe onde vai.

HABANA BLUES. Benito Zambrano, despois do éxito de *Solas*, reaparece con forza. As peripecias dun grupo de músicos cubanos para facer un contrato cunha discográfica española, permítelle radiografar a sociedade cubana sen maniqueismos. Moi recomendábel.

A DAMA DE HONOR. Na voda da súa irmá, Philippe coñece a dama de honor. Trátase de Senta, unha moza con gusto polo melodrama que tinxe a súa vida de misterio e que pretende que el lle demostre o seu amor con actos absurdos. Intriga de Claude Chabrol.

DESCUBRINDO NUNCA XAMAIS. Película que narra os vínculos entre o escritor James Barrie e a familia Davies, relacións que lle dan pé a crear a historia de Peter Pan. Personaxes pusilánimes e sentimentalismo a esgalla nunha obra con sete nominacións aos Óscar.

KINSEY. Historia de Alfred Kinsey, o biólogo que revolucionou a sociedade norteamericana ao estudar os seus usos sexuais á marxe dos convencionalismos sociais e que loitou contra numerosos tabús. Película que dá todo o que pode dar de si unha biografía.

A MEMORIA DOS MORTOS. Un home dedícase a montar películas sobre a vida dos mortos despois de retirarlle un implante que grava todas as súas experiencias desde a nenez. Mais hai un movemento que trata de rematar con estas prácticas.

LONGO DOMINGO DE NOIVADO. Unha parella sepárase porque o noivo ten que ir combater na I Guerra Mundial nas filas francesas. Intenta desertar e é condenado a morte. A súa moza nunca cre a versión oficial e comeza unha investigación para saber se continúa vivo. Grande interpretación de Audrey Tautou (*Amelié*). Recomendábel.

O AFUNDIMENTO. Berlín, abril de 1945. Nun búnker os delirios de Hitler ante un fin inminente atopan a adhesión fanática dalgúns dirixentes nazis e a oposición máis racional dalgúns xenerais, que procuran unha rendición que evite sufrimentos á poboación civil. Un tanto agónica.

OS PAIS DEL. Non é preciso contar o argumento desta película chea de famosos (De Niro, Hofman, Sarandon, Streissand, Stiller). Ningún deles se cre o papel que interpreta. Diversión a base de sal gorda. Xa saben: protese mamaria, peidos, etc.

A RAPAZA DO MILLÓN DE DÓLARES. O último Clint Eastwood presenta unha nova versión dos Karate Kid, en liña feminista, ateigada dos tópicos do xénero. Por baixo das súas demais producións como director.

ALEXANDRE MAGNO. Fita histórica que narra a biografía do gran heroe macedonio visto polo seu xeneral Ptolomeo. O director, Oliver Stone, opta por unha narración por etapas da vida do rei heleno entre as que hai moitas lagoas. Céntrase demasiado na condición sexual do protagonista.♦

Homenaxe a M. María en Cangas

O Auditorio Municipal de **Cangas** acolle diversos actos de recoñecemento ao poeta chairego. Este xoves 21 ás 20 h. celébrase unha mesa redonda baixo o título ***Manuel María, poeta nacional,*** no que van intervir **Manuela Álvarez, Xosé Vázquez Pintor, Bautista Álvarez, Miguel Anxo Fernán Vello** e **Bernardino Graña,** que serán presentados pola poeta **Pilar Fernández.** O venres 22 ás 20 h. haberá un recital poético con leituras de poemas de **Manuel María,** no que tamén participarán o gaiteiro **Iván Costa Blanco** e a **Coral Polifónica** de Bueu. O sábado 23 ás 21 h. gozaremos co concerto de **Na Virada**, **Tino Baz**, **A Quenlla**, **Xavier Blanco**, os grupos tradicionais de gaitas **Manxadoira** e **Tromentelo,** e a estrea da ***Danza do Espantallo*** a cargo do grupo de baile **Axóuxeres-Meiramar.** ♦

Lhasa interpretará cancións nostáxicas, influencia de Chavela Vargas, Amália Rodrigues ou Maria Callas, este xoves 21 na CORUÑA.



Podemos coñecer a obra de Leandro na galería *Visol* de OURENSE.

biblioteca pública *González Garcés* até o xoves 28.

BRIGADAS INTERNACIONAIS. IMAXES RECUPERADAS
Até 28 de abril, a *Fundación Caixagalicia* acolle a reconstrución, a través de imaxes de reporteiros gráficos da altura de **Robert Capa**, **David Seymour** e **Agustí Centelles,** da grande aventura das Brigadas Internacionais na Guerra Civil. As imaxes, moitas inéditas, evocan a vida e loita destes voluntarios, así como a repercusión que o conflito tivo en todo o mundo.

SEDUCIDOS POLO ACCIDENTE
A *Fundación Luís Seoane* acolle, até o 19 de xuño, esta mostra na que unha trintena de pezas teñen un mesmo fío condutor, a sedución que mostran os creadores contemporáneos por acontecementos accidentais ou catastróficos. Os accidentes móstranse matizados pola intencionalidade dos artistas que, ás veces, supón unha vía de escape fronte ás traxedias.

LI ZHENSHENG
Podemos ollar as súas fotografías no *Quiosque Alfonso*.

ARQUITECTURAS AUSENTES DO S. XX
Organizada pola *Fundación Barrié* e o Ministerio da Vivienda, amosa 21 obras que foron proxectadas pero non construídas, ou que foron construídas e perduraron un breve espazo de tempo. Proxectos de **Alvar Aalto**, **Wales Gropius**, **Le Corbusier**, **El Lissitsky**, **Adolf Loos**, **Mies van der Rohe**, **Alejandro de la Sota**, **Giuseppe Terragni** ou **Frank Lloyd Wright**, que poderemos admirar até o 15 de maio. Obradoiros didácticos para escolares e visitas guiadas para adultos. Máis información en www.fbarrie.org.

GOBISSAUROS
Pormenores da fauna e flora de hai máis de 65 millóns de anos no Parrote.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER
As imaxes do máis coñecido concurso internacional de fotografía sobre a natureza, na súa edición correspondente ao ano 2005, poderanse contemplar no *Aquarium Finisterrae* até o 17 de xullo.

HOMENAXE Á TORRE DE HÉRCULES
Mostra conmemorativa dos 60 anos da publicación deste libro de **Luís Seoane** que podemos contemplar na súa fundación até o 25 de maio.

■ **MÚSICA**

MÚSICA CON RAÍCES
Dentro do ciclo de concertos promovido polo Concello e *Caixanova* este xoves 21 ás 21 h. chega ao teatro *Rosalía de Castro* **Lhasa**, filla dun mexicano e unha estadounidense, que interpreta música nostálxica e emotiva con melodías e letras tristes en tres idiomas, con influencias que van de Chavela Vargas a Amalia Rodrigues ou María Callas, presentando o seu segundo disco *The Living Road*. Entradas á venda por 7, 9, 12 e 15 euros.

Culleredo

■ **CIRCO**

YIN YANG
Poderemos gozar do fantástico espectáculo do **Gran Circo Nacional Chinés**, sito a carón da ponte do *Burgo*, até o domingo 24 de abril.

Fene

■ **ACTOS**

VICENTE ARAGUAS
O escritor e crítico literario afincado en Madrid fará este venres 22, ás 20 h. na *Biblioteca Municipal*, un percorrido pola súa traxectoria literaria e anticipará dous poemarios inéditos que, proximamente, verán a luz en forma de antoloxía. A presentación faráa o escritor **Miro Villar** e **Miro Casavella** interpretará algunhas das súas últimas creacións recollidas no disco *Orvalho*.

MARCHA A CORRUBEDO
O Concello promove un roteiro ao parque dunar de Corrubedo o sábado 30 de abril, con saída da Praza do Concello ás 8 h. Os interesados poden informarse e inscribirse nas dependencias administrativas da Comisión de Cultura, Ensino, Deportes, Xuventude e Turismo, sitas na avda. Naturais, 44 entresollado, de luns a venres entre as 9 e 14 h., ou no telf. 981 340 366, antes do martes 26.

■ **EXPOSICIÓNS**

O GRAVADO COMO EXPRESIÓN
É unha mostra, promovida polo obradoiro municipal *Un paseo polas Artes*, dirixido por **Verónica Mtnez. Delgado,** que podemos contemplar na *Casa da Cultura* e que pretende achegar o gravado, medio flexíbel e cheo de recursos, como xeito de manifestación artística.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

PATRIMONIO DO ATENEO
Podemos ollar esta mostra até o sábado 30 no *Ateneo Ferrolán*.

SGHN
A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos.

Lugo

■ **ACTOS**

IX XORNADAS DO NACIONALISMO
Os CAF organizan unha nova edición deste ciclo, no que **Mª Xesús Souto Blanco** vai falar, o vindeiro xoves 28 ás 19 h. na aula *24* da *Escola de Maxisterio*, sobre ***A represión franquista na Galiza, caso concreto: Lugo.***

■ **EXPOSICIÓNS**

X. MARRA
Kince intimidades interrompidas e máis un paso cebra titula a súa mostra fotográfica que podemos contemplar no *Mesón do Forno* (Río Ser 12) durante abril.

O VOTO FEMININO EN ESPAÑA
Podemos visitar esta mostra na Facultade de Veterinaria até o venres 29.

JAVIER TORRÓN
O artista amosa as súas xilografías na galería *Augatinta*.

NATURAL
Esculturas de **Rafael Nadales** que podemos ollar na *Biblioteca Provincial* até o xoves 28.

MANUEL DEL RÍO
Na sala da *Deputación Provincial* amósase a obra deste pintor até final de abril.

■ **MÚSICA**

VÍCTOR ANEIROS BAND
Presenta o seu último traballo *O blues do amencer* este venres 22 ás 23 h. no *Clavicémbalo*.

■ **TEATRO**

CLÁSICOS DO S. XX
O ***II Festival de Teatro***, adicado ao dramaturgo **Bertolt Brecht,** continúa este sábado 23 ás 20:30 h. no auditorio *Gustavo Freire* coa adaptación do grupo catalán **Teatro Lliure** da peza ***Santa Juana de los Mataderos;*** o luns 25 poderemos gozar coa peza ***Sobre Horacios y Curiacios,*** de **Teatro de la Abadía,** elexida como o mellor espectáculo do ano nos premios *Max;* o mércores 27 proxéctase, no *Salón de Actos* de *Caixa Galicia*, a película ***Vientres Helados*** (1932), con guión do próprio **Brecht** e dirección de **Slatan Dudow;** e o venres 29 ollaremos, no mesmo lugar, a fita de **Fritz Lang,** ***Los verdugos también mueren*** (1943) Entradas á venda na billeteira telefónica de *Caixa Galicia* 902 434 443 ou en www.caixagalicia.es, a un prezo de 6 euros (cun desconto do 50% para estudantes, xubilados e parados).

Mesía

■ **ACTOS**

VENRES CULTURAIS
O ciclo de conferencias sobre os medios de comunicación e a súa influencia na visión da realidade conta este venres 22 ás 22 h. na *Casa da Cultura* coa presenza do xornalista **Diego Carcedo** que dará a súa opinión sobre ***O xornalista no foco da noticia.***

■ **MÚSICA**

PRIMAVERA MUSICAL
Este sábado 23 ás 20 h. no Centro Sociocultural poderemos escoitar ao saxofonista **Emilio J. Vázquez Rodríguez,** que estará acompañado por **José Manuel Taboada** na percusión e **José Benito Torres** ao violonchelo.

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

CARMEN GALLEGO
Podemos ollar a súa obra no centro comarcal *Expo Lemos* até o venres 29.

Nogueira de Ramuín

■ **EXPOSICIÓNS**

CONEXIÓN 8
Podemos ollar esta colectiva no *Parador de Santo Estevo* até o sábado 23.

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

SALTEADO DE CORES EN CADROS
Mostra do colorista pintor **Leandro,** que podemos ollar na galería *Visol*.

LUÍS FEGA
A galería *Marisa Marimón* acolle a obra deste pintor até o 13 de maio.

HUECO VIRTUAL
Esculturas de **Luis Borrajo** até o 30 de xuño nos exteriores do *Campus*.

LEMBRANDO AO QUIXOTE
Mostra de láminas na asociación xuvenil *Mencer* até o venres 29 de abril.

PAGO POR VISIÓN
Pinturas de **Ángel Cerviño** no *C.C. da Deputación* até o domingo 24.

LINO LAGO
Podemos ollar a súa pintura no *Ateneo* até o venres 29.

Víctor Aneiros Band toca este venres 22 no *Clavicémbalo* de LUGO.

XURXO LOBATO
Expón a súa mostra fotográfica ***Galicia, camiño celeste*** no Museo Municipal. Máis de 70.000 persoas xa a visitaron en Santiago, A Coruña, Lugo e Pontevedra. Até o 1 de maio.

Padrón

■ **EXPOSICIÓNS**

AMIGO E MESTRE
A *Fundación C.J. Cela* acolle esta mostra sobre **Pío Baroja** até o 30 de abril.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

NANDO LESTÓN
O pintor expón a súa obra na sala *Teucro* até o venres 29.

ISAAC DÍAZ PARDO
O *Café Moderno* da *Fundación Caixa Galicia* exhibe as pinturas deste importante intelectual, artista e empresario, fundador de *Sargadelos*, pertencentes a colección da entidade. Até o 22 de maio.

■ **MÚSICA**

TRAD
Este ciclo é unha viaxe polo amplo abano da música galega de vangarda, no que se mesturan as formas da música tradicional con influencias europeas e americanas. O vindeiro sábado 30 ás 21 h. poderemos gozar, no teatro *Principal*, con ***Reelaborasons,*** espectáculo do **Conservatorio de Música Tradicional e Folque** de Lalín, no que se integra a música, a imaxe, a danza e a palabra, coa participación de 25 músicos, entre alunos e profesores, o VDJ pontevedrés **Isaac Cordal,** e a colaboración de **Guadi Galego** e **Quim Farinha**. Entradas á venda por 3 e 5 euros.

■ **TEATRO**

DOMINGOS NO PRINCIPAL
O Concello promove a V edición deste ciclo de teatro para o público familiar, coordenada por **Teatro Akatro.** Este domingo 24 ás 18:30 e por 2 euros, os cataláns **Xirriquiteula** representan a obra xestual, ***Papirus.***

O Porriño

■ **EXPOSICIÓNS**

ESPECIMEN 0.5
Mostra do graffiteiro valenciano **Hanem,** que lle supón o salto dos valados a lenzos e soportes plasticoestéticos, até o 6 de maio no *Liceum*.

■ **MÚSICA**

A.C. LIRA
A orquestra de cámara vai dar un concerto este sábado 23 ás 20:30 h. na igrexa parroquial Santa María.

■ **TEATRO**

A FACTORÍA TEATRO
Os máis cativos poderán gozar coa peza ***Iesi cebola contra a doutora Rabia Rabiña*** o vindeiro xoves 28 ás 19 h. no *C.C. Municipal*.

Ribadavia

■ **EXPOSICIÓNS**

PEGADAS DE SEFARAD
Podemos visitar esta mostra até o 21 de maio no *Local Social da Madalena*.

Ribeira

■ **EXPOSICIÓNS**

LOS CAPRICHOS DE GOYA DE DALÍ
Podemos admirar esta mostra no *Museo do Gravado* en Artes.

Sada

■ **EXPOSICIÓNS**

ÁNGELES BELLO
Os seus óleos amósanse na *Casa da Cultura* até o sábado 30.

San Sadurniño

■ **EXPOSICIÓNS**

INSTRUMENTOS TRADICIONAIS
Mostra que se pode visitar durante abril no *Centro Cultural*.

Santiago

■ **ACTOS**

OS BOS E XENEROSOS
A Asociación de Escritores en Lingua Galega homenaxea ao Museo do Povo Galego como institución galega que vén realizando un significativo labor de recuperación e posta en valor das formas culturais próprias e a súa presenza activa no proceso de normalización da cultura galega e a defensa dos seus valores identitarios. O acto vaise celebrar o vindeiro sábado 30 no Auditorio do museo, e dará comezo coa leitura da acta da asemblea da AELG por parte de **Mercedes Queixas Zas,** seguindo as intervencións de **Carlos García Martínez**, **Felipe Arias Vilas** e **Tucho Calvo,** a *Laudatio* pronunciada por **Xosé Ramón Barreiro,** á que responderá **Xusto G. Beramendi,** e a intervención de **Cesáreo Sánchez Iglesias,** coa entrega á institución homenaxeada dunha placa. Rematará o acto coa intervención de **Isaac Díaz Pardo** e a música do trío de corda **Clásica,** dirixido por **Mijail Moriatov,** que interpretará pezas tradicionais galegas, para despois

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Nº 1.172 ● Ano XXVIII ● Do 21 ao 27 de abril de 2005

celebrar un xantar no hotel *Palacio do Carme*.

■ **EXPOSICIÓNS**

GALICIA LUZ
Fotografías de **Juan M. Gómez Segade,** doutor en Htra. da Arte e profesor da U. de Granada, autor de varios libros sobre arquitectura contemporánea, crítico de arte, pintor e, desde 1977, especializado en fotografía do patrimonio artístico. Desde este xoves 21 e até o 8 de maio mostra as súas fotografías sobre Galicia na *Fundación Araguaney* (Montero Ríos 25)

PEDRO OTERO
(1911-1981) é un dos fotógrafos arxentinos máis importantes do pasado século. Fillo de galegos, estivo moi vencellado aos movementos vangardistas e sociais durante toda a vida. A *Fundación Granell* expón corenta traballos da serie *A fotografía e a música*. No Pazo de Bendaña até o 9 de maio.

QOYLLUR RIT'I NO PERÚ
A onde viaxan os deuses. Unha peregrinación ao Qoyllur Rit'i aproximanos á festa indíxena máis multitudinaria de América, unha das manifestacións máis profundas da relixiosidade andina na que miles de persoas de todo o Perú peregrinan, a través de abruptas paraxes, a este santuario. No *Museo das Peregrinacións* até o 19 de xuño.

QUIXOTES
Colectiva de pintura e escultura de 23 artistas até o sábado 30 de abril na galería *Auriol Arte*.

NAVEGANDO ENTRE CULTURAS
Mostra interétnica que permanecerá na *Aula Sociocultural* de *Caixa Galicia* até o 5 de maio.

ROSTROS
O retrato no umbral do século XXI é o fío condutor desta mostra que podemos visitar até o 8 de maio, na *Igrexa da Universidade*, onde se presentan fotografías, esculturas, pinturas ou vídeos de 35 artistas contemporáneos da talla de **Cindy Sherman**, **Thomas Ruff**, **Vik Múniz** ou **Thomas Shütte**, entre outros.

NOT RED LABEL
Podemos ollar as fotografías de **Manu Lago** até o mes de xullo na sala *Galán*.

A PESCA DO BACALLAU EN TERRANOVA
Colección de imaxes, baixo o título *Barcos de xeo*, do fotógrafo Lucien Giradin-Dagort. Crónica dos pescadores españois de bacallau na illas francesas de Saint-Pierre e Miquelon (chegou a haber 150 barcos), de importancia singular desde os anos vinte do pasado século que xerou unha gran relación comercial e humana, na que os mariñeiros galegos teñen un protagonismo especial. A dureza das condicións de traballo dos mariñeiros nos bous e nas parellas cercadas polo xeo en contraste coa calidez das relacións humanas. No *Museo do Pobo Galego* até o 8 de maio.

ARTURO HERRERA
O CGAC organiza a primeira retrospectiva europea deste artista venezolano, que vive e traballa entre New York e Berlín, cun total de 50 obras nas que se mesturan elementos do modernismo, o expresionismo abstracto, o surrealismo e a linguaxe visual da cultura popular. Até o 19 de xuño.

EMERXENTES
A *Casa da Parra* acolle esta colectiva de 6 novos artistas galegos até o sábado 30 de abril.

ISABEL E CURRO ULZURRUM
Mostra que podemos ollar na galería *Trinta* até o 1 de maio.

INTERIORES, EXTERIOR
A galería *Espacio 48* exhibe a obra minimalista do pintor abstracto **Joaquín García-Gesto** até o sábado 30 de abril.

3'
O CGAC presenta esta mostra de traballos de 10 videoartistas que teñen en común a súa duración máxima de 3 minutos.

UN MUNDO DE FORMAS E CORES
O *Colexio de Fonseca* acolle esta mostra organizada polo Museo de Historia Natural *Luís Iglesias* da *USC*, na que podemos ollar a colección malacolóxica *Rolán*.

VELA ZANETTI
Historia dunha amizade é a mostra que acolle a *Fundación Granell* durante abril.

NICOLÁS LAIZ
Micropaisajes macroeconómicos titula a súa mostra de estruturas de cartón, cartografías, maquetas... que poderemos contemplar na galería DF (Rúa de San Pedro 11) até o 14 de maio.

OOOPS...!
I DID IT AGAIN!
Vídeo-instalación de **Christian Jankowski** no *CGAC*.

JOANNA DOMANSKA
A artista surrealista polaca amosa o seu traballo na *Fundación Granell* até o 9 de maio.

DE-CONSTRUCCIÓN
Obras de **Carlos Meaño** na galería *C5 Colección* até o sábado 30.

■ **MÚSICA**

JAMES TAYLOR QUARTET
A cultura de clube e a explosión do órgano Hammond chegan este xoves 21 ás 22 h. á sala *Capitol*, para presentar *The Oscillator*, o último disco da banda británica. Entradas á venda por 18 euros na billeteira.

PORTUGAL&CIA
Este ciclo de novas expresións artísticas portuguesas, organizado pola sala *Nasa*, presenta o **Quinteto Tati,** novo grupo de valses, rumbas, boleros e outros estilos con letras xenuinamente portuguesas e plenas de ironía, o vindeiro mércores 27 ás 21:30 h.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Gloria Isabel Ramos terá a batuta o vindeiro xoves 28 ás 21 h. no *Auditorio de Galicia*, nun concerto no que acompañará ao piano **Marta Zabaleta**, e no que se van interpretar pezas de J.Mª Sánchez Verdú, A. Ruiz Pipó, e F. Mendelssohn.

■ **TEATRO**

CONFESIÓN
Teatro do Noroeste estrea esta peza de **Eduardo Alonso,** dirixida por **Luma Gómez,** desde este xoves 21 ao domingo 24 na sala *Yago* (consultar horarios en www.salayago.com).

James Taylor Quartet toca este xoves 21 na sala *Capitol* de SANTIAGO.

TÍO VANIA
A sala *Nasa* acolle a representación da coñecida peza de **Chéjov** da man da **Factoría Teatro**, desde este xoves 21 ao sábado 23 ás 22 h. Entrada á venda por 8 euros (por 5 a estudantes e parados e por 2,5 para socios).

LA RATITA PRESUMIDA
Buho Teatro representa esta peza de títeres destinada a cativos a partir de 4 anos o domingo 24 ás 12:30 h. na sala *Yago*.

DEFENDIENDO AL CAVERNÍCOLA
A versión de **Eduardo Galán** da obra de Rob Becker, protagonizada por **Nancho Novo** e dirixida por **Marcus Von Wachtel,** represéntase o vindeiro mércores 27 e xoves 28 .as 21 h. no teatro *Principal*.

Tui

■ **EXPOSICIÓNS**

MURAIS
Mostra de **Miguel Carballo** na galería *Trisquel e Medulio*, até o 23 de abril (mañás de 10 a 13 h. e tardes de 17:30 a 21 h., domingos e festivos fecha).

Vigo

■ **ACTOS**

A REVOLUÇÃO É UMA FESTA
O *Ateneo Libertario* organiza un debate sobre o 25 de abril do 74 en Portugal, o sábado 23 ás 20 h. na *Cova dos Ratos* (Romil 3), no que van intervir os antigos militantes da loita armada contra o fascismo e integrantes despois da revolución dos movementos do *Poder Popular* **José Paulo,** profesor de matemáticas e escritor, e **Paula Viana,** asistente editorial.

VIGO: O HOME E A CIDADE
A II edición deste ciclo de conferencias organizado pola *Fundación Carlos Casares*, que se desenvolve no *C.S. Caixanova*, conta coa intervención do alcalde de Nigrán **Alfredo Rodríguez,** que exporá o tema ***Nigrán e a Área Metropolitana,*** este xoves 21 ás 20 h.

AS CONVERSAS DO AXEXO
O ciclo de conferencias e mesas redondas sobre temática mariña que se celebra no *Museo do Mar de Galicia* conta, este xoves 21, con **Santiago Veloso,** que vai presentar o proxecto ***Patrimonio Intanxíbel. Ponte nas Ondas.***

■ **CINEMA**

JOSÉ VAL DEL OMAR
Este xoves 21 ás 20 h. no salón de actos do MARCO comeza este ciclo monográfico no que se vai proxectar o ***Tríptico Elemental de España***, formado polas curtas ***Acariño Galaico/De barro*** (1962-1995), ***Fuego en Castilla*** (1960), e ***Agua-espejo Granadino*** (1955). O venres 22 ollaremos ***Vibración de Granada*** (1935) e ***Fiestas Cristianas/ Fiestas Profanas*** (1934-35). O sábado 23 teremos a fita ***Ojalá,*** de **Cristina Esteban** (1994). Máis información en www.marcovigo.com.

Convocatorias

ARTEDANZA
Proposta da *Fundación Luís Seoane* da **CORUÑA,** basada na integración da danza e do teatro xestual nun espazo adicado á arte. Desde o venres 22 ao domingo 24, terán lugar nos espazos da fundación dúas actuación de libre entrada e un obradoiro no que se poderá participar previa inscripción. **Damián Muñoz** e **Jordi Cortés,** xunto co equipo de **Experimenta Danza** actuarán, dirixirán un espectáculo e impartirán un obradoiro. O obradoiro, dirixido a estudantes e profisionais da danza e do teatro, ten 20 prazas e desenvolverase o domingo 24, de 11 a 15 e de 17 a 19 h, tendo un prezo de 50 euros. Máis información en info@luisseooanefund.org ou no telf. 981 216 015.

CONTRIBÚE A ESPALLAR AS LETRAS GALEGAS
O colectivo *Urbano Lugrís* organiza unha campaña de recolleita de libros, para sensibilizar á sociedade sobre a necesidade da leitura en galego. Para elo solicita a contribución con doazón de libros a institucións e cidadáns en xeral, que se poden entregar no *Centro Cívico* de *Monelos* da **Coruña**, todos os martes e xoves de 12 a 14 e de 17 a 19 h., até o 12 de maio. Os libros cederanse a algunha entidade que estea a traballar a prol da cultura galega o 17 de maio, no transcurso dunha maratón literaria, que vai celebrar o colectivo. Máis información en www.colectivourbanolugris.org.

CURSO DE ILUSTRACIÓN DA NATUREZA
O deseñador do Castro-Sargadelos, **Calros Silvar,** imparte un curso de iniciación á ilustración da natureza, organizado polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia, no Castelo de Santa Cruz de **OLEIROS,** desde o 18 ao 30 de abril, os luns, mércores e venres de 19 a 21 h, e os sábados de 10 a 14. O número de prazas está limitado a 20 e a matrícula custa 30 euros. Máis información no CEIDA, telf. 981 630 618.

MÁXIMO GORKI
A asociación de solidariedade entre os pobos ten aberta a matrícula para os cursos de lingua rusa, xadrez (impartido por mestre internacional), e tamén para os cursos de ruso de verán en Moscova e San Petersburgo. Máis información na rúa República Arxentina 17, 2º esquerda en **Vigo** e nos telf. 986 36 63 81 pola mañá ou 986 22 44 57 pola tarde.

X PREMIO MANUEL RAÍMONDEZ PORTELA
A Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada promove este certame no que poderán participar aqueles traballos, ou serie de traballos (até un máximo de cinco), que teñan como tema a lectura, e que sexan publicados en lingua galega en calquera dos medios de comunicación escritos até o 30 de xullo de 2005. Os autores deberán remitir unha páxina orixinal dos artigos, na que conste a data de publicación e o medio, acompañada dos seus dados, á sede da fundación (Zona Deportiva s/n, 36680, **A Estrada**) antes do 11 de agosto. A dotación económica do premio será de 1.500 euros. Máis información en www.a-estrada.org, no telf. 986 573 406 ou no fax 986 573 761.

XIV CERTAME CARVALHO CALERO
O Concello de Ferrol promove este premio en dúas categorías: a de *Investigación literaria ou lingüística*, e a de *Creación literaria* (novela curta). Os traballos presentados, en ambas categorías, deberán estar escritos en lingua galega, respeitándose a normativa, e ter carácter inédito, estar axeitadamente grampados ou encadernados e conter aproximadamente 2.000 caracteres por folio. Ao premio de narración curta poderán concorrer unha narración ou un conxunto de contos por autor que non superen os cen folios en conxunto, sen que se prefixe unha extensión mínima. Para o premio de investigación os traballos deberán ter unha extensión mínima de 50 folios. Os orixinais, e cinco copias máis, deberán enviarse ao Concello de Ferrol-rexistro xeral, co correspondente título e lema, indicando no sobre *Certame Carvalho Calero*, cun remite que sexa unicamente o lema. Así mesmo nun sobre á parte constarán os dados persoais do autor, número de conta corrente, breve currículo e NIF, que tamén se remitirá ao Concello indicando no exterior o nome do certame e co lema no remite. Cada modalidade está dotada con 3.606 euros. Máis información no telf. 981 94 41 80.

III PREMIO CONCEPCIÓN ARENAL
A Deputación Provincial da Coruña presenta esta iniciativa coa intención de promover proxectos, estudos e investigacións no campo das políticas de igualdade de xénero relacionados coa provincia, ou de carácter xeral, no que poden participar persoas, a nivel individual ou colectivo, ou entidades legalmente constituídas. Os traballos presentaranse co seu título identificador, en galego, en número de dous exemplares, con formato DIN A4, mecanografados a duplo espazo por unha soa cara, grampados ou encadernados, ou tamén en soporte informático, xunto cun informe-memoria, solicitude de participación na convocatoria asinada polas persoas naturais ou xurídicas e os seus dados persoais, así como o seu currículo e fotocopia do NIF, e unha declaración xurada de que o traballo é inédito, no caso de estudo ou investigación. As candidaturas dirixiranse á Presidencia da Deputación (Sección de Servizos Sociais), sita na Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 da **Coruña,** indicando *Premio Concepción Areal*, antes do 31 de agosto.♦

D.O.G.

CONSELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE

Veñen de establecerse axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común. Todas as actividades subvencionábeis inscríbense en dous grupos, dunha banda, a obra preventiva e operatividade de cuadrillas e, doutra, a adquisición de vehículos todoterreo equiparados para a prevención e defensa de incendios forestais (todas as actividades aparecen detalladas no DOG do martes 29 de marzo de 2005). Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de montes veciñais en man común así como as súas agrupacións. As solicitudes deberán presentarse en impreso normalizado, que facilitarán os servizos de Defensa contra Incendios Forestais nas súas oficinas provinciais, ou de distrito, antes do luns 9 de maio.♦

CONSELLARÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE, DEPORTE E VOLUNTARIADO

Convócanse axudas, de carácter individual e non periódico, para maiores e discapacitados. Poderán ser beneficiarios as persoas maiores de 65 anos que acrediten a necesidade dunha axuda, que non estea incluída no ámbito doutras liñas de protección social ou, que estando non se lles fose concedida, e aquelas persoas afectadas por un grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% recoñecido polo Equipo de Valoración e Orientación, non superen os 65 anos e acrediten a necesidade da axuda. As solicitudes, debidamente asinadas polo beneficiario ou o seu representante legal, presentaranse nas delegacións provinciais desta consellaría até o mes de xuño.♦

J.M Gómez Segade mostra fotografías da Galiza na *Fundación Araguaney* de SANTIAGO

■ **EXPOSICIÓNS**

BELLO HABILIS
O *Museo Liste* presenta, até o 14 de maio, unha colección privada de cascos de combate do s. XX, pertencente a **Guillermo Martínez Baz.**

RAMÓN MANZANO
Até o 18 de maio podemos visitar, na galería *Chroma*, esta mostra individual, de martes a sábado e de 18 a 21:30 h.

ISABEL MATO LANDEIRO
Até o venres 29 a *Casa das Mulleres* acolle a súa obra.

O MANANCIAL DA VIDA
Obras de **Laxeiro** até o 12 de xuño na *Fundación Caixa Galicia*.

A GUERRA DA INDEPENDENCIA
O *Pazo de Castrelos* acolle esta mostra de miniaturas e bandeiras até o 5 de xuño.

A MIRADA DE GOYA
No Museo Municipal *Quiñones de León* (Castrelos) até o 1 de maio.

LAXEIRO
O centro de arte *Alpide* acolle esta mostra sobre a obra gráfica do pintor até final de abril.

J.C. ENSEÑAT
Na *Casa da Xuventude*, até o venres 22 de abril poderemos ollar as obras de banda deseñada, bosquexos a lapis, ilustracións, pinturas, fotografías,e montaxes dixitais creadas por este xove artista.

EIRAVELLA
A sala III do *C.S. Caixanova* acolle, até o 1 de maio, unha retrospectiva da súa obra

ALEXANDRE SANTORIO
Espazos transitorios é como titula a súa mostra sobre as imaxes que o propio territorio xera no ámbito do deseño, fotografía, vídeo, gráfica, adoptando unha perspectiva artística de totalidade. Na *Casa Galega da Cultura* até o 24 de abril.

CARLOS RODRÍGUEZ-MÉNDEZ
Até o 19 de xuño poderemos contemplar as creacións deste artista no Espazo Anexo do MARCO. Esculturas de turba, fotos de obras, espazos abandonados... nos que aparece a súa figura.

ANTÓN CABALEIRO
O artista compostelán amosa, na *Fundación Laxeiro* até o 15 de maio, o seu proxecto *Coexistencias pacíficas*, no que valéndose de soportes fotográficos, debuxos dixitalizados e a proxección dun vídeo, nos fala da súa preocupación pola relación do individuo contemporáneo cos medios de comunicación de masas.

FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA
As mellores imaxes pertencentes á *Colección de Telefónica* exhíbense até o 5 de xuño na planta baixa do *MARCO*.

COLECCIÓN CAIXANOVA
A planta primeira do *Centro Social* da entidade acolle unha escolma de máis de 120 obras da súa colección particular, entre as que destacan as adquisicións máis recentes, onde a fotografía ten un lugar relevante.

20 DESARRANXOS
O *MARCO* acolle unha mostra sobre o ***Panorama da arte brasileira***, formada por 57 obras en todo tipo de soportes, como instalacións, intervencións, obxectos, pinturas, gravados, esculturas, vídeos, etc... concebidas a partir da idea do desarranxo artístico de estruturas, materiais, da dimensión formal ou do contido das mesmas.

■ **MÚSICA**

MÚSICA DO MUNDO
A asociación *Máximo Gorki* de solidariedade ente os povos organiza este concerto que se vai celebrar o sábado 23 ás 19:30 h. no instituto *Santa Irene*, e no que poderemos escoitar ás corais **Quexumes do Hio, Allegro** e **Máximo Gorki.**

OMAR FARUK TEKBILEK
O gran renovador da música turca vai dar un concerto o sábado 23 ás 22:30 h. no *C.C. Caixanova*.

SERVANTO
O cantautor, acompañado pola violinista portuguesa **Maria José *Ze,*** tocará no *pub A Revolta* este sábado 23 ás 22 h, actuación que se repetirá, o luns 25 ás 22 h. no café *A Curuxa* da rúa dos Cestos.

■ **TEATRO**

MÁSCARA PRODUCIÓNS
Presenta, este xoves 21 ás 19:30 h, ***Concentrado de caldo de conciencia,*** adaptación para o *Universitas Café* da obra que ven de representar recentemente no *C.C. Caixanova*, na que se dramatizan textos xornalísticos e literarios que critican, con humor, temas de actualidade como a guerra do Irak ou a situación de Palestina. Entrada de balde.

Vilagarcía

■ **EXPOSICIÓNS**

GRANJEL
Amosa as súas esculturas na sala *Rivas Briones* até o 5 de maio.

AS CORES DO MAR DE GALICIA
Podemos ollar esta mostra de fotografía submarina no *Auditorio Municipal* até o domingo 24 de abril.

Madrid

■ **EXPOSICIÓNS**

CASA DE GALICIA
Acolle, até o venres 22, as pinturas de **Mario Silva,** os debuxos de **J.M. Barreiro,** as esculturas de **Armando Martínez,** e as obras de **María Area.**

A GALICIA MODERNA
O *Círculo de Bellas Artes* (Alcalá 42) acolle, até o 22 de maio, esta magnífica retrospectiva que aborda o traballo creativo nos diversos ámbitos artísticos (pintura, escultura, arquitectura, cinema, fotografía, literatura, teatro e deseño) 1916 e 1936, pretendendo provocar a reflexión sobre o ritmo que marcaron os feitos culturais e acontecementos históricos no devir da Galiza.

■ **MÚSICA**

LAMATUMBÁ
A banda ourensana presenta o seu novo disco *Lume (para que saia o sol)*, o vindeiro xoves 28 na sala *Gruta 77*.

Porto

■ **MÚSICA**

AQUIJAZZ BRAZILIAN COMBO
Jazz vocal na ESMAE no teatro *Helena Sá e Costa* este xoves 21 ás 22 h. (hora portuguesa).

A NAIFA
Cancões subterrâneas, este venres 22 ás 21,30 (portuguesa) no auditorio da *Biblioteca Almeida Garrett*. "Desinstalemo-nos, senhores, antes que seja tarde, para podermos tirar, sem mais demoras, plenamente partido da maravilhosa música portuguesa; portuguesissimamente anti-portuguesa e anti-tudo menos anti-música" segundo define Miguel Esteves Cardoso.

DE PHAZZ
Os De Phazz (ou sexa DEstination PHuture jAZZ) xurxen con *Natural Fake*, un capricho ao alcance de todos, repleto de cancións sólidas e cheas de ritmo. No Grande Auditorio do *Rivoli Teatro Municipal* este domingo 24 ás 21,30 h. (portuguesa).

Lisboa

■ **EXPOSICIÓNS**

GULBELKIAN
A galería de Exposições Temporárias do edificio da sede da Fundação Calouste Gulbelkian acolle **7.000 anos de Arte Persa. Obras primas do Museu Nacional do Irán,** até o 5 de xuño; a mostra fotográfica de **Eduardo Nery,** titulada *Metamorfoses*, até o 20 de xuño. No CJAMP está *Desenho e Pintura 1984-2004*, de **Manuel Botelho,** até o 8 de maio; *Fragment d'espace*, de **Mark Lammert,** até o 8 de maio; os deseños de **Ana Hatherly** até o 20 de xuño; e as gravuras de **Mully Possoz** até o 13 de xuño. De 10 a 18 h, fecha as segundas feiras, é dicir os luns.♦

Anuncios de balde

■ **Véndese dúplex de 90 m. en Bertamiráns** (perto de Santiago) con 3 cuartos, cociña amoblada, sala, 2 baños, xardín e piscina. Exterior. Menos de 80.000 euros. Telf. 605 548 848.

■ **Mozo de 34 anos, en Vigo, ofrécese para traballar** como conserxe de comunidade, na construción como peón, ou para traballar como peón en serraría. Preguntar por Alberto no 616 870 908.

■ **Técnico con experiencia en produción gandeira e leiteira busca emprego** en explotacións agropecuarias en toda Galiza. Teléfono de contacto 686 513 125.

■ **A actualidade do deporte da billarda na Galiza** e no mundo está no Varal Dixital: www.ovaral.blogspot.com. Achégate á LNB e coñece os outros galácticos e galácticas, ponte en contacto con nós se queres que organicemos un torneo onde ti vives: ovaral@hotmail.com.

■ **Vendo piso en Vigo, na urbanización *As Palmeiras,*** con 100 m² de garaxe e trasteiro por 34.000.000 pta. Interesados chamar ao 639 134 041.

■ Xa tes un **novo medio de comunicación ao teu alcance na rede galega:** www.xente.mundo-r.com/arroutada. Entra e entérate do que pasa en Galiza. Contacta con nós en arroutadainforma@mundo-r.com.

■ **Alúgase apartamento en Viveiro** (en xullo e agosto) con dous cuartos, baño, salón, cociña, ampla terraza, luminoso. A 50 m. da praia, do paseo marítimo e do parque. Telf. 982 562 498 polas noites

■ **Solicítase perruqueira na Coruña** para atender perruquería. Chamar ao 981 122 112.

■ **Véndese apartamento no antigo Gran Hotel de Mondadiz.** Telf. 986 211 287.

■ **Véndese piso de 120 m² en Viveiro.** Tres cuartos, dous baños, salón, cociña, terraza, luminoso. A 50 m. da praia, do paseo marítimo e do parque. Telf. 982 562 498 polas noites.

■ **En Lira-Carnota alúgase apartamento ao carón da praia,** con terraza e vistas ao mar, completamente equipado para 4 persoas. Semana Santa 300 euros, 1ª quincena de xullo 420 e a 2ª, 500. Dispoñíbel todo o verán. Interesados chamar ao 981 761 114 ou ao 666 843 997.

■ **Véndense traballos de artesanía en pedra do país:** fontes, pías, pináculos, cruceiros, etc... Chamar ao telf. 686 482 967.

■ **Clases de Ikebana (arte floral xaponés) en Santiago ou na Coruña,** para descubrir unha forma distinta de valorar as flores e a natureza. Telf. 654 834 280.

■ **Mozo de 34 anos ofrécese para traballar en Vigo como conserxe, peón para a construción** ou para empresas de limpeza. Preguntar por Alberto no telf. 616 870 908.

■ **Alugo piso na Coruña de 100 m²,** todos os cuartos con vistas ao mar, totalmente equipado e reformado, por 500 euros ao mes. Perguntar por Xulia no 660 278 534 ou, ás noites, no 981 606 273.

■ Ofrécese, gratuitamente, **Instalación** ou **Montaxe** para sá de arte, colexio, museo, etc. Elementos estruturados en ángulo recto. Materia-soporte de madeira tratada con xeso. Aplicación de cores polo procedimento de *action painting*. Técnica mixta con aglutinación de pó de mármore. A instalación conforma un recinto con pequeno corredor de aceso. Para os nenos: as táboas permiten ver, desde dentro, o que hai fóra. Telf. 986 482 540 (Xesús).

■ **Música clásica para vodas.** Chamar ao 650 829 491 ou ao 981 507 925.

■ Alúgase **casa para fins de semana ou vacacións en Nogueira de Ramuín,** na Ribeira Sacra. Totalmente equipada e con garaxe. Telf. 986 376 022 ou 661 642 070.

■ **Alugo cuarto a moza en Santiago.** Zona Avda. de Lugo - Fontiñas. Piso novo con dereito a cociña e televisión. Tel. 652 885 048.

■ Véndense **escudos da Galiza de Castelao feitos en madeira** de cedro e cocobolo. Ecomómicos.Tlfs:699 103 510-687 315 234

■ Ofrécese **rapaza responsábel para coidar crianzas por horas en Vigo.** Tlf: 687 315 234.

■ **Psicólogo galego-arxentino atende consultas de emigrantes.** Crise na reintegración, na familia, na escola. Primeira consulta de balde. Psicoterapia breve. Organización de grupos de reflexión en cidades galegas. Pedir cita no tel. 981 134 144.

■ **Coidanse nenos e anciáns e faise limpeza de fogar** en Vigo a calquer hora. Chamar ao 655 976 180 ou ao 986 403 492.

■ **Busco unha muller solteira e sen compromiso,** preferibelmente entre 25 e 35 anos, que sexa honesta, sensíbel e teña uns ideais progresista e galeguistas, para amizade e compatir momentos, aficións e o que xurda. O meu correo electrónico é galizanacion1965@yahoo.es

■ **Alúgase cuarto en Vigo,** na Travesía de Vigo. Telf. 670 528 678 / 986 250 144.

■ **Mudanzas e traslados con eficacia** e seriedade en Vigo. J.J. Herbón, telf. 647 047 790.

■ **Véndese *Subaru*** traído dos Estados Unidos, con catro cilindros e motor de 1.8 por 3000 euros. Preguntar

O grupo ourensán Lamatumbá toca en Madrid o vindeiro xoves 28.

A Rede

BANDEIRAS GALEGAS
www.bandeirasgalegas.tk

Páxina electrónica que difunde e investiga as bandeiras históricas do noso país, desde a baixo medieval da dinastía sueva até a actual, pasando pola alto medieval do Reino de Galiza. A páxina non só ofrece información, senón que tamén vende estes estandartes. ♦

TONO CARBAJO
Mostra a súa obra máis recente na galería *Vgo* até o 5 de maio.

SILVERIO RIVAS
O *C.C. Caixanova* acolle até o 8 de maio unha mostra deste artista.

MASIÁ
Até o 8 de maio, na sala II do *C.S Caixanova* podemos ollar esta retrospectiva; até o 1 de maio a sala III acolle a obra de **Eiravella**.

IMAXES DESDE OS FAROS
Mostra que podemos visitar no *Museo do Mar de Galicia* até o mércores 27, de 11 a 23 h.

Non vos riades que o conto é triste

Existirá vida despois de comer marisco étnico? Publicidade dun restaurante no Berbés, Vigo.

A NOSA TERRA
Nº 1.172
Do 21 ao 27 de abril de 2005
Ano XXVIII.
IV Xeira.

VOLVER AÓ REIS

Díxoo un xornalista británico entrevistado na SER: "Aquí parece normal, pero no resto do mundo e, en concreto, no Reino Unido, non se ve normal que haxa partidos ilegalizados". Non o lembrou o xornalista, mais tamén hai periódicos prohibidos. *Egin* leva sete anos pechado e aínda non se coñece a sentenza. Agora a Seguridade Social acordou traspasarlle as súas debedas ao novo xornal *Gara*. (Non se traspasa, porén, a debeda publicitaria que o Estado tiña contraída co *Egin*). Poden pechar *Gara* en calquera momento. Non é un aval democrático para ZP.♦

DIRECTOR: Afonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Xosé Fernández Puga.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

Xabier de Vicente Remesal

'Os detectives privados tamén se forman na universidade'

H. VIXANDE

Como xurista, co dirixe a titulación de Ciencias Policiais e Detective Privado que, a partir do ano vindeiro, vai ofrecer a Universidade de Vigo. É Xabier de Vicente Remesal, quen considera que o programa é moi completo.

Haberá que ir a clase con gabardina?

Penso que non, aínda que ao mellor alguén hai quen vaia con ela, e con paipa, como Sherlock.

Polo que sei, un detective serve para descubrir adúlteros, para algo máis?

Contan cunhas competencias taxadas legalmente. Non poden investigar delitos perseguíbeis de oficio, pero cada vez teñen máis competencias, sobre todo no mundo da empresa, no tocante á propiedade intelectual, na investigación no ámbito privado... Ademais, son colaboradores da policía.

Ao mellor a algún gústalle máis espiar cóncluves de cardenais, por exemplo.

É un pouco difícil.

E os detectives que formen, que serán, máis parecidos a Pepe Carvalho ou a Sherlock Holmes?

Ah, iso a min dáme igual! En realidade o plano de estudos está pechado. Contan con formación xurídica, técnica experimental e científica. É necesario que teñan preparación sólida en aspectos como psicoloxía, socioloxía, dereito, pero tamén nos campos técnicos, por iso cando presentamos a titulación fomos ao Cacti, un centro de investigación no campus onde hai aparellos para realizar análises. Iso proporciona coñecementos en probas analíticas e outras cuestións relativas á policía científica.

PACO VILABARROS

Que relación hai entre un detective privado e a policía?

Asinamos un convenio coa Consellaría de Xustiza para colaborar coa Escola de Formación Xurídica e Seguridade Pública, o que antes era a Academia Galega de Seguridade. Este convenio, que inclúe impartir algunhas materias, abrirá aos titulados a posibilidade de traballar en Galiza, na policía local e autonómica.

E que fai unha universidade pública formando detectives privados?

Non somos os primeiros. Desde hai tempo o título de detective privado tamén está en Alacant, Salamanca, Barcelona... A novidade é que se xuntan as Ciencias Policiais con Detective Privado.

Explíqueme iso de que un xurista forme detectives.

Se botamos unha ollada ao plano de estudos vemos que hai materias fundamentais como o dereito penal e as ciencias penais, a criminoloxía, a criminalística, a delincuencia e as novas tecnoloxías... A formación xurídica é básica para que os titulados coñezan os dereitos das persoas que investigan, por exemplo. De todos xeitos, tamén é moi relevante a cuestión da investigación técnica.

E que aprendan a seguir á xente sen chamar a atención.

Para iso tamén haberá especialistas mediante contribucións concretas.

Vostede a quen prefire, a Horatio Caine ou a Gill Grissom?

Tanto me da!

Entre un xornalista e un detective, que elixe? Dígoo porque son da mesma ralea.

Non cualificaría de ralea a un xornalista.

E a un detective si?

Tampouco, e non vexo desprestixio á titulación, desde que a anunciamos non paran de chamar para interesarse, hai moita expectación.

Haberá prácticas?

Das 1.845 horas da titulación, a metade serán prácticas e o resto teoría. Serán prácticas de laboratorio e en colaboración coa Escola de Formación Xurídica. Tamén temos materias como imaxe e son.

Entón, pódese contratar un detective en prácticas. É máis barato.

Penso que é preferíbel que sexa titulado.

En todo caso, parece que tres mil euros de matrícula anual é moito diñeiro.

A min paréceme barato. Son seiscentas horas por ano e unha oferta de calidade. Os títulos propios como este non son iguais que os da docencia regrada. É unha titulación recoñecida polo Ministerio do Interior que habilita para o exercicio profesional. Pasa como nos master.

Cantos alumnos terá?

Sesenta de máximo para ter mellor calidade docente. Obterán o título de Graduado Universitario en Ciencias Policiais e Detective Privado. As clases serán principalmente na Escola Superior de Enxeñeiros Industriais, onde hai máis laboratorios para isto.♦

MEMORIA DE FERRO

Antón Patiño Regueira

Relatos dun home que quere salvar a memoria e non esquecer a liberdade. Para devolvela con flores. E se puidera ser, daquelas que había no xardín dos Boedo. Na casa leda do pai e a nai de Pucho Boedo. Roseiras, xeranios vermellos, alhelís brancos, begonias e margaridas sempre na conta dos que defenderon a liberdade coa cultura e o ferro.

A NOSA TERRA

XMB

MANUEL CIDRÁS

Ler nas vísceras é mancia vella que renovan cientificos como internistas e politólogos. Como non quero emular os vaticanistas, que nunca acertaron un conclave e descartaron o favorito Ratzinger tras a homilía da véspera do seu suceso, nin imitar os sovietólogos, que mudaron de oficio sen se decatar do cambio, hai tempo que perdín interese en comprender as claves do que pasa nas entrañas do BNG. Así que, ainda que me faga unha idea, renuncio a interpretar as interioridades da renuncia de XMB, que culmina con decisión propia un proceso de afastamento claramente imposto. A entrevista concedida este domingo polo interesado dá luces sobre o tema, pero el mesmo recoñece a súa ignorancia sobre claves fundamentais do proceso. Non serei eu quen as aclare porque a miña é moito maior.

O que me preocupa é a confesión de vulnerabilidade fronte ás reaccións á súa decisión que fai XMB. Preocúpame porque todos sabemos como van estas cousas e porque o ruxe ruxe deslexitimador que viña de lonxe foise facendo máis expreso nas últimas semanas e, agora mesmo, entre proclamas formais de respecto á decisión, só a proximidade das eleccións semella conter a artillaría da pública descualificación.

Non pretendo predicar o respecto alén do formal para XMB, por non perder o sermón e porque XMB merece moito máis que respeto á súa memoria. Nin é unha páxina a pasar sen perder un minuto nela, nin un atrasado polo que haxa que agardar. Os que, entre liñas ou en baixa voz, reciben mensaxes de censura dende a dogmática da fidelidade deberían arredarse do discurso da fe (a "fides") e os seus gardiáns porque na vida civil as decisións non as inspira o Espírito Santo.

Non inspirou, dende logo, a de relegar a XMB co pretexto dunha renovación que ninguén como el representa (non é desa tutela que o BNG se ten que liberar). Sen querer facer paralelismos, nos tempos escuros o galeguismo do interior xa invocou o tótem da renovación e o realismo para afastar a incómoda influencia que dende o exilio representaba Castelao aínda vivo, con resultados abondo estériles. De novo na encrucillada, XMB non se merece o exilio interior dos "autoexcluídos" por quedar na páxina de atrás. Non digo xa a ignominia.♦